

MANUAL DO CAZADOR EN GALICIA



XUNTA DE GALICIA

MANUAL DO CAZADOR

**Guía de contidos para a realización das probas de aptitude
para obter por primeira vez a licenza de caza en Galicia**

(Segundo se establece na Orde do 1 de xuño de 2007, pola que se regula
o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia)



Manual do Cazador en Galicia

© 2019

Editado por:

Xunta de Galicia

Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

Depósito legal:

VG 612-2019

Maquetación e Impresión:

SCP, S.L.

Portada e texto:

Darío Andrade Expósito

Ilustracións:

© Juan M. Varela

© Juan Varela Simó

Tódolos dereitos reservados. Ningunha parte, texto ou ilustración, pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por ningún medio electrónico, mecánico, químico, fotocopia ou de calquera outro tipo, sen a autorización escrita da Xunta de Galicia.





Prólogo	<i>p. 7</i>
Seccións:	<i>p. 9</i>
Sección 1	
Lexislación cinexética e normativa ambiental	<i>p. 9</i>
• Lexislación cinexética	
• Lexislación que pode afectar a práctica cinexética	
Sección 2	<i>p. 13</i>
Exercicio da caza e requisitos administrativos do cazador en Galicia	
• Licenza de caza	
• Seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador	
Sección 3	<i>p. 19</i>
Terreos cinexéticos, terreos non cinexéticos, cercados, zonas de seguridade e períodos hábiles de caza	
• Terreos cinexéticos	
• Terreos non cinexéticos	
• Cercados	
• Zonas de seguridade	
• Períodos hábiles de caza	
Sección 4	<i>p. 37</i>
Sinalización cinexética	
• Sinalización de primeira orde	
• Sinalización de segunda orde	
Sección 5	<i>p. 43</i>
Modalidades e artes de caza	
• Modalidades de caza maior	
• Modalidades de caza menor	
• Modalidades autorizadas para caza maior e menor indistintamente	
Sección 6	<i>p. 49</i>
Fauna cinexética	
• Especies de caza menor	
• Especies de caza maior	
Sección 7	<i>p. 121</i>
Danos ocasionados pola fauna cinexética	

Sección 8	<i>p. 125</i>
Xestión cinexética	
• Papel do cazador na xestión cinexética	
Sección 9	<i>p. 131</i>
Ética e comportamento do cazador	
Sección 10	<i>p. 135</i>
Normas de seguridade no exercicio da caza	
• Normas básicas xerais de seguridade na caza	
• Normas de seguridade en batidas e montarías	
• Normas de seguridade nas modalidades de caza menor	
• Colocación dunha armada de caza	
• Normativa vixente	
• Lesións do cazador e primeiros auxilios	
Sección 11	<i>p. 151</i>
Limitacións, prohibicións, delitos e infraccións en materia cinexética	
• Limitacións en beneficio da caza	
• Prohibicións en relación coas armas, municións e dispositivos auxiliares	
• Delitos, faltas e infraccións administrativas	
• Comisos de armas, artes e pezas de caza	
• O Rexistro Galego de Infractores de Caza	
• A policía da caza: o coidado e vixilancia da caza	
Sección 12	<i>p. 169</i>
Transporte, comercialización e consumo das pezas de caza	
Sección 13	<i>p. 173</i>
Propiedade das pezas de caza	
Sección 14	<i>p. 175</i>
Armas e cans de caza	
Sección 15	<i>p. 187</i>
Outros aspectos de interese	
• Autorizacións especiais	
• Procedemento administrativo sancionador	
Sección 16	<i>p. 193</i>
Glosario	



A caza practicada polo cazador galego, de ser unha actividade de extracción ou explotación dunha parcela dos recursos naturais existentes, derivou progresivamente cara a unha actividade realizada baixo criterios de conservación e sustentabilidade, e, a día de hoxe, considérase indisoluble o binomio “caza e conservación”.

O conxunto de normas establecidas para acadar a conservación e uso sustentable da biodiversidade consideran a “formación” como unha acción necesaria para lograr os ditos obxectivos. A Lei 13/2013, do 23 de decembro de caza de Galicia, establece a necesidade de superar unhas probas para obter por primeira vez a licenza de caza, nas que se acrediten a aptitude e os coñecementos precisos.

O cazador actual debe responder ao perfil dunha persoa que teña como lema cazar con ética, con prudencia e con deportividade, e é, polo tanto, necesario que aquelas persoas que comecen a súa andadura venatoria demostren a posesión duns coñecementos básicos en canto a especies e normativa vixente.

As probas necesarias para acadar o certificado que permite obter a primeira licenza de caza recóllense na Orde do 1 de xuño de 2007, na que se regula o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia. O dito exame consiste en superar dous exercicios, un teórico e outro práctico.

• Exercicio teórico

A proba teórica consiste en contestar un cuestionario tipo test de 60 preguntas, con tres respostas alternativas posibles, das cales soamente unha é correcta. A duración da proba é dunha hora e trinta minutos.

Para superar o exame é necesario acertar un mínimo de 30 preguntas, tendo en conta que os fallos cometidos non descontarán ningunha resposta correcta.

• Exercicio práctico

A proba práctica consiste no recoñecemento de especies da fauna galega, tanto cinexéticas como protexidas, que teñan relación coa caza.

Sobre 20 especies diferentes, que poderán presentarse mediante imaxes gravadas, exemplares naturalizados, fotografías ou láminas impresas, deben identificarse, nunha listaxe de 30 nomes, polo menos 10 para aprobar, tendo en conta que os fallos cometidos non descontarán ningunha resposta correcta. A duración da proba é dunha hora.

Para preparar estas probas, faise necesario que os aspirantes a cazadores conten cunha publicación na que se recolla a información básica e necesaria para a súa superación. En cada unha das 15 seccións tratadas nesta publicación abórdase o temario oficial, e inclúese ademais un pequeno glosario ou dicionario, coa finalidade de aclarar as posibles dúbidas sobre o significado dalgúns termos relacionados coa caza.



Lexislación cinexética e normativa ambiental

Toda aquela persoa que pretende desenvolver unha actividade debería coñecer as normas que a regulan, de xeito que a súa actuación se realice dentro do marco legal establecido. O cazador, ao practicar unha actividade realizada no medio natural e relacionada con este, debe ser consciente dos seus deberes e responsabilidades.

A filosofía que impregna as actuais leis comunitarias sobre regulación ambiental e cinexética ten a súa orixe na Directiva de aves (74/409) e na Directiva de hábitats (92/43), onde a caza se entende como un sistema de explotación de especies rexida por firmes principios de respecto cara a estas.

Os principios básicos da Directiva de aves están presentes nas leis ambientais que foron incorporadas ao dereito interno estatal, representadas fundamentalmente pola Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres e pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade (esta última derroga e substitúe a primeira).

As competencias legais en materia de caza están transferidas dende o Estado ás comunidades autónomas; así, na Comunidade Autónoma galega, a lexislación que o cazador galego debe considerar, por afectar dunha maneira máis ou menos directa á práctica cinexética, podémola clasificar en:

1.01 Lexislación cinexética

1. Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia

Ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

2. Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o regulamento de caza de Galicia

Co mesmo obxecto que Lei de caza de Galicia afonda no seu desenvolvemento.

3. Orde do 23 de xullo de 2002 pola que se regula a sinalización nos terreos cinexéticos

Establece as condicións que deben considerarse para a sinalización dos terreos cinexéticos suxeitos a réxime cinexético especial.

4. Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se regula o exame do cazador na Comunidade Autónoma de Galicia

Regula o procedemento, o temario, a convocatoria, os exames, a súa corrección e cualificación, así como a puntuación necesaria para superalos e acadar o certificado que permite obter a primeira licenza de caza.

5. Resolución anual que publica a dirección xeral de Patrimonio Natural

Determina as épocas hábiles de caza, as especies sobre as que se permite o exercicio da caza, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais e particulares que afectarán ó exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a temporada na que está en vigor a resolución.

1.02 Lexislación que pode afectar a práctica cinexética

1. Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

No referente á práctica cinexética, establece á regulación das condicións para a tenza en catividade de especies cinexéticas, así como para a tenza e identificación dos animais que poderían ser empregados na práctica cinexética.

2. Decreto 153/1998, polo que se aprobou o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade

Vixente no que non se opoña á Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en tanto en canto non se aprobe a súa normativa de desenvolvemento.

3. Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, modificada polo punto 35 da disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

Regula o que atinxe as condicións de acceso, circulación e permanencia nos terreos cinexéticos durante a época de perigo alto de incendios forestais e as limitacións en canto ao aproveitamento e repoboación cinexética en terreos queimados.

CUESTIONARIO

- ***Os períodos hábiles de caza para cada temporada establécense:***
 - No regulamento de caza.
 - Nunha resolución anual da dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - Ningunha das anteriores.
- ***Cal é a Lei de caza de Galicia?***
 - 4/1997, de 24 de xullo.
 - 13/2013, de 23 de decembro.
 - 7/1992, de 24 de xullo.
- ***Cal é o Decreto que aprobou o regulamento da Lei de caza de Galicia?***
 - 284/2001, de 11 de outubro.
 - 283/2001, de 11 de outubro.
 - 197/2000, de 15 de decembro.
- ***Para a posesión dun furón con fins cinexéticos, debe atenderse ao disposto:***
 - Na Lei 3/2007.
 - Na orde do 23 de xullo de 2002.
 - Na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.
- ***A que órgano lle corresponde a aprobación da resolución anual de vedas?***
 - Ao Comité Galego de caza.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - A consellería de Medio Ambiente e D.S.



Exercicio da caza e requisitos administrativos do cazador en Galicia

Na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, defínese a acción de cazar como “a exercida, cos instrumentos e medios permitidos, para buscar, atraer, perseguir, acosar ou agardar a chegada das pezas de caza e cuxa finalidade sexa capturalas ou abatelas, ou facilitar a súa captura por un terceiro”.

O dereito a cazar correspóndelle a toda persoa maior de dezaseis anos que, logo de acreditar a aptitude e os coñecementos precisos (exame do cazador), estea en posesión da pertinente licenza de caza e cumpra os demais requisitos esixidos polas leis e as disposicións aplicables.

Durante o exercicio desta actividade, o cazador debe levar consigo a seguinte documentación:

- Licenza de caza en vigor.
- Contrato de seguro de responsabilidade civil do cazador en vigor.
- Documento oficial de identificación.
- No caso de utilizar armas, posuír o correspondente permiso, así como a guía de pertenza, de conformidade coa normativa que regula esta materia.
- Cando a caza se practica nun terreo cinexético especial, deberá levarse unha autorización ou permiso expedido polo titular do aproveitamento deste.
- Calquera outro permiso ou autorización que, por razón do lugar, dos métodos ou das especies, esixise a lei ou a normativa aplicable.

2.01 Licenza de caza en Galicia

A licenza de caza é un documento persoal e intransferible, expedido pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a quen, se non está inhabilitado para obtela, acredite a aptitude e os coñecementos precisos e reúna os requisitos legais necesarios.

A licenza de caza en Galicia pode ter unha validez dun ano ou dun mes e pódese obter a partir dos dezaseis anos, pero precísase, no caso dun menor de idade non emancipado, autorización escrita por parte do representante legal.

Na Comunidade Autónoma de Galicia diferéncianse os seguintes tipos de licenzas de caza:

- Licenzas de clase A, que autorizan para o exercicio da caza con armas de fogo.
- Licenzas de clase B, que autorizan para o exercicio da caza con outros medios ou procedementos permitidos, como caza con cans, caza con aves de cetrería e caza con arco.

- Licenzas de clase C, que autorizan a posesión ou utilización de medios ou procedementos especiais, como, por exemplo, posesión de mandas de cans ou utilización de furóns con fins cinexéticos.
- Licenza única interautonómica en materia de caza, que ten validez en todas as comunidades autónomas signatarias do convenio de colaboración e para todas as modalidades de caza, tanto con armas como sen elas.

Ademais da licenza de caza correspondente, para utilizar armas ou outros medios auxiliares, é necesario contar con permisos complementarios de utilización e/ou posesión (armas de fogo, arcos, cans, aves de cetraría, furóns...).

Cautelamente, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pode suspender a licenza ao incoarse un expediente sancionador por algunhas faltas graves ou moi graves.

2.02 Seguro obrigatorio de responsabilidade civil do cazador

A Lei de caza de Galicia establece como requisito para poder practicar a caza ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do cazador.

Na actualidade, esta materia está regulada polo Regulamento do seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria (R.d. 63/1994, do 21 de xaneiro).

Os danos que cobre este seguro obrigatorio do cazador son de tres tipos:

- Os producidos por un disparo involuntario da arma durante o exercicio da caza.
- Os producidos en tempo de descanso, dentro do terreo de caza, cando se está practicando esta.
- Os producidos por defectos, roturas ou fallos das armas, dos seus mecanismos ou das municións.

Este seguro non cobre os danos producidos voluntariamente polo cazador ou derivados da súa imprudencia ou temeridade.

CUESTIONARIO

- ***Unha persoa de idade menor de dezaseis anos, pode practicar a caza?***
 - Non.
 - Sí, sempre acompañado dalgún cazador maior de idade.
 - Sí, sempre acompañado dalgún cazador maior de idade, para poder cazar con armas.

- ***Si para realizar un estudo, me conceden autorización para a captura de verderolos con visgo, que licenza de caza necesito?***
 - B
 - B y C
 - Ningunha.

- ***Para cazar con ave de cetraría, que licenza necesito?***
 - B
 - A y B
 - B y C

- ***Para cazar con arco, que licenza necesito?***
 - A
 - B
 - B y C

- ***Para cazar con furón, que licenza necesito?***
 - A
 - C
 - As dúas son certas.

- ***Para cazar cunha manda de cans, que licenza necesito?***
 - A
 - B
 - C

- ***Cal destas condicións non é necesaria para ter dereito a cazar?***
 - Ter mais de 16 anos.
 - Estar en posesión da pertinente licencia de caza.
 - Ter permiso de armas e guía da escopeta.

- ***A partir de que idade se pode exercer o dereito a cazar?***
 - 18 anos.
 - 16 anos.
 - 18 anos, sempre que se vaia acompañado dun cazador maior de idade.

- ***A partir de que idade se pode cazar con arco?***
 - 18 anos.
 - 16 anos.
 - 16 anos, sempre que se vaia acompañado dun cazador maior de idade.
- ***Un membro dunha asociación de cazadores que é titular dun Tecor para poder practicar a caza, entre outros requisitos, precisa:***
 - Debe ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do cazador.
 - Debe cumprir os requisitos xerais que establece a Lei de caza de Galicia, excepto a contratación dun seguro de responsabilidade civil do cazador, dado que a asociación á que pertence ten a obriga de ter contratado dito seguro.
 - Unicamente debe ser titular dunha licenza de caza en vigor.
- ***Un cazador menor de idade, para practicar a caza:***
 - Debe ir acompañado dalgún cazador maior de idade.
 - Non pode cazar.
 - Debe ir acompañado dalgún cazador maior de idade, para poder cazar con armas.
- ***Das seguintes persoas que participan nunha montaría, cal delas dirías que non está cazando?***
 - Os cazadores en postos.
 - Os encargados dos cans.
 - Ningún.
- ***Está permitida a posesión de aves de cetraría?***
 - Sí, esixíndose unha autorización especial en todo caso.
 - Está terminantemente prohibida.
 - Sí, non sendo necesaria ningún tipo de autorización.
- ***Cal dos seguintes cazadores ten obriga de posuír a licenza de caza?***
 - Os galgueros.
 - Os batedores.
 - Os encargados dos cans.
- ***A partir de que idade se pode cazar con arma de fogo?***
 - Dezaioito anos.
 - Dezaseis anos, non sendo preciso ir acompañado dun cazador maior de idade.
 - Dezaseis anos, sempre que se vaia acompañado dun cazador maior de idade.

- Cal dos seguintes requisitos non é necesario para poder practicar a caza?

- Ser titular dunha licenza de caza.
- Ter concertado un contrato de seguro de vida.
- Estar en posesión dun documento oficial de identificación.

- En que casos é preciso que un menor de idade que queira cazar vaia acompañado dun cazador maior de idade?

- En calquera caso.
- Cando vaia cazar con calquera tipo de arma.
- Os menores de idade non poden cazar.

- A quen lle corresponde a expedición dos permisos para poder exercer a caza nun Tecor?

- Á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Ao propietario dos terreos.
- Ao titular do aproveitamento cinexético.

- Cautelarmente, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá suspender unha licenza de caza ao incoarse un expediente sancionador por falta:

- Leve, grave ou moi grave.
- Grave ou moi grave.
- Moi grave.



Terreos cinexéticos, terreos non cinexéticos, cercados, zonas de seguridade e períodos hábiles de caza

3.01 Terreos cinexéticos

A Lei 13/2013 de caza de Galicia realiza unha clasificación dos terreos cinexéticos, e fai referencia ás súas principais características e ás condicións necesarias para a súa aprobación.

Os terreos cinexéticos clasifícanse en:

- Terreos sometidos a réxime cinexético común, dentro dos que se diferencian:
 - Zonas libres.
 - Zonas de exclusión.

ZONAS LIBRES

Son aqueles terreos sometidos a réxime común que presenten unha superficie igual ou superior a 500 hectáreas continuas, nos cales está permitido o exercicio da caza sen máis limitacións que as establecidas na lei e demais normativa que resulte aplicable. A xestión cinexética destes terreos corresponde á Xunta de Galicia.

ZONAS DE EXCLUSIÓN

Son aqueles terreos sometidos a réxime común que presenten unha superficie inferior a 500 hectáreas, nos cales o exercicio da caza está prohibido, sen prexuízo de que por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais a persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza acorde a súa autorización para especies determinadas.

- Terreos sometidos a réxime cinexético especial, dentro dos que se diferencian:
 - Terreos cinexéticos ordenados (tecores).
 - Reservas de caza.
 - Terreos cinexético-deportivos.
 - Explotacións cinexéticas comerciais.

TERREOS CINEXETICOS ORDENADOS (TECOR)

Son declarados pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, neles as poboacións cinexéticas deben estar protexidas e fomentadas e aproveitaranse estas de forma ordenada. As condicións xerais que se deben de ter en conta para a súa declaración son:

- Superficie mínima e continua de 2.000 hectáreas.

- Acreditación da titularidade cinexética do 75% da superficie sobre a que se pretende a declaración (Tecor societarios e locais).
- O período de cesión de dereitos cinexéticos será, como mínimo, de 10 anos e, como máximo, de 25 anos. Ao cabo do período de cesión dos dereitos cinexéticos, se non se presentase reclamación para recuperar a titularidade sobre eles, entenderanse prorrogados de forma indefinida.
- Debe manterse vedada para o exercicio da caza un mínimo do 10% da superficie do Tecor, no caso de non manter unha superficie única, cada unha das zonas debe posuír unha superficie mínima e continua de 50 hectáreas.
- Para realizar o exercicio da caza nestas zonas, debe contarse co permiso correspondente, expedido polo titular do aproveitamento.
- O aproveitamento cinexético, así como as medidas de protección, conservación e fomento da riqueza cinexética, regúlanse mediante os plans de ordenación e aproveitamento cinexético, que deben ser aprobados pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Na actualidade, esta figura ocupa a maior parte da superficie cinexética de Galicia. A xestión cinexética destes espazos correspóndelle ao seu titular cinexético, polo que, atendendo á súa titularidade, os Tecor se clasifican en:

- *TECOR DE CARÁCTER AUTONÓMICO*

A súa titularidade correspóndelle á Administración Autónoma e poden ser declarados en terreos cuxa titularidade cinexética lle corresponde á Comunidade Autónoma galega ou ben sobre terreos de réxime cinexético común.

A xestión cinexética destes Tecor pode realizala directamente á Administración autónoma ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores ás que se lles adxudique a dita xestión.

- *TECOR DE CARÁCTER LOCAL*

A súa titularidade correspóndelle á concellos ou entidades locais menor.

Dous ou máis municipios poderán agruparse e solicitar mancomunadamente a declaración ao seu favor dun tecor de carácter local.

A xestión cinexética dos tecores de carácter local poderá ser realizada directamente polo concello ou ben mediante unha sociedade ou asociación de cazadores e cazadoras legalmente constituída á cal se lle ceda ou adxudique o dito aproveitamento de acordo coa lexislación de réxime local e por un prazo non superior ao indicado na resolución de declaración do Tecor.

- *TECOR DE CARÁCTER SOCIETARIO*

Figura que ocupa a maior parte da superficie cinexética de Galicia. Correspóndelle a xestión destes espazos á sociedade ou asociación de cazadores que posúe a súa titularidade cinexética.

- TECOR DE CARÁCTER INDIVIDUAL

A súa titularidade correspóndelle a persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de dereitos cinexéticos dunha superficie continua mínima de 2.000 hectáreas e que acrediten documentalmente a titularidade e cesión de dereitos cinexéticos sobre a totalidade do terreo, especificando que se ceden para un tecor de carácter individual.

RESERVAS DE CAZA

Decláranse mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de caza. Na Comunidade Autónoma de Galicia existe unha única reserva de caza (Ancares), constituída ao abeiro da Lei 37/1966, do 31 de maio, sobre creación de reservas nacionais de caza, con anterioridade á entrada en vigor da Lei 4/1997 e polo tanto tamén anterior a Lei 13/2013. A xestión destes espazos correspóndelle á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

TERREOS CINEXÉTICOS DEPORTIVOS

Espazos nos que a caza se practica de acordo coa lexislación específica que regula as prácticas deportivas.

Poderán solicitar a declaración deste tipo de terreos a federación de caza, as sociedades, e as asociacións constituídas ao amparo da lexislación do deporte, sempre que acrediten a titularidade cinexética do 100% dos terreos.

Os terreos cinexéticos deportivos terán unha superficie continua entre 50 e 250 hectáreas, neles a caza unicamente se poderá practicar con carácter deportivo, sen ningún ánimo de lucro e en ningún caso a actividade ou os seus resultados poderán ser obxecto de venda ou comercialización.

EXPLOTACIÓNS CINEXÉTICAS COMERCIAIS

Terán a consideración de explotacións cinexéticas comerciais aquelas que sexan constituídas por suxeitos ou por sociedades mercantís para a explotación comercial da actividade cinexética. O aproveitamento das explotacións cinexéticas comerciais rexerese, ademais de por a Lei 13/2013, de caza de Galicia, pola lexislación mercantil e civil e pola normativa de sanidade animal que lle resulte aplicable.

Para a súa declaración e preciso contar coa titularidade do 100% dos terreos. As explotacións dedicadas a caza menor contarán cunha superficie mínima de 100 hectáreas e de 500 hectáreas cando o obxecto da explotación sexa a caza maior.

CARACTERÍSTICAS:

- A xestión destas explotacións correspóndelle ao seu titular, e realízase o aproveitamento cinexético de acordo co plan de ordenación e aproveitamento cinexético aprobado pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza menor exclusivamente deberán ser sempre abertas.

- As explotacións cinexéticas comerciais que se refiran a especies de caza maior deberán ser cercadas, nestas explotacións poderán compatibilizarse o aproveitamento cinexético de caza menor e maior.
- Debe acreditarse o carácter lucrativo da explotación.
- Debe manterse un libro de rexistro actualizado no que se reflecta toda a actividade cinexética da explotación, así como información relativa ás entradas e saídas de animais, controis sanitarios e xenéticos e calquera outro dato que, por resolución da dirección xeral de Patrimonio Natural, se estableza. En relación co anteriormente exposto, na resolución pola que se aproba a constitución da explotación cinexética de carácter comercial establécense as condicións da dita aprobación, nas que cómpre destacar a obriga de presentar de maneira anual a xustificación dos ingresos percibidos e investimentos realizados.

3.02 Terreos non cinexéticos

Son terreos non cinexéticos aqueles en que por expresa declaración da lei 13/2013 ou por resolución da consellaría competente en materia de caza se estableza a prohibición de cazar.

Nos devanditos terreos, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá executar controis de poboación ou autorizar o exercicio excepcional da caza por razóns técnicas, de seguridade, científicas, sanitarias ou sociais.

Os terreos non cinexéticos clasifícanse en:

- Refuxios de fauna.
- Zonas habitadas.
- Áreas industriais.
- Outros terreos non cinexéticos.

REFUXIOS DE FAUNA

Son declarados pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por razóns de carácter biolóxico, científico ou educativo, co fin de asegurar a conservación de determinadas especies da fauna silvestre.

ZONAS HABITADAS

Considéranse zonas habitadas os núcleos de poboación urbanos e rurais, os parques urbanos e periurbanos de recreo, os aeroportos e os lugares de acampada permanente.

ÁREAS INDUSTRIAIS

Son os terreos ocupados polas industrias ou fábricas, as instalacións agropecuarias e forestais, os invernadoiros, as canteiras e calquera outro asentamento de carácter industrial mentres manteña a súa actividade. Exclúense da consideración de área industrial os parques eólicos.

OUTROS TERREOS NON CINEXÉTICOS

Son declarados pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por razón de seguridade das persoas ou dos seus bens ou de interese xeral.

3.03 Cercados

Son infraestruturas situadas en terreos sometidos a réxime cinexético especial, distinguíndose dous tipos de cercados:

- Cercados cinexéticos: son aqueles terreos cercados por muros, cercas ou valos, que impiden o tránsito de especies cinexéticas de caza maior, teñen unha superficie mínima de 500 ha e teñen a consideración de explotacións gandeiras. O seu obxectivo non é albergar exemplares para a repoboación. Son cercados de aproveitamento cando o seu fin é facilitara a actividade cinexética e son cercados de protección cando teñen por finalidade procurar amparo aos animais que se atopan no seu interior.
- Zonas de aclimatación: Son aqueles terreos cercados que están integrados dentro dun tecor ou dunha explotación cinexética comercial e que se destinan a impedir o tránsito das especies cinexéticas de caza maior e menor co obxecto de adaptalas ás condicións ecolóxicas do lugar.

3.04 Zonas de seguridade

Defínense como aquelas áreas en que deban adoptarse medidas precautorias especiais co obxecto de garantir a integridade física e a axeitada protección das persoas e dos bens.

Considéranse zonas de seguridade:

- As vías públicas, entendéndose por tales, as vías férreas, as autoestradas, as autovías, as vías para automóviles e as estradas convencionais que se encontren debidamente sinalizadas como tales, sexan de titularidade estatal, autonómica ou local, así como as súas marxes e zonas de servidume das vías públicas e das vías férreas, ampliadas nunha franxa de 50 metros de largura a ambos os lados do eixe da vía e, se estiveren pechadas, a 50 metros do peche.
- O dominio público marítimo-terrestre e o dominio público hidráulico e as súas marxes, máis unha franxa de 5 metros, en cada unha das súas marxes. Para estes efectos, exclúense os ríos, as masas de auga e as canles que presenten unha largura inferior a 3 metros de media na zona en que se desenvolve a acción de caza.
- As zonas habitadas, ampliados os propios terreos cunha franxa de 100 metros en todas as direccións. Nos núcleos de poboación tómanse como referencia as construcións máis exteriores.
- Os edificios habitables illados, xardíns e parques públicos, áreas recreativas, zonas de acampada, recintos deportivos e as áreas industriais, ampliados os propios terreos cunha franxa de 100 metros en todas as direccións.

- Calquera outro lugar que polas súas características sexa declarado como tal pola persoa titular da consellería competente en materia de caza para asegurar a protección das persoas e dos seus bens.

O exercicio da caza nas zonas de seguridade, como norma xeral, está prohibido. Cando se está practicando a caza nas proximidades dunha zona de seguridade, debe terse en conta que non se pode disparar en dirección á zona de seguridade cando exista a posibilidade de que o proxectil poida alcanzala ou que a configuración do terreo intermedio imposibilite que a zona de seguridade poida ser alcanzada.

3

3.05 Períodos hábiles de caza

A consellería competente en materia de caza, oído o Comité Galego de Caza, publica anualmente, cunha anticipación mínima de tres meses ao comezo da tempada, unha resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza na cal se determinan as épocas hábiles de caza e as medidas de control por danos, así como os réximes especiais por especies.

Os comités provinciais de caza

- Constitúense con carácter de órganos colexiados e a súa competencia circunscríbese á súa provincia. Reúnense, como mínimo, de maneira ordinaria dúas veces ao ano.
- Están compostos por:
 - Presidente: xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - Vicepresidente: xefe de Servizo de Patrimonio Natural.
 - Vogais:
 - Presidente provincial da Federación Galega de Caza.
 - Representante das consellerías competentes en materia de agricultura, turismo e deportes.
 - Representante de asociacións de cazadores designado pola Federación Galega de Caza.
 - Representante de sociedades ou asociacións de cazadores.
 - Representante de entidades naturalistas e ecoloxistas.
 - Representante de propietarios de terreos cinexéticos.
 - Representante das institucións dedicadas á investigación.
 - Dous vogais de recoñecido prestixio en materia de caza.
 - Xefe de Sección de Recursos Cinexéticos, que actuará como secretario.
- Dentro das súas competencias están:
 - Propoñer os períodos hábiles de caza que se establecerán na resolución anual de vedas.
 - Presentar propostas e informes sobre os expedientes de declaración e modificación dos terreos suxeitos a réxime cinexético especial.
 - Informar sobre as autorizacións e concesións que, en materia de caza, se outorguen no ámbito provincial respectivo.

- Propoñer períodos de veda con carácter local.
- Informar sobre a adopción de medidas de protección, fomento e aproveitamento da caza e do seu hábitat.
- Promover a realización de estudos e investigacións sobre cantas materias teñan relación coa actividade cinexética.
- Solicitalle información a calquera órgano da Administración sobre actuacións con incidencia no ámbito cinexético.
- Informar sobre os plans de ordenación e os de aproveitamento cinexético no seu ámbito territorial.
- Informar sobre calquera asunto que, en materia cinexética, someta á súa consideración a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Comité Galego de Caza

- Constitúese con carácter de órgano colexiado, mantendo funcións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia de asesoramento á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sobre temas relacionados coa actividade cinexética, reuníndose como mínimo unha vez ao ano.
- Está composto por:
 - Presidente: persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - Vicepresidente: persoa titular da subdirección xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.
 - Vogais:
 - Os presidentes dos comités provinciais de caza.
 - Os xefes dos servizos provinciais de Patrimonio Natural.
 - O presidente da Federación Galega de Caza e os presidentes provinciais.
 - Representante das asociacións de cazadores designado pola Federación Galega de Caza.
 - Representante das sociedades ou asociacións de cazadores.
 - Representante das asociacións de propietarios de terreos cinexéticos, de ámbito autonómico.
 - Representante das asociacións naturalistas e ecoloxistas, de ámbito autonómico.
 - Representante das consellerías competentes en materia de agricultura, turismo e deportes.
 - Representante de institucións dedicadas a investigación.
 - Dous vogais de recoñecido prestixio en materia de caza.
 - Xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial, que actuará como secretario.
- Dentro das súas competencias están:
 - Fixar as liñas de actuación e promover a adopción de medidas encamiñadas ao fomento, protección, conservación e ordenado aproveitamento da riqueza cinexética da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Informar sobre as propostas dos períodos hábiles de caza realizadas polos servizos provinciais de Patrimonio Natural para a elaboración da resolución anual de vedas.
- Informar sobre a declaración e modificación dos Tecor ou de calquera outro terreo de aproveitamento cinexético especial que supere o ámbito provincial.
- Informar sobre calquera tema que non sexa de competencia dos comités provinciais de caza por ter ámbito autonómico.
- Informar sobre os plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos que superen o ámbito provincial.
- Informar sobre calquera outro asunto relacionado coa caza que someta á súa consideración o órgano correspondente da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda competente por razón da materia.

Na composición dos comités, inténtase que estean representados todos aqueles sectores afectados en maior ou menor medida pola actividade cinexética.

CUESTIONARIO

- ***A persoa responsable da organización dunha batida para o xabril, pode colocar os postos nunha estrada local debidamente sinalizada como tal?***
 - Nunca.
 - Sí, sempre.
 - Sí, cando as condicións de visibilidade o permitan.
- ***Nos carreiros e camiños rurais pouco transitados, destinados ao paso a pé, ao uso agrícola ou forestal, pódese cazar?***
 - Nunca.
 - Sí, sempre.
 - Sí, cando as condicións de visibilidade o permitan.
- ***Das seguintes zonas, cal é de seguridade?***
 - Terreos a 35 metros dende o centro da vía local debidamente sinalizada como tal.
 - Terreos a 150 metros do peche dunha autoestrada.
 - Terreos dun parque eólico.
- ***Cal é o tamaño da franxa de seguridade arredor dun núcleo de poboación?***
 - 50 metros.
 - 100 metros.
 - 250 metros.
- ***Se temos unha casa no medio do monte, haberá zona de seguridade ao seu arredor?***
 - Sí, se o terreo é cinxético de aproveitamento especial.
 - Non, se o terreo é de aproveitamento cinxético común.
 - Sí, sempre.
- ***Se no meu Tecor existe un parque empresarial no medio, terá zona de seguridade?***
 - Sí, sempre.
 - Sí, se non se atopa pechado.
 - Non, se se atopa pechado.
- ***Que non se pode facer nas zonas de seguridade?***
 - Circular coas armas cargadas aínda que sen disparar.
 - Disparar en dirección ás mesmas desde fora delas.
 - Ningunha das dúas cousas.

- ***Nos carreiros e camiños rurais pódese:***
 - Cazar tendo coidado coas medidas de seguridade.
 - Non se pode circular coas armas cargadas por ser zonas de seguridade.
 - Non se pode disparar por ser unha zona de seguridade.
- ***Cal destes terreos non está considerado cinexético na Lei de caza de Galicia?***
 - Os recintos deportivos.
 - Os refuxios de fauna.
 - Os terreos vedados.
- ***En cal destes lugares non se podería cazar?***
 - 150 m da última vivenda do pobo.
 - 25 m do peche da Autovía do Noroeste.
 - 150 m do peche do Club de Golf de Domaio.
- ***A quen lle corresponde o coidado e vixilancia dos refuxios de fauna?***
 - Ás Sociedades ou Asociacións ecoloxistas que promoveran a súa declaración.
 - Á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - Á Federación Galega de caza.
- ***Quen e con que figura aproba a creación dunha reserva de caza?***
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural mediante Orde.
 - O Consello da Xunta mediante Decreto.
 - O Consello da Xunta mediante Resolución.
- ***Que órgano da Administración pode declarar como zona de seguridade un lugar onde vai realizarse unha concentración de persoas?***
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Quen actúa como vicepresidente dos comités provinciais de caza?***
 - O xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - O xefe do servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - O delegado provincial da Federación Galega de Caza.
- ***Quen é o vicepresidente do Comité Galego de Caza?***
 - A persoa titular da subdirección xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.
 - O xefe do servizo de Caza e Pesca Fluvial.
 - O presidente da Federación Galega de Caza.

- ***Quen actúa como secretario do Comité Galego de Caza?***
 - A persoa titular da subdirección xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas.
 - O xefe do servizo de Caza e Pesca Fluvial.
 - Ningunha é correcta.

- ***En cal dos seguintes terreos as repoboacións cinexéticas soamente poderán ser realizadas pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?***
 - Nos terreos de réxime cinexético común.
 - Nos terreos non cinexéticos.
 - En ámbolos dous.

- ***Cal das seguintes zonas está clasificada como zona de seguridade?***
 - Os montes veciñais en man común.
 - As augas públicas, incluídos os seus leitos e marxes.
 - Os refuxios de fauna.

- ***Cal será a anchura da franxa arredor da zona de concentración de persoas para fixar os límites da zona de seguridade?***
 - 100 m.
 - 200 m.
 - 250 m.

- ***Cantos réximes cinexéticos establece a Lei de caza de Galicia?***
 - 2
 - 3
 - 4

- ***Nos terreos sometidos a réxime cinexético especial, cantas categorías se diferencian?***
 - 3
 - 4
 - 5

- ***Cal destas categorías non existe nos terreos sometidos a réxime cinexético especial?***
 - Refuxio de fauna.
 - Tecor.
 - Zona de caza permanente.

- ***Cal destes lugares non se atoparía dentro dunha zona de seguridade?***
 - 25 m de la última casa dun lugar.
 - 50 m do límite do parque empresarial de Silleda.
 - 25 m do peche da Autovía do Noroeste.
- ***Quen aproba a instalación dunha explotación cinexética comercial?***
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A consellería do Medio Rural.
 - A persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.
- ***Cales serían as superficies mínimas para unha explotación cinexética comercial de caza maior?***
 - 50 has.
 - 500 has.
 - 300 has.
- ***Dentro das zonas consideradas pola Lei de caza de Galicia como zonas de seguridade:***
 - Está permanentemente prohibido o exercicio da caza.
 - Poderase cazar adoitando medidas precautorias encamiñadas a garantir a protección das persoas e os seus bens.
 - Poderase cazar sempre cando se dispare en dirección contraria a edificacións, vías e camiños de uso público.
- ***Cal dos seguintes espazos non ten a consideración de terreo cinexético?***
 - Os núcleos urbanos.
 - As estradas convencionais debidamente sinalizadas como tales.
 - Todos.
- ***Nos refuxios de fauna:***
 - Poderase realizar o aproveitamento cinexético de acordo co Plan de Ordenación Cinexética.
 - A caza estará permanentemente prohibida sen excepcións.
 - Por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá autorizar a caza de determinadas especies.
- ***En cal dos seguintes terreos o exercicio da caza será libre, sen máis limitacións ca as contidas na lexislación de caza?***
 - Terreos cinexético - deportivos.
 - Explotacións cinexéticas.
 - Zonas libres de caza.

- ***Para poder practicar a caza nos terreos sometidos a réxime cinexético común, estes terán unha superficie mínima de:***

- 500 has.
- 1.000 has.
- 2.000 has.

- ***Un terreo sometido a réxime cinexético común que non alcanzase a superficie mínima necesaria esixida pola lei para poder practicar a caza nel terá a consideración de:***

- Zona de exclusión.
- Reserva de caza.
- Tecor autonómico.

- ***¿A quen lle corresponde a xestión das reservas de caza?***

- Á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Ao titular dos dereitos cinexéticos.
- Ao propietario dos terreos.

- ***Nas reservas de caza:***

- Poderase realizar o aproveitamento de especies cinexéticas de acordo co correspondente plan de ordenación cinexética.
- A caza estará permanentemente prohibida sen excepcións.
- Por circunstancias especiais, suficientemente xustificadas, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá autorizar a caza de determinadas especies.

- ***Os Tecor son declarados por:***

- Decreto.
- Orde da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Resolución da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

- ***Cal é a superficie mínima continua que debe ter un Tecor?***

- 500 has.
- 1.000 has.
- 2.000 has.

- ***A duración mínima da cesión de dereitos cinexéticos nun Tecor e, polo tanto, a duración mínima do seu réxime especial é de:***

- 5 anos.
- 10 anos.
- 25 anos.

- **Que porcentaxe mínima dos terreos dun Tecor deberán manterse como vedado de caza?**
 - 10 %.
 - 15 %.
 - Non existe obriga de deixar parte dos terreos dun Tecor como vedado.
- **Os Tecor poderán ser de titularidade:**
 - Pública ou particular.
 - Pública, societaria ou particular.
 - Pública ou societaria.
- **Parte dos propietarios de terreos afectados por un Tecor manifestan a súa negativa á integración neste. Se a superficie continua destes terreos é de 100 ha, poderá practicarse a caza neles?**
 - Sí, porque pasarán a considerarse terreos en réxime cinexético común.
 - Sí, xa que seguirán considerándose incluídos no Tecor por ser a súa superficie menor de 500 has.
 - Non.
- **Parte dos propietarios de terreos afectados por un Tecor manifestan a súa negativa á integración neste. Se a superficie continua destes terreos é de 600 ha, poderá practicarse a caza neles?**
 - Sí, pero sería necesaria unha autorización especial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xa que se consideraría como Reserva de Caza.
 - Sí, porque pasarán a considerarse terreos en réxime cinexético común.
 - Non porque pasaría a considerarse como Refuxio de Fauna.
- **En que momento os titulares de dereitos cinexéticos dos que se presumiu a súa cesión para a constitución dun Tecor poderán solicitar a segregación dos seus terreos?**
 - En calquera momento.
 - Durante o prazo de reclamacións aberto ao efecto.
 - En calquera momento anterior á constitución efectiva do Tecor.
- **Sobre que tipos de terreos se poderá constituír un Tecor autonómico?**
 - Sobre terreos nos que a titularidade cinexética corresponde á Comunidade Autónoma.
 - Sobre terreos nos que a titularidade cinexética corresponde á Comunidade Autónoma ou sobre terreos de aproveitamento cinexético común.
 - Non existe a categoría de Tecor autonómico.

- ***Para que unha corporación local poida solicitar ao seu favor a declaración de Tecor, cal é a porcentaxe mínima de superficie sobre a que ten que acreditar documentalmente a titularidade cinexética?***

- 50 %.
- 75 %.
- 100 %.

- ***Pode un concello cunha superficie de 1.500 ha constituir un Tecor?***

- Non porque nunca alcanzará o mínimo esixido para a constitución dun Tecor.
- Sí, porque os Tecor municipais non teñen limitación de superficie.
- Sí, pero tería que agruparse e solicitalo mancomunadamente cun ou varios concellos máis ata alcanzar o mínimo legal establecido.

- ***Cal é a superficie mínima necesaria para constituir un terreo cinexético deportivo?***

- 25 has.
- 50 has.
- 100 has.

- ***Cal é a superficie máxima permitida a un terreo cinexético deportivo?***

- 100 has.
- 250 has.
- Non existe limitación.

- ***Cal das seguintes afirmacións é falsa?***

- En ningún caso as pezas cazadas nun terreo cinexético deportivo poderán ser obxecto de comercialización.
- En ningún caso as pezas cazadas nunha explotación cinexética poderán ser obxecto de comercialización.
- Nas explotacións cinexéticas está autorizada a produción de pezas de caza.

- ***Nunha explotación cinexética poderanse cazar:***

- Calquera especie cinexética.
- Animais procedentes de granxas cinexéticas.
- Non se pode practicar a caza.

- ***Cal é a anchura da franxa arredor do perímetro das zonas habitadas na que non se pode circular con armas cargadas nin usalas?***

- 50 metros.
- 100 metros.
- 200 metros.

- 3**
- ***Cal é a anchura da franxa arredor do perímetro dun parque de uso público no que non se pode circular con armas cargadas nin usalas?***
 - 50 metros.
 - 100 metros.
 - 200 metros.

 - ***En cal dos seguintes lugares, nos cales como norma xeral non se pode cazar, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda podería autorizar o exercicio da caza?***
 - Marxes das vías públicas.
 - Recintos deportivos.
 - Áreas recreativas.

 - ***Pódese cazar a unha distancia de 60 metros do perímetro dun campo de golf?***
 - Non.
 - Sí, con autorización do propietario.
 - Sí, porque non se atopa dentro da zona de seguridade.

 - ***Respecto ás zonas de seguridade arredor das vías públicas, sinala cal das seguintes afirmacións é verdadeira:***
 - Considéranse zonas de seguridade as vías públicas.
 - Considéranse zonas de seguridade as marxes e zonas de servidume das vías e camiños de uso público, pero só cando se atopen cercados.
 - Considéranse zonas de seguridade as marxes e zonas de servidume das vías e camiños de uso público, pero só cando se atopen cercados, máis unha franxa de 50 metros.

 - ***En canto aos lugares polos que se prohíbe circular con armas de caza cargadas, sinala cal das seguintes afirmacións é verdadeira:***
 - Prohíbese circular con armas de caza cargadas polas marxes e zonas de servidume das vías públicas.
 - Prohíbese circular con armas de caza cargadas polas marxes e zonas de servidume das vías públicas, máis unha franxa de 150 metros.
 - Prohíbese circular con armas de caza cargadas polas marxes e zonas de servidume das vías públicas, pero só cando se atopen cercados, máis unha franxa de 50 metros a partir do devandito cercado.

- ***En xeral, pódese circular cunha arma de caza cargada pola vía de servizo dunha autoestrada, aínda cando non se trate dunha arma de fogo, como, por exemplo, unha bésta?***
 - Sí, porque esta prohibición afecta só ás armas de fogo.
 - Sí, se non se dispara en dirección á autoestrada ou outro camiño ou vía públicos.
 - Non.
- ***A reserva nacional de caza dos Ancares, segundo a Lei de caza de Galicia, terá a consideración de:***
 - Reserva de caza.
 - Refuxio de fauna.
 - Tecor autonómico.
- ***As pezas de caza procedentes dun dos seguintes terreos non pode ser obxecto de venda ou comercialización, de cal?***
 - Reserva de caza.
 - Tecor autonómico.
 - Terreo cinexético deportivo.
- ***A que distancia do límite dun Tecor deberán estar as zonas de adestramento de cans?***
 - 500 m.
 - 250 m.
 - 100 m.
- ***Cal destas especies non se poderá cazar nas zonas de caza permanente?***
 - Perdiz rubia.
 - Charrela.
 - Paspallás.
- ***Cal destes requisitos teñen que cumprir as zonas de caza permanente?***
 - Superficie menor do 5% do Tecor.
 - Debe afectar a cultivos agrícolas.
 - A súa distancia aos lindeiros do Tecor, ten que ser ao menos 1500 m.
- ***Cando o Regulamento de caza trata as “zonas de caza permanente”, refírese a:***
 - Un terreo sometido a réxime cinexético común de mais de 500 has.
 - Unha explotación cinexética comercial.
 - Unha parte dun Tecor.

Sinalización cinexética

En Galicia, todos os terreos sometidos a réxime cinexético especial deben estar debidamente sinalizados mediante carteis indicadores da súa condición; as zonas de caza permanente e de adestramento de cans incluídas nos Tecor tamén deben contar cunha sinalización particular, realizada con sinais específicos, e nas mesmas condicións ca no caso dos Tecor. Así mesmo, tamén deben ser obxecto de sinalización as seguintes zonas de seguridade:

- Cando se trate de recintos deportivos, áreas recreativas e de acampada en terreos non cercados, sempre que as instalacións non sexan visibles desde calquera punto situado a unha distancia mínima de 100 metros.
- Cando a zona de seguridade fose declarada nun caso concreto por resolución administrativa para garantir a protección das persoas e dos seus bens.
- Cando, por circunstancias de especial perigosidade, o impoña a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para determinados lugares, ben de oficio ou por requirimento da autoridade gubernativa competente.

En canto aos terreos sometidos a réxime cinexético común, as zonas libres de caza deben estar sinalizadas non sendo necesario sinalizar as zonas de exclusión.

É ao titular do aproveitamento a quen lle corresponde realizar a sinalización en todo o perímetro e nas vías de acceso ao espazo cinexético, así como, de ser o caso, en puntos significativos e relevantes do seu interior.

No caso dos terreos non cinexéticos a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten a obriga de sinalizalos unicamente cando fosen declarados nun caso concreto por resolución administrativa por razóns de seguridade das persoas, dos seus bens ou do interese xeral.




A sinalización faise con dous tipos de sinais: de primeira orde (descriptivas) e de segunda orde (de referencia). As de primeira orde consisten en carteis cunha lenda e distintivos normalizados para cada tipo de terreo. O material que se debe empregar debe ser calquera que garanta a súa adecuada conservación e rixidez. As dimensións serán de 33 por 50 centímetros, e as cores, letras negras sobre fondo branco, con excepción do sinal dos refuxios de fauna, que serán en letras brancas sobre fondo azul escuro.

Os sinais de segunda orde poden consistir:


- En distintivos normalizados, rectángulo de 20 x 30 cm con dúas partes separadas en diagonal, coa parte superior dereita branca e a inferior nas seguintes cores:
 - Tecor societario: en negro.
 - Tecor particular: en marrón.
 - Tecor autonómico e municipal: en laranxa.
 - Todos os demais espazos cinxéticos usarán carteis en diagonal (esquerda superior cara á dereita inferior), a parte superior dereita en branco e a parte inferior en negro.
- Rótulos en rochas e valos con lenda igualmente normalizada.

Ambos os dous tipos de sinais deben colocarse sobre postes fabricados con materiais que aseguren un soporte sólido deles, a unha altura entre 1 e 2,50 metros do chan, de xeito que a lenda ou distintivo sexa visible dende o exterior da zona sinalizada e deben distribuírse ao longo do perímetro exterior; os sinais de primeira orde deben colocarse obrigatoriamente en todas as vías de acceso e puntos intermedios, cunha separación máxima entre eles de 500 metros. Entre dous sinais de primeira orde e cunha separación máxima de 250 metros, colócanse os sinais de segunda orde.


4.01 Sinalización de primeira orde




4.02 Sinalización de segunda orde



TECOR SOCIETARIO



TECOR PARTICULAR



TECOR AUTONÓMICO E MUNICIPAL

CUESTIONARIO

- **Que cores serán os sinais de segunda orde?**
 - A parte superior dereita en marrón para os TECOR societarios.
 - A parte inferior marrón para os TECOR particulares.
 - A parte inferior en negro para os TECOR autonómicos.
- **A que altura do chan deben colocarse os sinais dos Tecor?**
 - 1 a 2 m.
 - 1 a 2,5 m.
 - A calquera pois non está regulada.
- **Na sinalización perimetral dun Tecor, os sinais de primeira orde débense colocar?**
 - A unha distancia mínima de 500 metros entre dúas sinais consecutivas.
 - A unha distancia máxima de 500 metros entre dúas sinais consecutivas.
 - A unha distancia máxima de 250 metros entre dúas sinais consecutivas.
- **Nas vías de acceso que penetren nun Tecor, que sinalización se debe colocar?**
 - Unha sinal de segunda orde
 - Unha sinal de primeira orde.
 - As respostas B e C son correctas.
- **Que tamaño serán os sinais de primeira orde dos refuxios de fauna?**
 - 20 x 50 cm.
 - 33 x 50 cm.
 - Os refuxios de fauna non teñen sinalización de primeiro orden.
- **Cal destes terreos non é obrigatorio sinalizar?**
 - Refuxios de fauna.
 - Vedados de caza.
 - Zonas de acampada visibles dende mais de 100 m.
- **Cal será a distancia máxima entre dous carteis indicadores dun Tecor?**
 - 250 m.
 - 500 m.
 - 1.000 m.
- **Que outra denominación reciben os sinais de segunda orde?**
 - Descritivas.
 - Ilustrativas.
 - De referencia.



- **Como serán os sinais de primeira orde?**

- Fondo branco e letras negras sempre.
- Fondo branco e letras negras soamente nos TECOR.
- Fondo azul escuro e letras brancas soamente nos refuxios de fauna.

- **En que lugar do sinal se colocará o número de matrícula?**

- Ángulo superior dereito.
- Ángulo superior esquerdo.
- Ángulo inferior dereito.

- **Nun terreo cinexético especial, quen ten a obriga de sinalizar os seus límites?**

- A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- O propietarios incluídos no terreo cinexético especial.
- Titular do terreo cinexético especial.



Modalidades e artes de caza

En función das características de cada unha das especies declaradas como cinexéticas e do hábitat no que se encontran, preséntanse diferentes formas ou modalidades de caza que o cazador pode practicar. A continuación, atendendo ás peculiaridades propias de Galicia, defínense de modo preciso as distintas modalidades de caza maior e menor que poden practicarse nesta comunidade.

5.01 Modalidades de caza maior

Estas modalidades caracterízanse polo maior tamaño das pezas sobre as que se exerce a acción cinexética, dentro das cales se diferencia:

Montaría

Consiste en bater con axuda de cans unha mancha ou extensión de monte pechada por cazadores que se distribúen en armadas e se colocan en postos fixos. Neste caso os batedores só poderán portar armas brancas para o remate das pezas. O número de cazadores en postos será entre 20 e 50 e o de cans, ata 5 mandas.

Batida

É unha modalidade de caza colectiva para a caza maior e a caza do raposo na cal participan un mínimo de 10 cazadores e un máximo de 30 e na cal poden variarse os postos durante o desenvolvemento da actividade. Pódense utilizar ata 30 cans, en dous grupos como máximo, sen prexuízo dunha posterior confusión. Os cans poden ser acompañados por cazadores no exercicio da caza. Nesta modalidade non hai auxiliares de caza. A acción consistente no rastrexo polos cazadores da zona da batida con cans atrelados para localizar o encame das pezas considérase acción preparatoria da caza.

Axexo

Baseada no coñecemento do terreo e nos costumes dos animais aos que se pretende dar caza, consiste en que o cazador, co ánimo de abatela, busca a peza con axuda dun garda ou dun guía. Esta modalidade é moi selectiva, dado que o cazador ou guía valorará o animal antes de disparar

Agarda ou espera

Esta modalidade aproveita o coñecemento do cazador sobre os costumes das especies de caza maior para agardalas en lugares estratéxicos na súa actividade diaria, a súa execución consiste en que o cazador espera apostado nun lugar a que a peza acuda espontaneamente a el. As esperas poderán realizarse polo día ou ser nocturnas.

En todas as modalidades de caza maior as pezas de caza cobradas deberán ir identificadas cun precinto de caza.

5.02 Modalidades de caza menor

En man

Consiste en que un grupo de cazadores, con ou sen a axuda de cans, colocados en liña e separados entre si por unha distancia variable, avanza cazando nun terreo.

Tobo

Técnica de caza utilizada para a caza do raposo, nos seus lugares de refuxio, baseada no traballo dos cans especializados na persecución e acoso a esta especie nas súas tobeiras ou refuxios subterráneos.

Axotamento

Consiste en bater un determinado terreo por axotadores sen cans para que a caza pase por unha liña de cazadores que se apostan en lugares fixos.

Ao salto

Consiste en que o cazador, en solitario ou con can, percorre o terreo para dar caza ás pezas de caza que encontre.

Ao paso ou en posto fixo ou espera

Consiste en que o cazador, desde un posto fixo, espera a que as pezas pasen polo lugar ou acudan a el espontaneamente ou con axuda de chamarices.

Zapeo

Modalidade usada exclusivamente para o coello e o raposo, consistente en bater un determinado terreo por cazadores con ou sen axuda de cans, para que os coellos ou raposos escorrentados pasen por onde se apostan os outros cazadores do grupo, podendo variarse con liberdade de movemento durante a realización do zapeo. O número máximo de cazadores deberá ser inferior a 10.

Caza ao dente

Trátase dunha modalidade tradicional de caza sen armas onde un ou varios cazadores na compañía de cans buscan e levantan as pezas con intención de que as capturen os cans.

5.03 Modalidades autorizadas para caza maior e menor indistintamente

Caza con arco

É a que se realiza con este método de captura.

Cetraría

Entenderase por cetraría a modalidade de caza que utiliza as aves de presa mantidas en cativeiro para o seu uso como medio de caza.

CUESTIONARIO

- ***En Galicia e dada a súa abundancia, o xabaril pódese cazar:***
 - Durante todo o ano.
 - En zapeos con armas de caza maior.
 - En esperas nocturnas.
- ***As batidas débense facer con:***
 - Un mínimo de 10 e sen límites no total dos cazadores.
 - Un mínimo de 10 e un máximo de 30 cazadores.
 - Un mínimo de 10 e un máximo de 30 cazadores en postos.
- ***Nunha batida, que estaría prohibido?***
 - Empregar escopetas con cartuchos de bala.
 - Moverse os cazadores dos seus postos durante a cazaría.
 - Empregar tres grupos de 10 cans cada un.
- ***Cal das seguintes armas está máis relacionada coa modalidade de axexo?***
 - Escopeta do 16 con cartuchos de bala.
 - Rifle de repetición con mira telescópica.
 - Rifle de ferrollo con mira telescópica.
- ***Os períodos hábiles de caza para unha especie cinexética poden variar en función da modalidade de caza que se considere?***
 - Sí.
 - Non.
 - Poden variar unicamente nas especies cinexéticas de caza maior.
- ***Cal destas modalidades é a máis típica para cazar a perdiz rubia en Galicia?***
 - En man.
 - Axexo.
 - Con reclamo.
- ***Cal destas modalidades é a máis típica para cazar o coello en Galicia?***
 - En man.
 - Ao salto.
 - Zapeo.
- ***Nun zapeo, a que especies lles pode disparar?***
 - Ás de caza menor.
 - A calquera.
 - Coellos e raposos soamente.

- **Que se entende por armadas?**
 - Construcións para a captura de lobos.
 - Aparellos para cazar paxaros e que se encontran prohibidos.
 - Grupos de cazadores.
- **En que modalidade de caza se empregan as armadas?**
 - Axotamentos.
 - Batidas.
 - Monterías.
- **Cal sería o número máximo de cans dunha manda que poden participar nunha batida?**
 - 25
 - 20
 - 15
- **Cal sería o número máximo de cans que se pode empregar nunha montaría?**
 - 110
 - 90
 - 100
- **Que diferenza existe entre unha montaría e un axexo?**
 - O número de cazadores que participan.
 - O número de batedores ou asexadores permitidos.
 - O emprego ou non de cans.
- **Que diferenza existe entre o zapeo e a batida?**
 - Que nunha modalidade se empregan cans e na outra non.
 - Que nunha modalidade soamente se emprega munición de caza maior e na outra soamente de menor.
 - Ningunha é certa.
- **Cando cazamos mediante a modalidade de axexo, quen decide a que pezas se lles debe disparar?**
 - Exclusivamente o garda ou guía.
 - Sempre é o cazador o que decide a que peza dispara.
 - Dentro da especie a cazar, sempre ao primeiro exemplar que se contacte.
- **Cantas armas se poden levar a un axexo?**
 - 1 soamente.
 - 2 pero de diferentes calibres.
 - As que o garda ou guía crea oportuno.

- ***Cal das seguintes modalidades de caza non precisa de autorización previa da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?***
 - Montarías.
 - Batidas.
 - Esperas, excepto as nocturnas.
- ***Cando nunha montaría se produce un “agarre” dun xabaril por parte dos cans, o batedor ou o encargado dos cans pode:***
 - Dirixirse ao posto máis próximo e solicitar o préstamo dunha arma de fogo para rematar ao xabaril.
 - Rematar o xabaril cun arma branca.
 - Ningunha das respostas anteriores é válida, dado que estas persoas non poden dar morte a ningunha peza de caza.
- ***Os patos, en xeral, cázanse mediante a modalidade de caza:***
 - En man, participando 6 ou 8 cazadores.
 - En posto fixo ou espera coa axuda dun reclamo.
 - En axotamentos con barcos e batedores que os asusten.
- ***Nos axotamentos de perdiz rubia, a que distancia mínima teñen que estar uns postos doutros cando non hai obstáculos entre eles?***
 - 30 metros.
 - 50 metros.
 - 80 metros.
- ***Quen é o que e asume a responsabilidade na realización dunha montaría?***
 - O titular do Tecor.
 - O cazador mais vello.
 - O organizador da montaría.
- ***Os batedores que asistan como tales nunha batida:***
 - Non poderán portar nin disparar con ningunha clase de arma.
 - Poderán portar armas, pero non poderán disparar armas de ningún tipo.
 - Poderán portar e disparar armas.



SECCIÓN 6.

Fauna cinexética

O aspirante a cazador debe coñecer cales son as especies sobre as que pode practicar a caza e a súa identificación na natureza.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, decláranse como especies obxecto de caza as reflectidas no anexo IV do Regulamento de caza e clasifícanse estas en especies de caza menor e especies de caza maior. Anualmente, a dirección xeral de Patrimonio Natural, mediante unha resolución, establece as épocas hábiles de caza, as especies sobre as que se permite o exercicio da caza, os métodos autorizados para a súa práctica e as limitacións xerais e particulares que afectarán o exercicio da actividade cinexética no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante a temporada na que está en vigor, e pode, polo tanto, prohibir a caza dalgunha das especies recollidas no citado anexo.

A continuación, para as especies cazables na Comunidade Autónoma de Galicia, realízase unha descrición daqueles aspectos básicos das súas características físicas e biolóxicas.



6.01 Especies de caza menor

AVES

- **CERCETA REAL** (*Anas crecca*)



Descrición. Pato pequeno (34-38 cm), con voo rápido e áxil. Os machos presentan a cabeza e o pescozo de cor castaña-vermella, cunha franxa verde na zona ocular orlada por unha liña branca; peteiro negro; flancos e dorso cun varrido de gris con banda branca ao longo da ala; popa, na parte inferior, negra, con mancha triangular lateral amarelenta. Na femia é parda, apincurada de branco. Nos dous sexos, o espellete é verde brillante enmarcado en negro.

Alimentación. Aliméntase en augas pouco profundas de plantas acuáticas, sementes e invertebrados, preferentemente pola noite, filtrando a auga e o barro co peteiro.

Bioloxía e costumes. Constrúe o niño entre a vexetación, cerca da auga. Realiza unha posta ao ano de 8-11 ovos que incuba a femia durante 21-23 días. Especie gregaria fóra da época de cría.


Hábitat. Como nidificante prefire masas de auga de pequeno tamaño, rodeadas de abundante vexetación palustre.

En inverno, visita practicamente calquera clase de augas (charcas, marismas, ríos, estuarios...).

Distribución e poboacións. Ave de paso, en Galicia é eminentemente invernante, aínda que existe un pequeno núcleo reprodutivo nas Gándaras de Budiño. Frecuenta zonas intermareais, desembocaduras, marismas, lagoas e encoros.

Caza. As cercetas cázanse principalmente nas tiradas que se organizan nas zonas húmidas do centro e sur peninsular. O período de caza comprende de outubro a xaneiro.

• **ALAVANCO REAL** (*Anas platyrhynchos*)



Descrición. É o pato máis coñecido e común, así como un dos patos cazables máis grandes. Como a maior parte dos ánades, posúe un marcado dimorfismo sexual. Os machos teñen a cabeza e parte do pescozo de cor verde lustroso con estreito colar branco e peito castaño; ventre, flancos e costas de cor branca-agrisada; zona caudal branquinegra con dúas plumas rizadas enriba da cola; peteiro amarelo-verdoso e patas alaranxadas. A femia posúe unha coloración máis discreta, cunha plumaxe homoxénea, parda raiada. Ambos os dous sexos presentan un vistoso rectángulo nas alas (espellete), de cor azul.

Alimentación. Consome plantas, sementes, así como pequenos animais acuáticos que obtén nadando e, ocasionalmente, mergullándose.

Bioloxía e costumes. Aniña en lugares moi variados, pero sempre en sitios protexidos pola vexetación e próximos a zonas húmidas. O ño sitúase no solo e a posta, unha ao ano, consta de 6 a 12 ovos que incuba a femia durante 27-28 días. Os polos abandonan o ño ao nacer e o seu coidado depende da femia.


Unha vez realizada a cría e en zonas húmidas de densa cobertura vexetal, reúnense formando grandes bandos para a “mancada” (muda na que perden temporalmente a capacidade de voar). Posteriormente ten lugar a dispersión de outono-inverno, que remata no celo precoz a comezos de ano.

Hábitat. Prefire augas pouco profundas, ricas en vexetación subacuática e rodeadas de zonas resgardadas para refuxiarse.

Distribución e poboacións. A poboación indíxena é fundamentalmente sedentaria, e prodúcese un incremento poboacional durante o inverno pola chegada de aves foráneas. En Galicia é a anátida reprodutora máis común, aparece en calquera tipo de brañal, tanto costeiro como de interior.

Caza. A caza do alavanco real en Galicia, respecto doutras especies cinexéticas, non representa un importante obxectivo para a meirande parte dos cazadores, só se realiza algunha captura de exemplares cando se desprazan entre as zonas de descanso e alimentación, ou ben cázase ao salto en cursos de auga. O período de caza comprende de outubro a xaneiro.

• **PATO RABILONGO** (*Anas acuta*)



6

Descrición. Pato de superficie. A cola, que lle dá o seu nome á especie, é longa e en forma de punta. Ten os ollos negros e o peteiro e as patas grises. Na época reprodutora, o macho é inconfundible: ten o corpo gris pálido, o peito branco, a cabeza negra e o pescozo branco. As femias teñen a cola máis curta, coa gorxa branca. A plumaxe ten debuxos sobre un fondo marrón. Diferénciase das femias doutras especies de parrulos polo pescozo longo e o peteiro longo e gris. Fóra da época de cría, a plumaxe de femias e machos é semellante. O espellete alar é verde metálico, evolucionando a negro cara ao interior e bordeado interiormente de cor canela e exteriormente de branco.

Alimentación. Aliméntase principalmente de plantas, pero durante a estación reprodutora come tamén insectos acuáticos, moluscos e crustáceos. Ás veces come plantas e sementes en campos cultivados.


Bioloxía e costumes. Localiza o niño nas proximidades da auga, entre a vexetación. A posta consta de 7-9 ovos que incuba a femia en 22-24 días. É unha ave migratoria, que pasa o inverno en zonas ben ao sur da súa área de cría, chegando ata o Ecuador. Na época invernal é moi gregario e forma bandadas mesturado con outras especies.

Hábitat. Aniña principalmente en zonas húmidas de augas abertas. En inverno, gústanlle os grandes asolagamentos de auga pouca profunda e vexetación pouco densa.

Distribución e poboacións. Cría esporadicamente na península Ibérica, onde se comporta como ave de paso e invernante habitual.

Caza. O pato rabilongo cázase principalmente nas tiradas que se organizan nas zonas húmidas do centro e do sur peninsular.

• **PATO CULLERETE** (*Anas clypeata*)



Descrición. Pato grande, de característico pico grande espatulado. Os machos amosan unha plumaxe contrastada, cun vistoso ventre e flanco de cor castaña encarnado, peito branco, cabeza verde escura e ombros azulados. A femia exhibe un deseño sobrio, pardo encarnado. O espellete é verde en ambos os dous sexos.

Alimentación. O seu peteiro sèrvelle para filtrar o alimento en augas pouco profundas ou lodos. Dieta baseada en animais (insectos, moluscos, crustáceos) e vexetais acuáticos (sementes, algas).

Bioloxía e costumes. Agocha o niño entre a vexetación, cerca da auga. A posta consta de 7-14 ovos, incubados 25-27 días pola femia. É un pato moi gregario, que amosa unha alternancia de querenzas moi marcadas.

Hábitat. Anátida migratoria con tendencia a ocupar brañas de augas pouco profundas con abundante vexetación acuática, tales como marismas, desembocaduras e lagoas.

Distribución e poboacións. España conta cunha pequena poboación de cría irregular moi localizada e puntual. Presenta unha das migracións máis temperás das anátidas invernantes, chegando os primeiros efectivos en setembro. O regreso ás áreas de cría comeza en febreiro e prolongase ata marzo-abril.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **PARRULO CHUPÓN** (*Aythya ferina*)



6

Descrición. Pato mergullador que se caracteriza pola súa figura compacta e fundida, coa cola pegada á auga. Arrancan da auga batuxando despois dunha curta carreira. Son ánades de ala curta e voo rápido. O macho e característico entre os parrulos europeos pola cabeza e o pescozo de cor castaña-vermella, o peito negro e o lombo da cor da prata. Ten o bico escuro e os ollos vermellos. A femia amosa unha librea pardo-amarelenta discreta, presentan alas grises e carecen de espellete.

Alimentación. Aliméntanse de plantas acuáticas e animais pequenos, coma moluscos e insectos, que conseguen mergullándose na auga. A miúdo se alimentan pola noite.


Bioloxía e costumes. Constrúe o niño entre a vexetación palustre. Realiza unha posta anual que consta de 6-11 ovos que incuba a pata durante 24-28 días. Gregario, forma bandos compactos.

Hábitat. Para criar, busca masas de auga con abundante vexetación palustre. Fóra da época de reprodución, frecuenta augas con profundidade media con bastante vexetación acuática.

Distribución e poboacións. En Galicia é unha ave invernante habitual a partir do mes de novembro, a súa poboación invernante está a medrar debido a que a especie se atopa en expansión. Actualmente cría localizadamente no noroeste da provincia de Ourense.

Caza. En Galicia o seu período de caza comprende de outubro a xaneiro.

• **PARRULO CRISTADO COMÚN** (*Aythya fuligula*)



Descrición. Pato mergullador, os machos adultos son negros, cos lados brancos e o peteiro de cor azul, cunha crista de plumas na cabeza que lle dá o nome á especie. Os ollos son amarelos brillantes. As femias adultas son castañas cos lados máis pálidos. Cando está en voo, destaca a franxa branca das ás.

Alimentación. O 60% da súa dieta componse de mexillóns e caracois, un 30% de artrópodos e outros animais pequenos, e o resto de vexetais. Cando busca comida, pode mergullarse ata os dous metros de profundidade. En xeral, os pitos son alimentados exclusivamente de insectos.

Biloxía e costumes. Crían en áreas con moita vexetación preto de lagos e pantanos. Fan o niño no chan, agachado entre as plantas. A época reprodutora vai de xuño a xullo e crían os polos ata agosto.

Hábitat. Durante a cría case sempre se atopa en zonas húmidas doces con abundante vexetación palustre circundante.

En inverno selecciona augas abertas e profundas, como encoros, remansos de ríos, lagoas, estuarios..., sobre todo se os fondos manteñen vexetación mergullada.

Distribución e poboacións. En Galicia confirmouse a súa reprodución só no Rexedoiro e nunha determinada localidade da Terra Chá.

Caza. En Galicia o seu período de caza comprende de outubro a xaneiro.

• **PERDIZ RUBIA** (*Alectoris rufa*)




Descrición. Tanto o macho como a femia son practicamente iguais. Os exemplares adultos poden acadar os 35 cm da cabeza á cola. Na cabeza obsérvase claramente o característico peteiro vermello. Tamén é característico a presenza dunha cella branca por riba dun anteface de cor negra, o peito ten unha cor gris azulada con estrías negras na súa parte superior, a zona dorsal presenta unha cor parda, e é característico da especie a presenza dun varrido de branco-negro-pardo no seu flanco.

Presenta ás redondeadas e curtas, un voo rápido, potente, alternando batidos e planeos.

En época de caza, a distinción de exemplares novos e adultos realízase examinando as puntas das dúas plumas máis externas da ala: cor crema e afiadas no exemplar novo e redondeadas e sen punta crema no adulto. O sexo pode determinarse polos esporóns das patas: se se analizan exemplares novos, a femia carece deles; en adultos, os machos presentan esporóns compactos de base ancha, mentres que os da femia, de telos, son rematados en punta e menos marcados.

Os exemplares novos teñen unha plumaxe distinta á dos adultos, presentan tonalidades máis pardas, coa gorxa gris e menos coloreados nos flancos, comezando a igualarse coa coloración dos adultos na última muda (mes de setembro). Por este motivo coñécense como “igualóns”.



Alimentación. Dieta principalmente vexetal (herbas e grans) que complementa na época estival co consumo de insectos. Este compoñente animal proporciona a cantidade de proteína que é necesaria para lograr o rápido crecemento dos polos durante as primeiras semanas de vida.

Biología e costumes. Especie sedentaria e social cunha organización que segue un ritmo estacional, no outono e inverno vive en grupos constituídos por adultos e subadultos, formando bandos familiares. A estación sexual comeza a finais de xaneiro, aínda que depende da rexión, e neste momento destrúense os grupos e fórmanse as parellas, que establecen un territorio. A elección do lugar do niño correspóndelle ao macho, nun lugar permeable e normalmente cerca dunha linde; a femia pon de 12 a 16 ovos que incuba de 23 a 26 días, os polos abandonan inmediatamente o niño e seguen aos proxenitores. En ocasións, as femias realizan dúas postas simultáneas en niños distintos, incubando entón o macho unha delas.


Hábitat. Ave que prefire chairas ou terras onduladas con solos soltos: campos cultivados mesturados con monte baixo, viñedos etc., tanto en terreos chans como en ladeiras e zonas montañosas.

Distribución e poboacións. Sedentaria. Está presente na maior parte da península Ibérica e Baleares.

Caza. Para moitos, a perdiz rubia é a especie raíña da caza menor. En Galicia, o seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas), e empréganse normalmente as seguintes modalidades de caza menor: en man, axexo, ao salto.



• **PERDIZ CHARRELA** (*Perdix perdix*)



Descrición. Aspecto semellante ao da perdiz rubia, aínda que de menor tamaño, presenta unhas patas de cor gris, e a fronte, os lados da cabeza e a gorxa son de coloración que vai do laranxa ao castaño ferruxento, o lombo gris claro, os lados e partes laterais do peito teñen bandas castañas cunha marca pectoral en forma de ferradura no macho. Presenta unha cola parda, coas plumas centrais máis vermellas e varridas de negro. A femia ten a fronte dunha cor menos ferruxenta, partes dorsais máis pardas e a mancha en ferradura pouco aparente ou ausente.

Os exemplares novos exhiben as dúas rémixes primarias máis externas coa punta desgastada e/ou aguzada (redondeada e sen desgaste nos adultos).

Alimentación. Consome principalmente vexetais (sementes, froitos, brotes etc.) e, en menor medida, invertebrados.

Bioloxía e costumes. A época de aparellamento comeza cando se acaba a parte máis dura do inverno. As charrelas establecen parellas monógamas que duran unha estación de cría. Fan o niño no chan, no que se confunden grazas á súa plumaxe de fondo gris e castaño con manchas negras, avermelladas e castañas. Poñen entre 10 e 25 ovos, que chocan unhas tres semanas, os polos abandonan inmediatamente o niño e seguen aos proxenitores. As femias defenden o niño con forza e moitas veces non o abandonan ata o último momento, aínda que a ameaza sexa evidente.

É unha ave moi terrestre, e presenta resistencia a emprender o voo. Apeona frecuentemente e adoita achantarse no chan. É moi gregaria fóra da época de cría.

Hábitat. Habita en zonas de montaña, xeralmente a máis de 1.100 m de altitude, onde selecciona zonas de pasteiros mesturadas con mato de uces, piornos etc.

Distribución e poboacións. Distribúese localizada polas montañas do norte da península Ibérica, en Galicia está presente nas montañas dos Ancares, A Fonsagrada e Macizo Central ourensán.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **PASPALLÁS** (*Coturnix coturnix*)



Descrición. Ave de pequeno tamaño (16-19 cm), de tonalidades pardas e areosas. Resulta facilmente detectable o sonoro canto do macho, composto de tres sílabas, que repite tanto de día coma de noite. A idade pódese determinar observando o desgaste das plumas primarias da ala: de punta enteira e sen desgaste en exemplares novos, e desgastada en adultos.

Diferenciase o macho da femia adulta, porque o primeiro ten na gorxa unha mancha en forma de áncora de cor negra sobre fondo claro e o peito leonado listado de branco, e non se presenta no caso das femias un áncora ben definida e o peito leonado con abundantes manchas pardas.

Alimentación. Dieta vexetal baseada en sementes e herbas, que acompaña de invertebrados.

Bioloxía e costumes. Trátase dunha especie migratoria, a maior parte dos paspallás que veñen criar á península teñen os seus cuarteis de invernada en África. O movemento de paspallás cara a Europa comeza na metade de marzo e continúa ata principios de xuño. As datas de chegada e reprodución gardan unha relación coa altitude, chegando e criando primeiro nos campos de cereal e posteriormente nos vales con maior altitude. Os primeiros exemplares que chegan son machos, que presentan movementos nomádicos ata que atopan unha femia, coa que permanecen



MACHO ADULTO



MACHO NOVO
FEMIA ADULTA



MACHO NOVO



EXEMPLAR NOVO SEN
DIFERENCIAR

ata que comeza a incubación dos ovos, momento no que vai na procura doutra femia. O retorno aos cuarteis de invernada comeza en agosto e continúa ata finais de novembro.

O niño consiste nunha pequena depresión no chan, cuberta con vexetación herbácea, no que a femia pon entre 8 e 12 ovos que choca entre 16 e 21 días, os polos abandonan inmediatamente o niño e seguen á femia, sendo capaces de voar aos 20 días de vida.

Especie solitaria, agrúpase unicamente no celo ou durante a viaxe migratoria. Moi terrestre, resístese a voar.

Hábitat. Zonas abertas, normalmente prados non moi altos nin espesos (cultivos, pasteiros), sempre en terreos frescos.

Distribución e poboacións. Ave que nidifica na península Ibérica e Baleares, e que é escasa como invernante. En Galicia presenta certa abundancia estival na zona da Limia, na provincia de Ourense.

Caza. En Galicia, ademais de realizar un aproveitamento cinexético desta especie durante o período hábil xeral de caza (dende outubro a xaneiro), nestas últimas temporadas, e nos Tecor da provincia de Ourense localizados na antiga Lagoa de Antela, ***aínda que en Galicia non existe a media veda***, estase autorizando a súa caza durante os meses de agosto e setembro atendendo ás seguintes condicións:

- O Tecor debe contar cun plan técnico aprobado para a especie.
- Máximo 15 escopetas por xornada.
- Máximo 4 escopetas por cuadrilla.
- Máximo 10 pezas por cazador e día.
- Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 2.000 e 5.000 ha, 1 só cuartel cunha superficie máxima de 1.000 ha.
- Tecor cunha superficie útil para a especie comprendida entre 5.000 e 10.000 ha, 2 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 ha cada un deles.
- Tecor cunha superficie útil para a especie maior de 10.000 ha, 3 cuarteis cunha superficie máxima de 1.000 ha cada un deles.
- Terreos coa colleita realizada na súa maior parte.
- Tecor con vixilancia.

• **FAISÁN COMÚN** (*Phasianus colchicus*)



Descrición. Ave de gran tamaño (65-90 cm) e cola longa. O macho posúe unha plumaxe vistosa, na que destaca unha cabeza verde escura brillante e carúnculas de cor vermella intensa ao redor do ollo; frecuentemente con estreito colar branco. A femia, tamén coa cola longa, amosa unha plumaxe máis discreta ca o macho, con tons pardos e negros.

Alimentación. Consome principalmente vexetais (sementes, froitos, gromos etc), e tamén invertebrados.


Bioloxía e costumes. Os machos emparéllanse con varias femias (polígamo). Instala o niño no chan, oculto entre a vexetación. Realiza unha posta anual de 7-15 ovos que incuba a femia durante 23-27 días, encargándose do coidado dos polos que son nidífugos. É unha ave arisca de voo ruidoso e pesado. Póusase a miúdo en árbores.

Hábitat. Ocupa gran variedade de ambientes: bosques e matos aclarados, mosaicos de praderías e cultivos ou arborado disperso.

Distribución e poboacións. Trátase dunha especie exótica, cuxa orixe hai que buscala no sueste asiático e actualmente é utilizada en soltas con fins cinexéticos. Mantéñense esporadicamente algúns exemplares en liberdade. A pesar do volume de aves soltadas, a supervivencia silvestre é baixa e a súa reprodución esporádica.

Caza. En Galicia o seu período hábil xeral de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas). Esta especie, xunto co pasallás e a perdiz rubia, pódese soltar e cazar nas zonas de caza permanente que teñan aprobadas os Tecor.

• **GALIÑOLA NEGRA** (*Fulica atra*)



6

Descrición. É unha ave de 38 cm de lonxitude facilmente recoñecible pola súa plumaxe negra, agás o peteiro e o escudete frontal de cor branca. As patas son de cor verde escura con dedos rodeados dunha membrana lobulada. En vo leva as patas colgantes. Ambos os sexos son iguais externamente.

Alimentación. Dieta moi variada, constituída por plantas acuáticas, sementes e algúns invertebrados e anfibios que se ven ligados ao medio acuático. Aliméntase case sempre durante o día.

Bioloxía e costumes. É unha especie sedentaria e migradora. É frecuente velas nadando ao descuberto en zonas de augas remansadas. Son bastante agresivas entre elas. Fóra da época de reprodución atópase en grupos relativamente numerosos. Con frecuencia saen fóra da auga para alimentarse e volven á auga ou a zonas de densa vexetación ao menor perigo, é unha ave propensa a escapar nadando ou voando a baixa altura con bater de ás rápidos e patas colgantes. Durante o celo, entre marzo e xuño, hai continuas loitas para protexer o territorio. O niño é construído por ambos os sexos entre a vexetación acuática en augas pouco profundas, a posta é de 6 a 10 ovos. O período de incubación é de pouco máis de tres semanas e realizan xeralmente dúas postas ao ano.

Hábitat. Habita un amplo rango de brañais, amosando preferencia por aqueles que presentan augas abertas e tranquilas cun nivel regular e con boa cobertura de vexetación emerxente, así como presenza de vexetación somerxida que constitúe a base da súa alimentación.

Distribución e poboacións. Na península Ibérica é un reprodutor común. As aves nativas compórtanse como sedentarias, aínda que con movementos dispersivos posxenerativos ou fugas por secas. Hai ademais unha importante invernada e paso de aves do norte e do centro de Europa. En Galicia é de cría regular e dispersa, en xeral non moi abundante.

Caza. É unha especie con escaso interese cinexético en Galicia.

• **AVEFRÍA** (*Vanellus vanellus*)



Descrición. Limícola de tamaño mediano (30-31 cm), de característico moño erguido. Peito, dorso, gorxa e capirote negro con reflexos verdes, que contrastan coas partes inferiores brancas e infracobertoras caudais castañas. Silueta de voo inconfundible, definida polas ás longas e redondeadas, que bate lentamente e traxectoria errática.

Alimentación. Baseada en insectos, que alterna con moluscos, miñocas, arácnidos, crustáceos e algúns vexetais. Aliméntase en terra durante o día.

Bioloxía e costumes. Cría normalmente colonial; instala o niño no chan, onde a femia realiza unha posta anual de 4 ovos, incubados 24-29 días por ambos os proxenitores. Polos nidífugos que son coidados polos dous pais. Moi sociable, forma ás veces bandos numerosos de actividade diúrna. Receosa e arisca cara ás persoas.

Hábitat. Nidifica en bordos de marismas e lagoas, en pasteiros húmidos. No inverno pousase en praderías húmidas, terreos de cultivo e zonas palustres, sempre en campo aberto e no chan.

Distribución e poboacións. En Galicia abunda en paso e invernada (setembro-marzo), aínda que en número moi variable segundo as condicións climatolóxicas. É unha ave moi sensible aos temporais, fuxindo masivamente do frío que afecta Europa no inverno, momento no que a súa presenza é especialmente apreciable en Galicia.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **ARCEA** (*Scolopax rusticola*)



Descrición. Ave de tamaño medio, aproximadamente 35 cm e 325 g de peso, caracterízase por presentar un peteiro longo, entre 6,8 e 7,9 cm, patas e ás curtas, plumaxe con combinación de tons pardos e marróns. Non existen diferenzas externas claras entre sexos, a determinación da idade resulta sinxela coa observación do desgaste das rémices primarias e a cor da punta das cobertoras primarias. Os exemplares novos no período de caza presentan a punta das rémices primarias desgastadas e irregulares, así como as cobertoras primarias cun rebordo apical de cor parda que nos adultos é branco.

Alimentación. Ave voraz que se alimenta tanto de día coma de noite, consome principalmente miñocas e, en menor medida, insectos, algunhas sementes e herbas, larvas, eirugas... que consegue utilizando o seu longo e sensible peteiro.

Bioloxía e costumes. A época de cría abarca desde febreiro a xullo. O macho realiza uns característicos voos nupciais no crepúsculo. A femia instala o niño no chan en zonas boscosas non moi pechadas. A posta consta normalmente de 4 ovos, que incuba a femia durante 20-23 días. Os polos son nidifugos e poden voar ás dúas semanas. Ave solitaria e difícil de observar polo seu mimetismo e costumes. De actividade crepuscular, refúxiase durante o día en zonas con árbores, para dirixirse pola noite aos comedeiros, normalmente prados e pasteiros próximos.

Hábitat. Ocupa unha ampla gama de ambientes, aínda que é eminentemente forestal, sempre que teña claros e boa cobertura de sotobosque.

Distribución e poboacións. Trátase dun migrador parcial, e os exemplares novos mostran unha tendencia máis marcada a migrar ca os adultos. Estudos realizados sobre a reprodución en España confirman esta na provincia de Lugo dentro de Galicia; non obstante, cómpre dicir que a maior parte dos exemplares cazados na península Ibérica son aves invernantes nadas no norte de Europa.

Caza. En Galicia preséntase como unha das especies que esperta unha grande afección entre os cazadores, este aumento de afeccionados pode ter a súa explicación na recesión das poboacións doutras especies de caza menor (perdiz rubia fundamentalmente). A arcea cázase coa axuda de cans de mostra, ao salto e en man, e o seu período de caza xeral é o comprendido entre outubro e xaneiro, aínda que pode autorizarse a súa prorroga en terreos de réxime cinexético especial, ata principios do mes de febreiro.

• **BECACINA CABRA** (*Gallinago gallinago*)



Descrición. Peza de mediano tamaño (25-28 cm), cor parda mimética, con peteiro moi longo, que se ergue con voo zigzagueante e berro raspante. Mostra un forte contraste entre o ventre abrancazado, lixeiramente riscado, e o dorso pardo con listas.

Alimentación. Principalmente composta por vermes, tamén insectos, moluscos e algunhas sementes, que busca en zonas lamacentas húmidas con vexetación baixa e que captura co seu longo peteiro.

Bioloxía e costumes. Nidifica no chan ao abrigo da vexetación herbácea. Realiza unha posta anual de 4 ovos que incuba só a femia durante 18-20 días. Polos nidifugos. Non é moi gregaria, aparecendo en solitario, parellas, tríos ou pequenos grupos. Moi agochadiza e de hábitos crepusculares.

Hábitat. Durante a cría, gústanlle as xunqueiras ou pasteiros húmidos, ocasionalmente monte baixo. En paso ou invernada, prados, beiras de ríos e lagoas con vexetación baixa, xunqueiras, arrozais ou marismas.

Distribución e poboacións. É común en paso ou invernando, aumentando as súas poboacións notablemente durante ondas de frío intensas. Nidifica no norte de Portugal e puntos concretos do centro e norte de España, e é común en paso e invernada en lugares apropiados, especialmente nas zonas costeiras cantábricas.

Caza. Cázase ao salto ou en man, con axuda de cans de mostra en pasteiros e praderías encharcadizas onde lle gusta refuxiarse e alimentarse. O período de caza comprende de outubro a xaneiro, podendo autorizarse a súa prorroga en terreos de réxime cinexético especial, ata principios do mes de febreiro.

• **GAIVOTA CHORONA COMÚN** (*Larus ridibundus*)



Descrición. É unha das gaivotas máis pequenas que se reproducen na rexión europea, mide uns 35 cm de lonxitude. A plumaxe é gris polo dorso, coas puntas das ás negras e o resto do corpo branco. En verán presenta o corpo de cor chocolate, que se volve branco en inverno, aínda que mantén dúas manchas negras. O peteiro e as patas son vermellas.

Alimentación. Aliméntase de restos mariños, insectos e desperdicios; frecuenta os vertedoiros.

Bioloxía e costumes. É frecuente en zonas costeiras e en moitas áreas do interior, criando en esteiros, zonas costeiras e encoros de auga doce.

Hábitat. En Galicia compórtase como invernante con esporádicos episodios de nidificación e encóntrase principalmente en brañais costeiros, aínda que tamén frecuenta encoros e lagoas interiores.

Distribución e poboacións. A poboación invernante na nosa comunidade é duns 20.000-25.000 exemplares, e cómpre salientar as rías, entre elas a de Arousa, como principais zonas de acollida. A dinámica estacional caracterízase pola entrada de efectivos extraibéricos desde setembro e a partida entre febreiro e marzo, aínda que os reprodutores permanecen durante todo o ano en moitos brañais galegos.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **GAIVOTA ESCURA** (*Larus fuscus*)



Descrición. Non presenta diferenza entre sexos. Ás abeiradas en branco e manchas brancas no extremo, o resto do corpo tamén branco a non ser en plumaxe invernal cando ten a cabeza apincorada en pardo; ollos, patas e peteiro amarelos, este último cunha mancha vermella no extremo inferior.

Alimentación. Aliméntase de desperdicios, vertebrados e invertebrados diversos.


Bioloxía e costumes. Aniña no chan en colonias en illas e illotes. Pon en maio-xuño 3 ovos pardos apincorados que incuban os dous sexos durante 27 días; os pitos, seminidífugos, voan logo de 5 semanas. Híbrida coa gaivota clara.

Hábitat. Cría en cantís costeiros con vexetación.

Distribución e poboacións. É unha gaivota con maioría de efectivos invernantes de procedencia extraibérica, aínda que na costa galega existe unha pequena poboación nidificante localizada en illas (arquipélagos de Sálvora, Sisargas e Cíes).

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **CORONA CLARA** (*Larus michahellis*)



6

Descrición. Ave mariña de gran tamaño que mide entre 55 e 60 cm de lonxitude. Ten unha plumaxe característica coa parte superior gris, as puntas das ás negras e o resto branco. O peteiro é amarelo e as patas amarelas. Os exemplares novos son de cor parda e tardan catro anos en acadar a plumaxe adulta.

Alimentación. Atopa o seu alimento na beira do mar, aínda que resulta moi frecuente que consuma desperdicios humanos e incluso que acudan en gran número aos vertedoiros próximos á costa.

Bioloxía e costumes. Nidifica en cortados mariños e illotes, poñendo unha media de 3 ovos nunha lixeira cavidade do chan.

Hábitat. É moi abundante na costa, en ribeiras, illas, penedías e vertedoiros do interior.

Distribución e poboacións. Distribúese por toda Europa e reproducése na maior parte das súas costas. En Galicia é sedentaria, abundosa e está en expansión.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **POMBA BRAVA** (*Columba livia*)



Descrición. Semellante en tamaño á zura, da que se distingue polas dúas franxas negras que lle cruzan as ás, corpo azulado cinto con irisacións verdes e violetas no pescozo, cola con banda terminal negra e patas de cor granate. Esta especie é a orixe da pomba doméstica, os exemplares domésticos mostran unha gran variabilidade de deseños, desde o tipo silvestre, pasando por deseños pardos, brancos ou negros.

Alimentación. Aliméntase fundamentalmente de sementes e herbas, capturando ocasionalmente algún invertebrado.

Bioloxía e costumes. Nidifica normalmente en pequenos grupos. Instala o niño en ocos, covas e fisuras, onde realizan dúas ou tres postas anuais de 2 ovos que incuban ambos proxenitores durante 17-19 días. Os polos son nidícolas. Non é demasiado gregaria; obsérvase solitaria, en parellas ou pequenos bandos.

Hábitat. Gústalle os cantís mariños e rochedos interiores para aniñar. As zonas de comedeiro son campos abertos e fragas.

Distribución e poboacións. Especie sedentaria, ben distribuída en estado silvestre por toda a península e Baleares, aínda que en baixo número. En Galicia é escasa como especie pura, aínda que exemplares domésticos, silvestres e recastados son moi comúns por todo o territorio.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **POMBA ZURA** (*Columba oenas*)



6

Descrición. Non se aprecian diferenzas entre os sexos, presenta o corpo cincento, semellante ao da pomba brava, con banda negra nos extremos das ás.

Alimentación. Aliméntase fundamentalmente de sementes e materia vexetal, capturando ocasionalmente algún invertebrado.

Bioloxía e costumes. Nidifica normalmente en pequenos furados de árbores ou en rochedos, onde realiza dúas ou tres postas anuais de dous ovos que incuban ambos os proxenitores durante 16-18 días. Os polos son nidícolas.

Hábitat. Gústalle as fragas. As zonas de comedeiro son campos abertos e masas de árbores.

Distribución e poboacións. Especie sedentaria, ben distribuída por toda a península. En Galicia é pouco abundosa, a súa presenza límitase ao cuadrante suroriental.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **POMBO TORCAZ** (*Columba palumbus*)



Descrición. Diferénciase das outras pombas polo seu maior tamaño, presenza de colar branco no pescozo e manchas brancas nas súas ás. Os adultos presentan unha cor gris azulada que se estende por todo o dorso e cola a excepción dunha banda de cor negra no extremo desta. O peito é de cor rosada.

Alimentación. Aliméntase de cereais, sementes de gramíneas, landras, completando a súa dieta con miñocas, caracois e insectos.

Bioloxía e costumes. Nidifica en árbores, o niño que constrúe consiste nunha estrutura lixeira de ramas, no que a femia pon 2 ovos que incuba 17 días.

Hábitat. Gústalle as fragas caducifolias, piñeirais con cultivos intercalados, alamedas e parques urbanos.

Distribución e poboacións. Cría en toda Europa, sueste de Asia e norte de África e nesta especie preséntanse poboacións sedentarias e migratorias. A península Ibérica é o principal cuartel de invernada das torcaces nativas do norte e centro de Europa, sendo o Pireneo occidental a vía de entrada na península. En Galicia é unha especie común e sedentaria como invernante.

Caza. En Galicia, ademais de realizar un aproveitamento cinexético desta especie durante o período hábil xeral de caza (dende outubro a xaneiro), nestas últimas tempadas, e nos Tecor da provincia de Ourense localizados na antiga Lagoa de Antela, estase autorizando a súa caza durante os meses de agosto e setembro xunto co paspallás.

• RULA TURCA (*Streptopelia decacoccyo*)



6

Descrición. Non se aprecian diferenzas entre os dous sexos, cun tamaño lixeiramente superior á común e cunha plumaxe de cor ocre, coas partes inferiores máis claras e peito rosado. O pescozo dos exemplares adultos ten unha estreita banda negra delimitada por unha liña branca interrompida á altura da gorxa. As ás caracterízanse polos seus extremos de cor escura e resto das plumas de colorido uniforme.

Alimentación. Aliméntase tanto de sementes de plantas silvestres como cultivadas, froitos e bagas.

Bioloxía e costumes. Reprodúcese desde marzo ata setembro, e é frecuente que realice dúas ou máis postas por tempada, con 2 ovos por posta que incuban ambos os proxenitores durante dúas semanas. Os polos permanecen no niño tres semanas.

Hábitat. Atópase en zonas moi humanizadas (parques e xardíns urbanos, así como instalacións agrícolas), faltando nas zonas de alta montaña.

Distribución e poboacións. Especie orixinaria do sur asiático que experimentou un notable proceso de expansión.

Caza. En Galicia está prohibida a súa caza.

• **RULA COMÚN** (*Streptopelia turtur*)



Descrición. Pomba pequena, de tons pardos. Dorso de cor areosa con manchas negras e peito rosado. Mostra no pescozo unha mancha listada de branco e negro, ausente nos exemplares novos. Cola negra con bordos brancos.

Alimentación. Aliméntase no chan, principalmente de sementes e ocasionalmente dalgúns animalíños (moluscos etc).

Bioloxía e costumes. O período reprodutor sitúase entre os meses de maio e agosto e saca adiante normalmente dúas postas por tempada. Constrúe un niño que consiste nunha plataforma de garabullos a pouca altura. Normalmente realizan dúas postas ao ano de 2 ovos cada unha, cuxa incubación corre a cargo de ambos os sexos. Ás dúas semanas nacen os pombiños, que permanecen no niño 18-21 días, coidados por ambos os proxenitores. É unha especie gregaria e de querenzas regulares a comedeiros e bebedeiros.

Hábitat. Frecuenta distintos tipos de masas arboradas, sempre próximas a cultivos e pasteiros.

Distribución e poboacións. Migrante transahariano, con cuarteis de invernada situados no Sahara. É unha especie estival con presenza habitual de maio a setembro. O paso primaveral transcorre entre abril e maio, e o outonal, entre a segunda quincena de agosto e principios de outubro. Nidifica en toda a península e Baleares, presentando as súas maiores densidades nas rexións do oeste e suroeste. En Galicia, como nidificante, repártese por todo o territorio, aínda que se observa unha diminución das súas poboacións dende o ano 1980.

Caza. En Galicia, ademais de realizar un aproveitamento cinexético desta especie durante o período hábil xeral de caza (dende outubro a xaneiro), nestas últimas tempadas, e nos Tecor da provincia de Ourense localizados na antiga Lagoa de Antela, estase autorizando a súa caza durante os meses de agosto e setembro xunto co paspallás.

• **TORDO REAL** (*Turdus pilaris*)



Descrición. Non se aprecian diferenzas de plumaxe entre sexos, presenta un tamaño menor ca o tordo charlo e maior ca o tordo galego e malvís. Recoñécese facilmente pola cabeza, caluga e mitra cincentas; risca supraocular clara; rabo longo e mouro; patas moi escuras; dorso pardo arrubiado; peito e costas ocre con pencas en forma de punta de frecha; ventre branco; infracobertoras ala-res brancas (ocre e vermello no galego e malvís).

Alimentación. Aliméntase de froitos e bagas, caracois, miñocas e insectos.

Bioloxía e costumes. Tordo arisco e moi gregario, presente só durante o inverno na península Ibérica.

Hábitat. En inverno, campos abertos.

Distribución e poboacións. Non cría na península e Baleares, en Galicia vese como invernante dende mediados de outubro a marzo, aínda que a súa presenza é variable, aumentando espectacularmente en épocas de moito frío.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **TORDO GALEGO** (*Turdus philomenos*)



Descrición. Non se aprecian diferenzas de plumaxe entre sexos, é un paxaro mediano (21-23 cm) de tons pardos coa plumaxe superior, peito e costas cremosos con numerosas pencas en punta de frecha aliñadas. É característica a tinteira ocrácea dos flancos e debaixo das ás.

Alimentación. Baseada no consumo de invertebrados (insectos, miñocas e caracois), que en outono e inverno complementa co consumo de gran variedade de froitos.

Bioloxía e costumes. Constrúe un niño voluminoso en forma de copa en zonas con árbores. Realiza dúas ou tres postas anuais, de 3 a 6 ovos, que incuba a femia durante 11-15 días. Os polos nidícolas son atendidos por ambos os proxenitores e voan aos 15-20 días. Moi gregario no inverno. É un migrante principalmente nocturno, e os exemplares desprázanse en bandos pouco compactos; empregan o día para repousar e alimentarse. En ocasións detéctase no campo a presenza de zafras, pedras onde escachan a cuncha dos caracois para comer o seu contido.

Hábitat. Arboredos, ribeiras fluviais, parques grandes; en inverno en praderías e campos.

Distribución e poboacións. Na península Ibérica é invernante de outubro a marzo, e aníña unicamente no norte. En Galicia é común e sedentario con invernantes procedentes de países do norte.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **TORDO MALVÍS** (*Turdus iliacus*)



Descrición. Non se aprecian diferenzas de plumaxe entre sexos, é un tordo pequeno (21 cm), distinguíbel das outras especies polo seu menor tamaño, flancos e cara inferior das ás de cor marrón-avermellada e marcada cella branca, as pencaas do peito forman listas verticais sobre fondo cremoso.

Alimentación. Consome froitos e bagas, caracois, miñocas e insectos.

Bioloxía e costumes. Non cría na península nin en Baleares. Adoita agruparse en bandadas que no inverno alternan rutineiramente comedeiros e lugares onde dormen, mostrando un comportamento nomádico.

Hábitat. Formacións forestais, ocupando no inverno campos abertos, bosques con claros e ocasionalmente praderías e parques urbanos.

Distribución e poboacións. É unha especie estritamente invernal en todo o rango peninsular, e recibe masivamente exemplares de procedencia nortea (países bálticos, Islandia...), aínda que en número variable segundo as condicións meteorolóxicas imperantes. En Galicia é unha especie abundosa, que se ve dende outubro a marzo, e da que se incrementa notoriamente a súa presenza en épocas de moito frío.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **TORDO CHARLO** (*Turdus viscivorus*)



Descrición. É o tordo que presenta un tamaño máis corpulento, con 27 cm de lonxitude. A plumaxe é de cor pardo-grisalla pola parte superior do corpo e branca ventralmente. O peito ten grandes manchas apincaradas. As plumas externas da cola acaban en branco. En voo vese a zona inferior das ás de cor branca. Non hai diferenzas externas entre o macho e a femia. Seméllase a outros tordos, pero o tordo real é cincento na cabeza e mitra e ten patas e cola escuras; o tordo galego ten tons ocre nos flancos e debaixo das ás e o tordo malvís mostra costas e debaixo das ás rubias e unha notoria cella clara.

Alimentación. Variada, composta por bagas, caracois, miñocas e insectos.


Bioloxía e costumes. É unha especie sedentaria, aínda que no outono e no inverno chegan algúns exemplares de procedencia europea. Os bandos destes tordos realizan desprazamentos locais en busca de alimento. Fai un niño con forma de copa, construído por ambos os sexos, en árbores. A época de nidificación comeza a partir de marzo e a posta é de 3 a 5 ovos.

Hábitat. Fragas claras durante o período reprodutivo, aparecendo en inverno en campos abertos.

Distribución e poboacións. É sedentario en moitas zonas do país, pero máis frecuente nas montañas da zona norte, aínda dentro da súa escaseza. En Galicia vese de xeito irregular por todo o territorio; é aniñante común nas zonas de montaña e algo máis escaso no resto.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **ESTORNIÑO PINTO** (*Sturnus vulgaris*)



6

Descrición. Ave de mediano tamaño (20-22 cm), con peteiro amarelo en verán, cola curta e cadrada, corpo gordecho e ás apuntadas de contorno triangular. Presenta numerosas pintas triangulares que cobren a súa plumaxe negra e que son de cor parda avermellada na zona dorsal e brancas na zona ventral. A femia é máis apinagrada ca o macho e os exemplares novos do ano son pardos.

Alimentación. Consome insectos, froitos e sementes, constituíndo unha praga para a agricultura en moitas rexións europeas.


Bioloxía e costumes. Cría en buracos de árbores, gretas e ocos de edificios, poñendo entre 5 e 7 ovos, pode realizar dúas postas por tempada de cría. Alternan diariamente zonas de alimentación en campos e xardíns con zonas onde dorme.

Hábitat. Habita en bosques claros, cultivos, parques, xardíns e zonas urbanas, agrupándose pola noite en lugares onde dorme.

Distribución e poboacións. Distribúese por toda Europa, e chega a poboación reprodutora ata o norte da península Ibérica. En Galicia é invernante numeroso dende outubro, e obsérvanse grandes bandos mesturados co estorنيño negro.

Caza. Especie con pouco interese cinexético, o seu período hábil de caza vai dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas).

• **PEGA RABILONGA** (*Pica pica*)



Descrición. Ave de mediano tamaño (42 cm), inconfundible polo súa característica plumaxe branca e negra. Os adultos presentan a cola longa e graduada.

Alimentación. Especie oportunista, presenta unha dieta practicamente omnívora, aproveitando gran variedade de recursos, tanto animais (insectos, miñocas, caracois, pequenos vertebrados, prea) e vexetais (froitos e grans), como lixos e desperdicios humanos.

Biología e costumes. Fai o niño en árbores e arbustos, caracterizado este por ser grande con moitas ramas e en forma de copa. Realiza unha posta anual de 5-8 ovos que incuba a femia durante 17-18 días. Os polos son nidícolas e son coidados por ambos os proxenitores ata as 3-4 semanas. É unha ave moi inqueda e activa, de hábitos pouco discretos, de voo lento e recto, con bater de ás rápido. Adoita reunirse en lugares de durmida comúns e no inverno pode formar grandes bandos.

Hábitat. Gústalle os terreos abertos con arborado disperso ou mato alto. Campos de cultivo, praderías e parques.

Distribución e poboacións. Sedentaria. En Galicia é moi común e está espallada pola súa totalidade, aínda que é escasa nas zonas de montaña.

Caza. Carece de interese cinexético e, polo xeral, son abatidas no transcurso doutras cazarías de caza menor durante o período hábil xeral de caza.

• **GRALLA CEREIXEIRA** (*Corvus monedula*)



6

Descrición. Non se aprecian diferenzas de plumaxe entre sexos, presenta unha cor xeral negra, agás a caluga e laterais da cara que son cincentos. Ave con voo rápido e en terra camiña moi erguida, movendo a cabeza.

Alimentación. Dieta omnívora de insectos, caracois, miñocas, pequenos vertebrados, desperdicios urbanos e tamén froitos e sementes.

Bioloxía e costumes. É unha especie moi gregaria, que vive en bandos numerosos, nidifica en gretas ou buracos onde pon de catro a seis ovos.

Hábitat. Vive en colonias en penedías, grandes e vellos edificios, campanarios e parques con grandes árbores ocas. Como comedeiros frecuenta terreos abertos (cultivos e praderías) e vertedoiros.

Distribución e poboacións. Ave sedentaria, común na maior parte da península Ibérica, aínda que escasa e peor repartida ao norte e ao leste. En inverno recibimos aves procedentes de latitudes norteñas, onde a especie é parcialmente migradora. En Galicia é pouco común e está distribuída de xeito irregular.

Caza. En Galicia nos últimos anos está prohibida a súa caza.

• **CORVO** (*Corvus corone*)



Descrición. Córvido negro de mediano tamaño (43-47 cm), de cola cadrada e voz característica. Plumaxe negra irisada. Voo recto, normalmente a baixa altura, con bater de ás lentos e regulares.

Alimentación. Come no chan en terreos abertos, onde captura insectos, caracois, vermes, pequenos vertebrados, prea e materia vexetal diversa (sementes e froitos).

Bioloxía e costumes. Constrúe o niño en árbores e penedías. Realiza unha posta ao ano constituída por 4-6 ovos que incuba a femia durante 18-20 días. Os polos son atendidos por ambos os adultos, voan aos 28-35 días. Ave non moi gregaria, adoita aparecer en parellas ou tríos, rara vez en pequenos bandos. Ocasionalmente reúnese en nutridos lugares para durmir. Común en bordos de camiños e estradas, onde busca cadáveres de paxaros e mamíferos atropelados polos vehículos.


Hábitat. Ocupa todo tipo de paisaxes abertas, sempre que teñan arborado próximo (soutos, fragas ou árbores dispersos). Moi ligado a medios humanizados.

Distribución e poboacións. Sedentaria. Cría repartida por case toda a península Ibérica, con abundancia desigual, sendo máis frecuente na metade norte. En Galicia é abondoso, atópase espallado por toda ela, aínda que se enrarece nas zonas montañosas con certa altitude.

Caza. Ao igual ca os outros dous córvidos, carece de interese cinxético e, polo xeral, son abatidas no transcurso doutras cazarías de caza menor durante o período hábil xeral de caza.

MAMÍFEROS

- **LEBRE** (*Lepus granatensis*)



6

Identificación. É a lebre máis pequena das lebres españolas, cun peso medio duns 2,3 kg, cunhas patas e orellas longas que se caracterizan estas últimas por presentar o extremo de cor negra, presenta unha cor de pelo pardo-amarela, a excepción da zona ventral, que é de cor branca e a cola coa parte superior negra e a inferior branca.

Taxonomía. Esta especie presenta tres subespecies: *L. g. granatensis*, presente en toda a península, agás no noroeste, *L. g. gallaecius*, de cor máis escura, presente no noroeste peninsular, e a *L. g. solisi*, presente na illa de Mallorca.

Distribución. Na península Ibérica están presentes tres especies de lebre: lebre ibérica (*Lepus granatensis*), lebre europea (*Lepus europaeus*), lebre de piornal (*Lepus castroviejoii*). A lebre europea, localizada nos Pireneos, metade oriental da cornixa Cantábrica e sector norte do Ebro, a lebre de piornal, localizada nas montañas de León, Palencia, Cantabria, Asturias e Lugo, e a lebre ibérica que ocupa o resto da península Ibérica.

Hábitat. Animal que prefire zonas de monte baixo e praderías (a altura máxima na que habita é de 1.600-2.000 m). Resiste máis as baixas temperaturas e a humidade ca o coello de monte, non vive en tobos, aínda que, cando fai moito frío, se protexe en depresións do terreo.

Ciclo biolóxico. Animal sedentario e individualista. Ao non refuxiarse en tobos, a súa defensa radica na fuxida a gran velocidade, podendo acadar os 50-60 km/h. Especie bastante prolífica, aínda que non tanto coma o coello, acada a idade adulta aos sete ou oito meses; o período reprodutor é amplo, entre

xaneiro e outubro, aínda que en zonas favorables pode reproducirse durante todo o ano; o seu período de xestación é de 42-43 días; as crías nacen con pelo e cos ollos abertos en camas sobre o chan, son aleitadas durante 4 semanas e adoitan parir de dúas a catro veces no ano, cunha produción de 2-3 lebratos por parto, sendo os mellores partos os que se producen en maio-xuño. Na lebre prodúcese un fenómeno que se coñece co nome de superfetación, mediante o cal as femias, unha vez empenhadas, son capaces de reter no seu organismo espermatozoides procedentes desta cópula. Durante a preñez non interrompen a produción de óvulos nin a actividade sexual, polo que poden ser cubertas de novo antes do parto. Estas cópulas non fertilizan a femia, pero inducen a ovulación, e son fecundados os óvulos polos espermatozoides almacenados procedentes do primeiro macho que a cubriu.


Principais enfermidades.

- Infeccións víricas
 - Destacan a mixomatose, a rabia e a síndrome vírica da lebre.
- Infeccións bacterianas
 - Pastelenose. Enfermidade que provoca un abatemento xeral do animal, que ocasiona que, cando son perseguidos para a súa captura no exercicio caza, caian mortos. Estes exemplares non son aptos para o consumo.
 - Pseudotuberculose.
 - Infeccións por estafilococos.
 - Tularemia. Enfermidade asociada a densidades altas de lebres, os pequenos roedores actúan como reservorio. Os brotes da enfermidade adoitan coincidir no outono e inverno, a mortalidade que ocasiona non soe ocasionar un impacto importante na súa poboación. Transmítese con facilidade ao home debido á súa manipulación, o que provoca inflamación dos ganglios linfáticos e presenta os síntomas dunha gripe. A carne de lebre con tularemia pode consumirse sen risco de padecer a enfermidade, sempre que estea ben cociñada, nunca crúa ou pouco feita, a conxelación non elimina a bacteria causante da enfermidade.
- Infeccións por protozoos
 - Coccidiose.

Caza. Esta especie en Galicia cázase fundamentalmente empregando cans de rastro, e normalmente o seu período hábil de caza é o comprendido entre os meses de outubro e principios de decembro.



COELLO (*Oryctolagus cuniculus*)



6

Identificación. É o representante ibérico máis pequeno dentro da orde dos lagomorfos. O peso corporal dos coellos ibéricos non adoita superar 1 kg (peso dos adultos entre 0,9 e 1,5 kg), a súa lonxitude media é de 412 mm, tarso, 52,5 mm, pé, 72,5 mm e orella, 74,7 mm. A pelaxe é dunha cor gris parda terrosa, coa caluga encarnada e o ventre branco, a cola presenta a parte superior gris e a inferior branca.

Os coellos deixan sinais que resultan inconfundibles, como son a presenza das bocas dos tobos e os cagalleiros, realizan tamén escaravelladuras superficiais de 3 a 10 cm de profundidade e de 5 a 15 cm de lonxitude acompañadas frecuentemente de excrementos nas súas proximidades, estes son esféricos e de cor negra, do tamaño dun chícharo grande (7-12 mm).

Taxonomía. Os coellos das poboacións setentrionais son dun tamaño superior aos das meridionais, e admítase na actualidade a presenza de dúas subespecies na península Ibérica: *Oryctolagus cuniculus algerius*, de pequeno tamaño, está considerado como a subespecie orixinal e ocupa o cuadrante suroccidental da península; e *O.c. cuniculus*, de maior tamaño e habita no resto da península.

Distribución. Especie orixinaria da península Ibérica, dende onde se estendeu a numerosas áreas, ben por colonización ou ben por ser introducido polo home. Na actualidade ocupa toda Europa occidental, incluíndo Gran Bretaña e Irlanda, foi introducido con éxito en Australia, Nova Celandia e Chile. Dentro da península Ibérica ocupa a maior parte desta, agás unha pequena franxa no norte peninsular; non adoita subir por enriba dos 1.200 m de altitude, aínda que pode chegar aos 1.600 m, a súa presenza no norte peninsular e nas zonas altas da Cordilleira Cantábrica e dos Pireneos é rara.

Hábitat. Prefire zonas cunha cobertura vexetal protectora, terreos de monte baixo, co seu óptimo nos matos mediterráneos, aínda que tamén cría en zonas de toxais, uceiras e terreos poboados de silvas. O chan debe ser facilmente

ecaravellable para facer os seus tobos, rexeita as humidades nos tobos, o que limita a súa presenza en zonas demasiado húmidas.

Costumes e comportamento social. Especie polígama, sedentaria e gregaria, vive en pequenas comunidades cunha xerarquía social moi estrita na que hai un macho dominante e algunha femia adulta tamén dominante. Constrúen tobos ou ben ocupan fendas naturais do terreo. A localización dos tobos non é ao chou, senón que depende do tipo de chan, nivel freático, distribución da vexetación e alimento, así como dos predadores. O territorio do grupo é defendido polo macho dominante, pero todos os integrantes participan no establecemento dos seus límites, demarcación que realizan mediante os cagalleiros, marcas olfactivas producidas por glándulas bucais ou por escaravelladuras (no caso do macho dominante).

Nesta especie prodúcese o fenómeno coñecido como “cecotrofia”, que consiste en inxerir os excrementos procedentes da primeira dixestión dos alimentos. Os coellos producen dúas clases de excrementos, os primeiros de cor branquiña e de aspecto xelatinoso (excrementos brandos), que son inxeridos inmediatamente despois de ser expulsados. Unha vez inxeridos, serán de novo expulsados, esta vez en forma de excrementos duros, que son os que normalmente atopamos no campo.

Reprodución. Adapta os seus ciclos de vida ás condicións climáticas existentes, coas primeiras choivas no outono aparecen as primeiras coellas empañadas, pero non é ata o remate do inverno e primavera cando a reprodución acadada o seu máximo, e, dependendo das condicións ambientais, a actividade reprodutora pode rematar nos meses de xuño e xullo.

As femias paren nunhas cámaras de cría individuais, nas que constrúen un niño con follas e pelo da zona ventral. Despois dun período de xestación de 30 días, paren de 2 a 6 crías sen pelo e cos ollos pechados, a femia visita as crías dunha a tres veces ao día para darlles de mamar. O crecemento das crías é rápido e poden realizar vida propia ás 3 semanas e aos 4-6 meses poden chegar a reproducirse.

Principais enfermidades.

➤ Infeccións víricas

- Mixomatose. Trátase dunha enfermidade que afecta única e exclusivamente o coello europeo (*Oryctolagus cuniculus*), non afecta as variedades americanas -xénero *Sylvilagus*- ou, se as afecta, é de forma inaparente. Caracterízase pola aparición en diversas partes do corpo de edemas mixoides ou xelatinosos (por exemplo, pálpebras inflamadas e tumefaccións na cabeza), que xeralmente rematan coa morte do animal enfermo. Se esta enfermidade supón un perigo constante e permanente para o coello, o proceso agrávase durante os meses de primavera e finais do outono (sobre todo cando son cálidos e húmidos).

- Pneumonía vírica hemorráxica. Trátase dun proceso vírico que afecta coellos de idade superior aos dous meses. Os animais afectados presentan un cadro hemorráxico xeneralizado (por alteracións na coagulación), trastornos nerviosos convulsivos e morte rápida. O diagnóstico clínico a partir da sintomatoloxía é difícil: unicamente nos serve como signo orientativo a presenza de hemorraxia nasal.

➤ Infeccións bacterianas


- Rinite aguda.

➤ Infeccións por protozoos

- Coccidiose.

Caza. O seu período hábil de caza esténdese dende outubro a xaneiro (segundo o establecido na resolución anual de vedas), mediante as modalidades de caza en man, ao salto e zapeo fundamentalmente.

• **RAPOSO** (*Vulpes vulpes*)



Identificación. Cánido de fociño afiado, orellas erguidas e cola longa e moi poboada, o seu corpo adoita medir uns 60-70 cm de longo e a cola uns 40 cm. A súa pelaxe presenta unha cor xeral pardo-encarnada, coa zona ventral, zona inferior do fociño e meixelas de cor branco agrisado. Patas e parte posterior das orellas de cor negra. A punta da cola adoita ser branca. Non existe un dimorfismo sexual moi marcado, aínda que os machos xeralmente presentan un peso superior (6-7 kg).

As súas pegadas son inconfundibles, caracterizándose por ser alongadas e marcan catro dedos diferenciándose normalmente as uñas, posúen un tamaño de 5 cm de longo por 4 cm de ancho.

Taxonomía. Na actualidade en Europa non se considera que existan subespecies distintas.

Distribución. É un dos mamíferos terrestres con maior área de distribución mundial. Está presente de xeito natural en América do Norte, Europa, norte de África e na maior parte de Asia ata Xapón, foi introducida en Australia. En España está presente en toda a península Ibérica, agás nas Illas Baleares e Canarias.

Hábitat. Especie que presenta un claro carácter xeneralista na súa alimentación, o que lle permite ocupar calquera tipo de hábitat que ofrezca un mínimo de refuxio e alimento. En España atópase dende as praias ata a alta montaña, ocupando todos os hábitats posibles, aínda que prefire terreos abertos ou zonas con gran diversidade paisaxística antes ca zonas forestais moi extensas e continuas.

Costumes e comportamento social. Animal de costumes nocturnas, que se atopa polo xeral durante o día encamado en zonas nas que a vexetación lle proporciona refuxio ou ben agochado no seu tobo.

Os raposos, polo xeral, ocupan territorios ben definidos, contiguos, con escaso ou nulo solapamento. Estes territorios están ocupados por parellas ou por grupos formados por un macho e tres ou catro femias adultas, que manteñen unha relación xerarquizada. O tamaño do territorio é inversamente proporcional

á cantidade de alimento dispoñible (en Europa a superficie dos territorios estímase entre 100 e 500 hectáreas). Nos anos con escaseza de alimentos, o tamaño do territorio pode permanecer constante, pero as femias subordinadas poden ser expulsadas e obrigadas a dispersarse. Unicamente adoita criar a femia dominante, mentres as subordinadas ou ben non teñen acceso á reprodución ou ben abortan antes de parir; estas poden actuar como axudantes na cría, achegando alimento e coidando os cachorros da femia dominante.

Reprodución. O celo prodúcese entre decembro e febreiro, a xestación dura 52-53 días, e prodúcense os partos no mes de marzo e abril no interior dos tobos. O tamaño da camada é de 4 ou 5 cachorros, o destete prodúcese ás 8-10 semanas de vida, e aos 3 meses de idade cazan en compañía da nai. No outono, a partir do mes de setembro, prodúcese a dispersión dos novos raposos, existindo unha maior tendencia a dispersarse por parte dos machos (as femias poden permanecer no territorio familiar), acadan a madurez sexual aos 10-12 meses de vida.

Principais enfermidades.

➤ Infeccións víricas

- Rabia. O virus penetra mediante mordeduras ou feridas contaminadas con saliva. O raposo actúa como principal reservorio da enfermidade, a vacina oral preséntase como medida efectiva para erradicar a enfermidade.
- Moquillo canino. Enfermidade que se transmite a través das vías respiratorias e se manifesta no raposo nos meses de inverno. O mellor método de loita é o preventivo, aínda que pouco viable en especies silvestres. As poboacións de raposo recupéranse de xeito natural despois dunha infección de moquillo.
- Sarna sarcóptica. Enfermidade da pel ocasionada por un ácaro parasito (artrópodo), que penetra na pel do animal e ocasiona a perda de pelo, primeiro na base do rabo e patas traseiras e posteriormente avanza polo resto do corpo. O animal ráscale nas zonas infectadas provocando feridas e costras e nalgún caso chega a roer as patas e o rabo. Os raposos adoitan morrer ao mes seguinte despois da infección, de feito a sarna pode exterminar localmente a poboacións enteiras de raposos.

Caza. No caso de Galicia, ata hai relativamente pouco tempo, cazábase esta especie polos danos que ocasionaba como consecuencia da súa acción depredadora sobre outras especies cinexéticas. Na actualidade, a escaseza doutras especies de caza menor e os efectivos poboacionais que mantén o raposo motiva que moitos cazadores teñan esta especie como principal obxectivo da súa actividade venatoria, practicando a caza desta especie durante toda a tempada de caza. O raposo cázase mediante diversas modalidades: en batida, ao salto, zapeo, tobo... A caza do raposo na modalidade de batida, coa axuda de cans de rastro, conta con numerosos adeptos en Galicia, onde existen cuadrillas especializadas nesta caza.

• **VISÓN AMERICANO** (*Mustela vison*)



Identificación. Mustélido de cor marrón moi escura, case negra. Presenta manchas brancas non seu beizo inferior, no peito, ventre e virilla. As súas orellas case non sobresaen do pelo, posúen membranas interdixitais incompletas nas mans e pés.

Distribución. É unha especie orixinaria de Norteamérica. Os exemplares que se atopan no medio natural en España proceden de visóns que escaparon ou foron liberados de explotacións creadas para a súa cría con fins comerciais e, dada a súa adaptabilidade, derivaron nun establecemento definitivo da especie.

Hábitat. É un animal semiacuático, que pode vivir en ríos, lagoas e na beira-mar, sempre que exista alimento suficiente. En Galicia vive en cursos de auga con abundante vexetación de ribeira, acadando máximas densidades en zonas pantanosas, turbeiras e lagoas ricas en vexetación con abundantes poboacións de peixes, aves, pequenos mamíferos e anfibios.

Alimentación. É unha especie xeneralista, consome peixes, aves, micromamíferos, insectos, anfibios, réptiles e froitos.


Costumes e comportamento social. Son animais solitarios e territoriais, que están activos tanto de día como de noite, aínda que predomina a actividade nocturna e crepuscular.

Reprodución. O visón é un animal que presenta un sistema de apareamento promiscuo e non se establecen vínculos duradeiros entre a parella. O fotoperíodo determina o comezo da reprodución, realizándose as cópulas entre marzo e abril. A femia presenta implantación diferida, a xestación real dura entre 28 e 30 días dende a implantación do óvulo no útero. O parto ten lugar entre abril e maio nun tobo normalmente situado cerca da auga, no que adoitan parir de 4 a 6 crías, que son capaces de reproducirse na primavera seguinte ao seu nacemento.

Caza. Esta especie carece de interese cinxético e, polo xeral, é abatida no transcurso doutras cazarías de caza menor durante o período hábil xeral de caza.

6.02 Especies de caza maior

• LOBO (*Canis lupus*)



Identificación. Morfoloxía típica dun cánido, con cabeza grande e potentes mandíbulas, as orellas son triangulares e erguidas, cola grande e moi poboada. Os lobos da península Ibérica posúen unha pelaxe de cor agrisada ou pardo-encarnada, son de menor tamaño ca os do norte de Europa, os machos son máis grandes e robustos ca as femias, podendo acadar os 50 kg no caso dos machos e 38 kg as femias. As pegadas son grandes e ben marcadas, moi difíciles de diferenciar das dun can de gran tamaño, os excrementos adoitan depositalos en zonas elevadas do terreo, e, ás veces, obsérvanse rabuñaduras feitas no chan.

Distribución. Gran parte de Europa, Asia e Norteamérica, na península Ibérica distribúese polas comunidades do norte peninsular e Castela, en Portugal está presente nas zonas nororientais, no territorio fronteirizo con España.


Hábitat. Especie xeneralista que habita unha gran variedade de medios, sempre que estes lle ofrezan alimento e protección fronte ao home.

Costumes e comportamento social. Animal de costumes nocturnos, atópándose polo xeral durante o día encamado. Os lobos viven en mandas xerarquizadas, o núcleo da manda é a parella reprodutora, á que se suman as crías do ano e outros individuos de anos anteriores.

Reprodución. O celo prodúcese entre finais de xaneiro e principios de abril, a xestación dura 63 días, producíndose os partos entre os meses de abril e xuño; en grupos estables unicamente se reproducen os exemplares dominantes, polo que soamente existe unha camada por manda. O tamaño medio por camada sitúase en 5 crías, que abren os ollos entre os 11 e 15 días de vida, comezando a saír do cubil ás 3 semanas. Ata as 11 semanas viven no contorno da parideira e a dispersión estímase entre os 26 e 32 meses de idade.

Caza. Unicamente se pode practicar a caza desta especie en Galicia como medida de control dos danos que ocasione, e autorízanse as ditas medidas de control durante todo o ano, agás nos meses de abril, maio e xuño, meses nos que a especie está criando.

• **XABARIL** (*Sus scrofa*)



Identificación. É o antepasado do porco doméstico, ao que se asemella por presentar un corpo gordecho, pescozo curto, patas curtas e delgadas.

Taxonomía. En España a principios do século XX describíronse dúas subespecies, que non todos os autores actuais recoñecen:

- *S. s. castilianus* ocuparía os dous terzos setentrionais da península, caracterízase por presentar borra lanosa debaixo das sedas.
- *S. s. baeticus*, propia de Andalucía, caracterizada por presentar menor tamaño e por carecer de borra.

Distribución xeográfica. Esténdense por unha gran parte do continente euroasiático e polo norte de África, na península Ibérica preséntase por toda a súa superficie, agás en Baleares e Canarias.

Costumes. Especie con actividade principalmente crepuscular e nocturna, que se mantén durante o día encamado en zonas con presenza dunha espesa vexetación. As femias reprodutoras e as súas crías de 1-2 anos viven en pequenos grupos ou unidades familiares denominadas “piaras”, os machos adultos viven solitariamente ou ben acompañados por un exemplar novo. Os grupos familiares adoitan ter uns dominios dunhas 200 a 2.000 ha, e o dos machos é maior en extensión.

Hábitat. Pode vivir en calquera lugar dende o nivel do mar ata a alta montaña, sempre que presenten unhas condicións axeitadas no tocante á dispoñibilidade de refuxio, alimento e auga.

Alimentación. Animal omnívoro, consome plantas silvestres e cultivadas, froitos forestais, así como materia animal. A distribución porcentual dos diferentes tipos de alimentos varía en función da alta ou baixa produción en froitos forestais (landras, castañas etc.).

Reprodución. Especie polígama, na que as femias adquiren a madurez sexual aos 8-10 meses, idade na que adoitan acadar o peso mínimo necesario para isto (40 kg), os machos son capaces de fecundar cunha idade de 2 anos, aínda

que non adoitan facelo ata o ano seguinte. O celo na especie prodúcese dende outubro ata maio, sendo decembro o mes principal. O número de fetos depende da idade e do peso da femia, sendo de 2 a 4 nas primíparas e de 4 a 6 nas adultas. A xestación dura entre 115 e 135 días, a femia antes de parir sepárase do grupo familiar e, nunha zona de monte pecho, constrúe con restos vexetais a parideira. Nos primeiros meses de vida (6 primeiros), as crías presentan unha pelaxe raiada, polo que reciben o nome de raións. A súa media de vida é de 12-15 anos.

Principais enfermidades.

Triquinose. É producida por un nematodo, e é unha enfermidade característica do xabaril. Na súa fase larvaria, o parasito está enquistado nos músculos do animal, de xeito que, cando esta carne é inxerida por outro animal ou polo home, o quiste transfórmase, pasando ao torrente sanguíneo e enquistándose novamente no músculo do hóspede. Para o ser humano é moi perigosa, polo que é recomendable realizar unha análise da carne de xabaril antes de consumila.

Caza. Especie que sufriu un incremento notable das súas poboacións, colonizando a totalidade do territorio da comunidade e incrementando os seus efectivos naquelas zonas nas que estaba presente. Cázase mediante as modalidades de caza maior. O seu período hábil esténdese normalmente dende setembro ata febreiro, aínda que, cando se presentan danos, pódese autorizar excepcionalmente a súa caza fóra deste período.

• **CABRA MONTESA** (*Capra pyrenaica schinz*)



Identificación. Esta especie, xunto co muflón, arruí e rebezo, constitúe o grupo de representantes cinexéticos españois pertencentes á familia dos bóvidos. A diferenza dos cérvidos, trátase de especies con cornos que presentan un crecemento continuo durante a vida do animal. A cabra montesa é unha especie autóctona na península Ibérica, de pelaxe pardo-agrisada. Os machos son máis corpulentos e exhiben cornos máis longos e sempre máis grosos ca as femias. A datación da idade baséase no cálculo dos “medróns” (segmentos de crecemento anual en que se van dividindo os cornos), a lonxitude dos cornos, a configuración de manchas negras na pelaxe invernal dos machos e a análise da dentición.

Ciclo biolóxico. Presenta un claro dimorfismo sexual, presentando as femias un peso de 40 kg e os machos de 90 kg. Os machos e as femias son maduros sexualmente ao ano de vida, aínda que as femias non adoitan quedar preñadas ata o segundo ou terceiro ano de vida e os machos non se reproducen ata os catro anos. O celo comeza en outubro-décembro, a xestación é de 5 meses de duración, nacente as crías a finais de maio ou principios de xuño, a maioría dos partos son simples, aínda que se poden dar partos dobres en boas condicións, a lactación dura entre 3-6 meses.

A media de vida desta especie pode situarse nos 20 anos.

Costumes. Actividade nocturna, crepuscular e ao amencer no verán, e moito mais diúrna no inverno. Son animais gregarios, as femias e machos de menos de catro anos viven en grupos denominados rabaños, mentres que os machos de 4 ou máis anos viven en grupos diferentes e os machos máis vellos son solitarios.

Hábitat. Zonas de montaña con cantís e terreos pedregosos, con monte baixo e prados naturais, descendendo no inverno ás fragas da parte baixa das ladeiras ou a prados de fondo de val.

Alimentación. Vexetal e moi variada formada por liques, carrizas, herba, follas, gromos, codias de árbores e arbustos.

Caza. Na actualidade está prohibida a caza desta especie en Galicia, agás nos terreos cinexéticos de réxime especial do Xurés.

• **CORZO** (*Capreolus capreolus*)



6

Identificación. Pequeno cérvido, esvelto e áxil de movementos, de característico ladrado cando é molestado e cando defende o territorio. Librea invernal pardo-agrisada, que se torna encarnada no verán. Cola reducida. Escudo anal branco, con forma de ril no macho e de corazón invertido na femia, distintivo moi claro no campo. Os machos presentan unha corna rugosa, pequena e pouco ramificada. Outras formas de diferenciar os sexos son a silueta, a forma de urinar ou os xenitais. Ata os cinco meses, os corciños exhiben a pel apincurada. Os machos no seu primeiro ano mostran curtos pivotes entre agosto e febreiro; varas rectas entre maio e novembro no seu segundo ano; e acadan o trofeo completo no seu terceiro ano.

Ciclo biolóxico. Especie monógama, aínda que si existe unha descompensación na relación de sexos a favor das femias, un macho pode cubrir a máis dunha femia. En abril os machos adultos comezan a marcar os seus territorios, entrando en celo a finais de xullo, esta época coñécese como “ladra”. Unha vez fecundada a femia, prodúcese un fenómeno biolóxico único nos cérvidos, coñécese co nome de “implantación diferida”, consiste en que a evolución do feto detense durante varios meses ata novembro ou decembro, e non se producen os partos ata maio, así, se o período de xestación é de catro meses, non se produce o parto ata os nove meses dende a cópula. As femias adoitan parir dúas crías, ao contrario ca no caso do cervo e do gamo, nas que os partos dobres son excepcionais.

A esmouca no macho prodúcese en outubro-novembro, e a rexeneración da corna ten lugar entre os meses de decembro-marzo.

Costumes. Especie monógama, sedentaria e territorial, actividade tanto nocturna como diúrna. Os grupos familiares están constituídos polos dous adultos


e as crías do ano. A superficie do territorio varía en función da dispoñibilidade de alimento, estrutura da paisaxe e densidade da poboación.

Hábitat. Especie presente en medios diversos, prefere as zonas arboradas de caducifolias e de perennifolias, sempre que presenten humidade e abundante sotobosque, con proximidade de espazos abertos con pastos ou cultivos.

Alimentación. Fungos, forraxes, froitos silvestres, follas e gromos de árbores e arbustos.

Caza. O corzo cázase en batida, montaría e axexo, os períodos hábiles de caza veñen establecidos na correspondente resolución anual de vedas e dependen da modalidade empregada e do sexo do exemplar que se vai cazar.

• **CERVO** (*Cervus elaphus*)



Identificación. Cérvido de gran porte, caracterizado pola corna ósea ramificada que exhiben unicamente os machos e que constitúe ou seu trofeo. Pelaxe estival avermellada, agrisada no inverno, e escudete anal alongado de cor crema orlado de negro. Corna caediza en marzo-abril, desenvolvendo a nova en catro meses; mentres, son distinguibles das femias polos pivotes que conservan, xunto con outros criterios (forma de urinar, deseño do corpo, crina, exame xenital). A determinación da idade realízase a través da silueta corporal (maciza nos adultos), características de dentición e desenvolvemento da corna nos machos.

Ciclo biolóxico. O celo nesta especie coñécese co nome de “berrea” e prodúcese no outono, nos meses de setembro e outubro; a xestación dura 234-236 días, producíndose os partos en maio-xuño, paren unha cría á que aleitan durante 4-8 meses. As crías acompañan a nai durante os primeiros dous anos de vida, os machos de 2.ª cabeza (tres anos) abandonan o grupo familiar, mentres que unha femia de tres anos pode continuar no grupo.


Costumes. Actividade principalmente nocturna, crepuscular e matutina, durante o día permanecen nas camas. As femias forman grupos familiares constituídos por crías e machos con idade inferior a 3 anos. Os machos a partir de 3 anos forman “tropas” e afástanse do grupo familiar. A principios de setembro os machos adultos comezan a buscar grupos de femias para constituír un “hárén de femias”. O dominio do grupo familiar oscila entre as 500 e 1.000 ha.

Hábitat. Habita zonas boscosas tanto mediterráneas como atlánticas, e son as mellores zonas as que presentan superficies de monte mediterráneo con zonas de monte de gran altura con especies de quercineas e zonas amplas de pasto.

Alimentación. Especie fitófaga ruminante que consome unha gran diversidade de materia vexetal, como carrizas, liques, forraxes, froitos, follas, gromos e codias de árbores e arbustos.

Caza. En Galicia esta especie cázase nas modalidades de axexo, batida e montaría. O período hábil esténdese xeralmente dende setembro a xaneiro.

• **GAMO** (*Dama dama*)



Identificación. Aspecto semellante ao cervo, do que se distingue polo seu menor tamaño, pelaxe estival apincurada de branco e corna masculina en forma de “pa”. Presenta o escudete anal branco orlado parcialmente de negro, no que salienta a súa longa cola negra bordeada de branco. O macho perde a corna (esmouca) en marzo, completando a nova en xuño-xullo e desprendendo o “correal” en agosto.

Ciclo biolóxico. O celo ou “ronca” ten lugar en outubro-novembro, despois da “berrea” do cervo, e prólongase ocasionalmente no inverno. A xestación dura 7,5-8 meses, despois do cales as femias paren unha cría en maio-xuño. Lactación prolongada duns 9 meses, chegando a coincidir os exemplares novos dun ano coas crías do seguinte. Acadan a madurez ao ano e medio, aproximadamente.


Costumes. Crepusculares e nocturnos. Coma no cervo, os machos defenden os haréns e as femias as áreas de parto. Gregarios, forman grupos separados de machos e femias, e non son raros os individuos solitarios. Na época de celo fórmanse mandas mixtas, nas que os machos defenden os grupos de femias. Os machos de curta idade son expulsados no segundo ano de vida, mentres as femias se integran no grupo.

Hábitat. Gran variedade de zonas forestais, sempre que teñan bo desenvolvemento arbustivo e zonas abertas, pastos, cultivos etc.

Alimentación. Dieta herbívora, a base de herbas, follas, froitos e gromos, aínda que consome máis herbáceas ca o cervo.

Caza. En Galicia esta especie cázase nas modalidades de axexo, batida e montaría. O período hábil esténdese xeralmente dende setembro a xaneiro.

• **MUFLÓN** (*Ovis orientalis musimon*)



6

Identificación. De aspecto similar a un carneiro doméstico, pero máis robusto, de pelaxe parda no dorso e clara en ventre e patas. Os machos posúen cornos espiralados de lonxitude variable segundo a idade, mostrando no inverno unha mancha branca en dorso e flancos (cadeira), moi conspicua e grande nos exemplares con idade avanzada. A femia carece de “cadeira” e os cornos están ausentes ou son curtos e delgados. A extensión da máscara facial branca é un criterio determinante da idade.

Ciclo biolóxico. O celo prodúcese en outubro e novembro, formándose os grupos e tendo lugar os apareamentos. A xestación dura cinco meses, chegando os partos entre abril e maio, dunha ou dúas crías, que son aleitadas durante 5-6 meses, ata o celo seguinte. Acadan a madurez sexual aos 2-3 anos.

Costumes. Sedentarios e moi sociais: as femias e crías forman rabaños separados dos grupos de machos. Durante o celo, os machos, solitarios ou asociados (2-3), establecen territorios ou vagabundean buscando femias.

Hábitat. Zonas forestais: piñeirais, soutos etc.

Alimentación. Herbívora; dieta baseada no consumo de gramíneas, follas, gromos etc.

Caza. En Galicia esta especie cázase nas modalidades de axexo, batida e montaría. O período hábil esténdese xeralmente dende setembro a xaneiro.

• **REBEZO** (*Rupicapra pyrenaica*)



Identificación. Ungulado de mediano tamaño, de deseño facial contrastado, máis pequeno e esvelto ca a cabra montesa. A pelaxe estival é curta e de cor pardo-encarnada, mentres que a invernal é máis longa e escura. Ambos os sexos presentan cornos curtos non caedizos, que nos machos son máis grosos, máis abertos dende a súa base e máis ganchudos non seu extremo, mentres que os da femia son máis xuntos e paralelos e menos curvados no extremo. Os cornos presentan uns aneis de crecemento, que permiten coñecer a idade do exemplar. A determinación do sexo no campo realízase tamén combinando varios criterios: forma de urinar, corpulencia, desenvolvemento da crina e existencia de “pincel peneano” ou de mamas. Os exemplares novos son pequenos e esveltos e os seus cornos case non teñen gancho no primeiro ano, non superando a lonxitude das orellas ata o cuarto ano. A partir desa idade, o animal gana en corpulencia e aparecen outros criterios (crina, pincel peneano etc.).

Ciclo biolóxico. O celo prodúcese en outubro-décembro, a xestación dura 5-6 meses, co que se producen os partos en abril-xuño, nado unha cría e excepcionalmente dúas.

Costumes. Actividade diúrna, desprázase entre os lugares de descanso e alimentación, animal gregario, formando rabaños as femias e exemplares novos, aos que se engaden os machos adultos en época de celo.

Hábitat. Zonas de alta montaña, xeralmente por riba do límite das masas arbóreas, desprazándose no inverno a niveis inferiores.

Alimentación. A súa dieta está constituída por unha gran variedade de vexetais, principalmente de herbáceas, liques e follas de matogueiras e árbores.

Caza. En Galicia unicamente se pode cazar esta especie na reserva de caza dos Ancares, na modalidade de axexo.

CUESTIONARIO

- **O número máximo de puntas que pode presentar unha corna, considerada como normal, nun corzo é de:**
 - 3
 - 4
 - 5

- **Cal das femias das seguintes especies non posúe cornos?**
 - Corzo.
 - Muflón.
 - Cabra montés.

- **As crías de xabaril nacen cunha pelaxe moi característica, polo que se lles coñece como:**
 - Pintóns.
 - Listóns.
 - Raións.

- **Cal das seguintes especies non é cinexética en Galicia?**
 - Tordo común (*Turdus philomenos*)
 - Estornio pinto (*Sturnus vulgaris*)
 - Merlo común (*Turdus merula*)

- **A maior poboación de pasallás preséntase en Galicia entre:**
 - Todo o ano.
 - Abril e setembro.
 - Xullo e decembro.

- **Cal das seguintes especies non se reproduce en Galicia?**
 - Pato real (*Anas platyrhynchos*)
 - Charrela (*Perdix perdix*)
 - Ganso común (*Anser anser*)

- **A posta da perdiz rubia adoita contar, normalmente, cun número de ovos:**
 - De 6 a 10
 - De 10 a 15
 - Mais de 20

- **Cal destas especies non é cinexética en Galicia?**
 - Pato rabilongo (*Anas acuta*)
 - Somorgullo lavanco (*Podiceps cristatus*)
 - Parrulo cristado (*Aythya fuligula*)

- ***Unha camada de lebre componse, xeralmente, de:***
 - 2 a 5 lebratos.
 - 5 a 8 lebratos.
 - 1 lebrato.

- ***Como distinguiremos o sexo dun corzo no mes de novembro?***
 - Mediante a observación das cornas totalmente desenvolvidas nos machos.
 - Pola diferenza de cor, agrisado nos machos e roxizo nas femias.
 - Pola forma do escudo anal, en forma de ril nos machos e de corazón nas femias.

- ***Cal destes animais supón o maior predador do xabari en Galicia?***
 - O lobo.
 - O raposo.
 - O oso.

- ***O macho de perdiz rubia, na época de celo e crianza, establece e defende un territorio?***
 - Nunca.
 - Sempre.
 - Soamente fronte a exemplares de perdiz charrela.

- ***Os polos de perdiz son:***
 - Nidífugos.
 - Permanecen no niño ata a segunda semana de vida.
 - Ningunha das respostas anteriores é válida.

- ***Os polos de perdiz durante a primeira semana de vida aliméntase fundamentalmente de:***
 - Gran de cereais.
 - Sementes de plantas silvestres.
 - Insectos.

- ***No xabari, o trofeo de caza valórase atendendo:***
 - As súas características morfolóxicas
 - Ao peso dos exemplares, así como a súa coloración.
 - As características da súa dentadura, (colmillos e amoladeras).

- ***Na valoración do trofeo de cervo:***
 - A lonxitude das cornas non se considera.
 - Canto máis peso posúa menor puntuación obterá o trofeo.
 - A maior número de puntas, maior valoración obterá o trofeo.

- **No corzo, o trofeo valórase atendendo:**
 - As características da súa corna.
 - Ao peso dos exemplares.
 - Unicamente pola presenza e coloración de perlado das cornas.
- **Se na primavera atopamos un coello que presenta as pálpebras inflamadas e tumefaccións na cabeza, podemos sospeitar que o coello padece:**
 - Triquinose.
 - Brucelose.
 - Mixomatose.
- **Se, durante unha xornada de caza no mes de decembro, atopamos coellos mortos que presentan unha hemorraxia nasal, de acordo con eses síntomas podemos sospeitar que morreron por:**
 - Mixomatose.
 - Pneumonía vírica hemorráxica.
 - Gripe.
- **Se unha lebre presenta tularemia, pode transmitirla ao home?**
 - Sí.
 - Non.
 - Soamente si leva morta máis de 3 horas.
- **Cando no exercicio da caza se abate unha lebre, para previr o contaxio da tularemia, é recomendable:**
 - Collela unicamente polas orellas.
 - Realizar un rápido sangrado do animal.
 - Non tocala directamente, recollela cunha bolsa ou guantes de plástico.
- **Cal das seguintes enfermidades pode transmitirnos a carne de xabril mediante o seu consumo:**
 - A mixomatose.
 - A triquinose.
 - A rabia.
- **Cal das seguintes enfermidades pode padecer o raposo?**
 - A rabia.
 - O moquillo canino.
 - As dúas repostas anteriores son correctas.
- **Antes de consumir a carne de xabril, para evitar o contaxio da triquinose, é recomendable:**
 - Realizar unha conxelación da carne.
 - Manter a carne en viño durante 2 días como mínimo.
 - Realizar unha observación ao microscopio.

- ***Se me invitan a cazar *Streptopelia decaocto*, teño que:***
 - Non disparar por tratarse dunha especie non cinexética.
 - Tirar ás rulas turcas.
 - Tirar ás rulas comúns.

- ***O período de celo do corzo coñécese como:***
 - Berrea.
 - Ladra.
 - Brama.

- ***O “espellete alar” no pato real é de cor:***
 - Vermello con bordes marróns.
 - Verde metálico con bordes brancos.
 - Azul intenso con bordes con franxas negra e branca.

- ***Se nunha reserva se autoriza a disparar aos exemplares de Dama dama, pódese disparar aos:***
 - Xabaríls.
 - Corzos.
 - Gamos.

- ***O gamo diferénciase por ser un:***
 - Bóvido de gran corpulencia e corna palmeada.
 - Suído de cola pequena e pelaxe roxizo.
 - Cérvido gregario que vive en grandes grupos.

- ***Cales son as características que diferencian o corvo viaraz (*Corvus corone*) do corvo (*Corvus corax*)?***
 - É de menor tamaño e ten la cola cadrada e non en forma de cuña.
 - É de menor tamaño e ten dúas manchas alares de cor branco.
 - É de maior tamaño e ten os bordes oculares de cor vermello.

- ***A migración prerreprodutora da arcea dende Galicia aos países do norte e leste de Europa prodúcese:***
 - Entre os meses de outubro e novembro.
 - En calquera época do ano.
 - Aproximadamente entre os meses de febreiro e marzo.

- ***O tordo común (*Turdus philomelos*) é unha especie:***
 - De caza menor, terrestre e non migratoria.
 - De caza menor, terrestre e migratoria.
 - Non cinexética.

- **Durante os meses de marzo-abril ten lugar nos cervos:**
 - A esmouca.
 - A berrea.
 - A brama.
- **A avefría (*Vanellus vanellus*) é unha ave que:**
 - Non se considera cinexética en Galicia.
 - É sedentaria en Galicia.
 - É cinexética e migratoria.
- **Unha ave acuática, de tamaño mediano, coa cabeza e pescozo de cor verde escuro brillante, colar fino branco e peito castaño, que é cinexética en Galicia, será:**
 - Un macho de pato real (*Anas platyrhynchos*)
 - Un macho de parrulo chupón (*Aythya ferina*)
 - Un macho de parrulo cristado (*Aythya fuligula*)
- **O muflón caracterízase por ser un:**
 - Cérvido de pequeno tamaño.
 - Bóvido de cola pequena e pelaxe roxizo.
 - Suído con cornos enroscados.
- **De onde é orixinario o faisán común?**
 - Das zonas costeiras mediterráneas.
 - De EEUU.
 - De Asia.
- **O muflón é unha especie:**
 - Introducida en Galicia procedente de Irak.
 - Introducida en España procedente de Córcega e Cerdeña.
 - Introducida en España procedente das montañas do Atlas.
- **Cal dos seguintes córvidos non é cazable en Galicia?**
 - Gaio (*Garrulus glandarius*)
 - Pega rabilonga (*Pica pica*)
 - Corvo cereixeiro (*Corvus monedula*)
- **A fisioloxía do corzo dá lugar a apareamentos:**
 - En primavera e partos no mes de xullo.
 - Nos meses de xullo e agosto e partos en maio.
 - Nos meses de xullo e agosto e xestación de cinco meses.
- **O gamo diferénciase do cervo por posuír o celo:**
 - Moito antes.
 - Un pouco antes.
 - Despois.

- ***A época de celo do gamo coñécese como:***
 - Berrea.
 - Ronca.
 - Ladra.
- ***Cal dos tordos presentes en Galicia ten a cabeza gris cinza e a cola de cor moura?***
 - Común.
 - Real.
 - Malvís.
- ***De que cor son o peteiro e o escudete frontal da galiñola negra (Fulica atra)?***
 - Vermello.
 - Branco.
 - Negro.
- ***O muflón (Ovis ammon musimon) caracterízase por:***
 - Os cornos permanentes e a súa albarda.
 - A súa albarda e as súas loitadeiras.
 - A súa corna temporal e a súa albarda.
- ***Os corzos:***
 - Non tiran a corna tódolos anos.
 - Tiran a corna tódolos anos no mes de marzo.
 - Tiran a corna tódolos anos no outono.
- ***As aves acuáticas cazables son:***
 - Todas especies de caza menor.
 - Unhas son de caza menor e outras de caza maior.
 - Todas son especies de caza menor e migratorias.
- ***Cal destes terreos é o mais axeitado para a cría da perdiz rubia?***
 - As matogueiras de toxo.
 - Os terreos de cultivo de cereal.
 - Os soutos de castiñeiros.
- ***Cal é o mellor terreo para os coellos?***
 - Os eucaliptares.
 - Os pastizais con golpes de matogueiras.
 - Os piñeirais.
- ***En que parte de Galicia pensas que hai menos corzos?***
 - No Macizo Central Ourenán.
 - Nos Ancares.
 - En Corrubedo.



- 6**
- ***Se vas cazando con escopeta e cartuchos de perdigóns e ves un teixugo, que fas?***
 - Trato de cambiar a cartuchos de bala por ser unha especie de caza maior.
 - Non o disparo por non ser unha especie de caza.
 - Aviso aos Axentes Forestais por tratarse dunha especie en perigo de extinción.
 - ***Se estás cazando nun gancho con rifle no mes de novembro e ves un cérvido con cornas, que fas?***
 - Dispárolle por tratarse dun cervo e atoparse no período hábil para cazar.
 - Non o disparo por tratarse dun corzo e atoparse en época de veda.
 - Non o disparo por tratarse dunha especie que só se pode cazar en montañas.
 - ***Se te atopas nunha batida de descaste e tes a tiro unha femia de cervo, que fas?***
 - Non a disparo pois a femias non son pezas de caza.
 - Non a disparo pois os cervos non son cinexéticos en Galicia.
 - Dispárola pois o que se trata é de eliminar femias vellas que xa non crían.
 - ***O coello, é unha especie territorial?***
 - Sí.
 - Non.
 - Soamente na primavera e verán.
 - ***O peso corporal dun coello de monte adulto adoita ser:***
 - Nunca superior a 0,5 Kg.
 - Entre 0,9 e 1,5 Kg.
 - Superior a 1,5 Kg.
 - ***O coello de monte é unha especie:***
 - Polígama.
 - Monógama.
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta.
 - ***As femias de coello de monte normalmente paren:***
 - No interior dos tobos nos que vive o grupo familiar.
 - En cámaras individuais.
 - En encames realizados no exterior, protexidos por vexetación.
 - ***Os lebratos nacen:***
 - En encames realizados no exterior.
 - En tobos.
 - En cámaras individuais.

- ***A lebre é unha especie:***

- Gregaria.
- Individualista.
- Ningunha das respostas anteriores é válida.

- ***Atendendo ao ciclo biolóxico da lebre, ao remate da temporada hábil xeral de caza, é normal:***

- Que atopemos as femias adultas preñadas ou recentemente paridas.
- Que ao corresponderse cun período no que cesa a actividade reprodutora da especie, motiva que sexa a mellor época para cazala.
- Ningunha das respostas anteriores é correcta.

- ***Atendendo ao ciclo biolóxico do raposo, o celo prodúcese:***

- No mes de xuño.
- En outubro e novembro.
- De decembro a febreiro.

- ***O xabril é un animal:***

- Polígamo.
- Monógamo.
- Depende da idade dos exemplares.

- ***O xabril é unha especie:***

- Carnívora.
- Vexetariana.
- Omnívora.

- ***Os machos adultos de xabril adoitan:***

- Permanecer co grupo, ofrecendo protección fronte a depredadores.
- Formar grupos numerosos, disgregándose na época de celo.
- Levan unha vida solitaria, ou ben están acompañados dun exemplar xoven.

- ***O corzo posúe:***

- Unha vista excelente.
- O oído excelente.
- Ningunha das respostas anteriores é correcta, dado que a súa defensa basease na súa capacidade para mimetizarse co medio.

- ***As crías do corzo durante os primeiros días de vida:***

- Acompañan á nai nos seus desprazamentos.
- Soamente acompañan a nai durante o amencer e ao atardecer, que é cando se despraza para alimentarse.
- Permanecen encamadas na vexetación.



- **Os grupos familiares de cervos son:**
 - Matriarcais.
 - Patriarcais.
 - Os cervos non forman grupos familiares.
- **O corzo é unha especie frecuente en:**
 - Zonas forestais.
 - Zonas de rochas e pendentes pronunciadas, que lle proporcionan defensa.
 - Zonas totalmente abertas, sen vexetación.
- **A perdiz rubia é unha ave compacta de ás e cola curtas:**
 - Co peteiro negro e as patas de cor rubia.
 - Co peteiro e as patas de cor parda como o dorso e as ás.
 - Co peteiro e as patas de cor rubia, tamén coñecida como “patirroja”.
- **O voo da perdiz rubia:**
 - É rápido e potente, alternando batidos e planeos.
 - É batido, rápido e potente; as perdices non planean.
 - É rápido e zigzagueante; sendo por iso difícil de abater.
- **En época de caza, a idade das perdices rubias realízase examinando as puntas das dúas plumas máis externas da á:**
 - Punta cor crema nos exemplares novos; se ademais ten esporón será unha femia.
 - Cor crema e puntiagudas nos exemplares novos; redondeadas sen punta crema nos adultos.
 - Cor crema e puntiagudas nos adultos; redondeadas sen punta crema nos exemplares novos.
- **Para coñecer o sexo dunha perdiz rubia, hai que fixarse primeiro na idade e despois nas patas:**
 - As femias nunca presentan esporóns.
 - As femias novas carecen de esporón.
 - Os adultos con esporón sempre son machos.
- **A dieta da perdiz rubia é:**
 - Exclusivamente vexetariana (herbas e grans).
 - Principalmente animal, aínda que o compoñente vexetal resulta crucial no desenvolvemento dos polos.
 - Principalmente vexetal, aínda que o compoñente animal resulta crucial no desenvolvemento dos polos.

- ***A perdiz rubia é unha ave de terreos abertos, tanto chairros como montañosos:***

- Que prefere as zonas agrícolas intensivas con escasos lindeiros.
- Que para criar elixe os terreos onde se aplican insecticidas e pesticidas, xa que non hai parasitos, evitando os lindeiros con vexetación natural.
- Que prefere as zonas cultivadas sen concentración parceira, con abundancia de lindeiros xa que son cruciais para o desenvolvemento dos polos.

- ***O celo da perdiz rubia ten lugar:***

- En febreiro-marzo.
- En setembro-outubro.
- Na media veda, por iso non se pode cazar ata setembro.

- ***A nidificación da perdiz rubia ten lugar entre herbas ou ao amparo dunha mata:***

- A femia pode realizar dúas postas simultáneas en niños distintos, incubando o macho unha delas.
- A femia só realiza unha posta que incuba durante 22-24 días, o macho non intervéñ na cría.
- A femia pode realizar dúas postas simultáneas en niños próximos, incubando cada día un deles xa que o macho só vivía non intervéñ na cría.

- ***A posta da perdiz rubia é de:***

- 3 a 5 ovos; cunha media de 4.
- 7 a 17 ovos; cunha media de 12 a 15.
- 22 a 24 ovos, que incuba durante outros tantos días.

- ***A perdiz rubia:***

- É unha ave sedentaria especialmente abundante na franxa cantábrica.
- É unha ave sedentaria que está presente na maior parte da península Ibérica e Baleares.
- É unha ave sedentaria que cría nas zonas montañosas do terzo norte da península Ibérica, sistema Central e Ibérico, faltando no sur.

- ***A perdiz charrela presenta dimorfismo sexual:***

- Machos e femias son idénticos.
- As femias presentan a cara máis rubia e unha mancha pectoral escura en forma de ferradura máis aparente que os machos.
- Os machos presentan a cara máis rubia e unha mancha pectoral escura en forma de ferradura máis aparente que as femias.



- **Por regra xeral, é posible diferenciar o sexo do paspallás adulto:**
 - As femias adultas exhiben garganta branca con mancha negra en forma de “áncora” e peito de cor leonado listada de branco.
 - Os machos adultos exhiben garganta branca con mancha negra en forma de “áncora” e peito de cor leonado listada de branco.
 - Os machos adultos exhiben garganta branca, sen áncoras ben formadas, e peito leonado con abundantes manchas pardas ou mouras.
- **Os machos de paspallás:**
 - Son monógamos; aparéanse todos os anos coa mesma femia, coa que se alterna nas tarefas de incubación.
 - Son bígamos; aparéanse con dúas femias ao ano, coas que comparte as tarefas de incubación.
 - Son polígamos; aparéanse con varias femias e non participan na cría.
- **Cal é o tamaño de posta do paspallás?**
 - 4 a 6 ovos.
 - 7 a 12 ovos.
 - 13 a 18 ovos.
- **Para criar, o paspallás prefire:**
 - Zonas húmidas e inundables.
 - Zonas boscosas non moi pechadas.
 - Zonas abertas con herbais en terreos frescos.
- **O paspallás é unha ave:**
 - Gregaria, cría en colonias formadas por varias parellas.
 - Solitaria, agrúpase só no celo ou durante a viaxe migratoria.
 - Gregaria, agrúpase en bandos de varias familias que se cazan en outono e inverno.
- **Os polos de paspallás son capaces de voar aos 20 días:**
 - Ata ese momento permanecen no niño; son nidícolas.
 - O paspallás voa unicamente cando o levanta o can.
 - Pero son capaces de andar dende o primeiro día; son nidífugos
- **O paspallás na península Ibérica:**
 - Compórtase como unha ave sedentaria, máis abundante no outono-inverno, tras a cría.
 - Invernante abundante e escasa como nidificante.
 - É nidificante común e escaso como invernante.

- ***A caza do paspallás ten lugar:***
 - Ao final do verán, tras a cría e en coincidencia co paso posnupcial.
 - Ao final do inverno, antes da cría e en coincidencia co paso prenupcial.
 - En primavera, antes da cría e en coincidencia coa chegada dos exemplares africanos.

- ***O faisán é unha galinácea de gran tamaño na que destaca a longa cola:***
 - Presente só no macho.
 - Presente só na femia.
 - Presente tanto no macho coma na femia.

- ***Os machos de faisán:***
 - Son monógamos; aparéanse tódolos anos coa mesma femia, coa que se alterna nas tarefas de incubación.
 - Son bígamos; aparéanse con dúas femias ao ano, coas que comparte as tarefas de incubación.
 - Son polígamos; aparéanse con varias femias e non participan na cría.

- ***A femia do faisán incuba durante 23-27 días unha posta de:***
 - 3 a 5 ovos.
 - 7 a 15 ovos.
 - 18 a 23 ovos.

- ***O faisán é unha especie exótica no continente europeo:***
 - Orixinaria das Illas Británicas.
 - Orixinaria de Sudamérica.
 - Orixinaria do sueste asiático.

- ***Cantas especies de lebres habitan a península Ibérica?***
 - Unha única especie.
 - 2 especies.
 - 3 especies.

- ***Sobre a dieta da lebre:***
 - É carnívora.
 - É herbívora.
 - Só come prea.

- ***Normalmente as lebres paren de 1 a 3 lebratos e teñen:***
 - Unha camada ao ano.
 - Dúas camadas ao ano.
 - De 3 a 4 camadas ao ano.



- **As lebres teñen de 3 a 4 camadas ao ano, cada unha delas:**
 - De 1 só lebrato.
 - De 1 a 3 lebratos.
 - De 5 lebratos.
- **A lebre vive en zonas abertas como praderías, pasteiros e terreos agrícolas:**
 - Así como en zonas de matogueira e bosque aclarados.
 - É por iso, que nunca atoparemos lebres en zonas de montaña.
 - Nunca atoparemos lebres en zonas de matogueira e bosque aclarados.
- **As especies de lebre presentan unha distribución claramente diferenciada na península Ibérica:**
 - A Lebre Europea só se distribúe por Galicia.
 - A Lebre Europea distribúese polo terzo norte peninsular.
 - A Lebre Europea distribúese por case toda a Península a excepción da vertente cantábrica.
- **O coello é un mamífero de mediano tamaño, de orellas longas e rabón:**
 - Cun peso de 1 a 1,5 kg.
 - Cun peso de 2 a 2,5 kg.
 - Cun peso de 3 a 3,5 kg.
- **O coello é unha especie moi prolífica; o tamaño da camada é:**
 - De 1 a 3 cazapos.
 - De 3 a 9 cazapos.
 - De 10 a 12 cazapos.
- **O coello é unha especie prolífica; o tamaño de camada é de 3 a 9 cazapos e unha femia pode producir:**
 - De 3 a 9 crías por ano; só teñen unha camada ao ano.
 - De 10 a 16 crías por ano.
 - De 20 a 32 crías por ano.
- **Se nos referimos a un animal moi gregario, que vive en colonias que se articulan ao redor dun tobo ou vivar, estamos a falar de:**
 - O Coello.
 - A Lebre.
 - O Coello ou a Lebre.
- **O coello é unha presa importante na dieta de máis de 40 especies da fauna ibérica; distribúese por case toda a península Ibérica:**
 - Falta en Andalucía.
 - Falta en Baleares e Canarias.
 - Falta en boa parte da franxa cantábrica.

- ***O raposo é:***

- Un cánido de mediano tamaño con longa cola de punta branca.
- Un cérvido de mediano tamaño con longa cola de punta rubia.
- Un lagomorfo de mediano tamaño con longa cola con punta blanquinegra.

- ***A dieta do raposo é moi variable en función da rexión e a época do ano:***

- É herbívoro; aliméntase só de gran, herbas, froitos, landras...
- É omnívoro; aliméntase de animais pero tamén de froitos, lixos, prea...
- É carnívoro; aliméntase só de gazapos, lebratos, polos de perdis...

- ***Os raposos "ladran" case exclusivamente na época de celo, que ten lugar en:***

- Primavera.
- Verán.
- Inverno.

- ***O raposo é abundante nalgúns lugares:***

- Ten unha camada ao ano.
- Ten dúas camadas ao ano.
- Ten tres camadas ao ano.

- ***As camadas dos raposos están compostas por:***

- 2 cachorros.
- 3 a 6 cachorros.
- 8 a 12 cachorros.

- ***Os raposos son animais:***

- Solitarios; só se agrupan na época de celo.
- Gregarios; crían en colonias de varias parellas no mesmo tobo.
- Territoriais; viven en parellas ou pequenos grupos dominados por un macho.

- ***O raposo:***

- Ocupa toda a península Ibérica.
- Ocupa toda a península Ibérica, pero falta nas zonas costeiras.
- Ocupa toda a península Ibérica, pero falta nas zonas de montaña.

- ***O lobo ibérico é un cánido do tamaño dun can grande:***

- Rara vez supera os 20 kg de peso.
- Rara vez supera os 35 kg de peso.
- Os grandes machos superan con frecuencia máis de 50 kg de peso.



- ***O lobo é un animal eminentemente carnívoro:***
 - Só se alimenta dos animais que caza.
 - Só se alimenta do gando que caza, principalmente ovellas.
 - Pero de dieta moi variable segundo a época e zonas; mesmo come froitos e prea.
- ***O celo do lobo ten lugar:***
 - En inverno.
 - En primavera.
 - En verán.
- ***Para criar, os lobos buscan refuxio:***
 - En tobos ou covas; sempre crían baixo terra.
 - Principalmente en covas; pero tamén en zonas de densa matogueira.
 - Zonas de densa matogueira; non escavan tobos como fai o raposo ou o coello.
- ***O tamaño medio das camadas dos lobos é de:***
 - 2 a 3 cachorros.
 - 4 a 9 cachorros.
 - Máis de 8 cachorros sempre.
- ***O lobo é unha especie:***
 - Alpina; só é posible atopalo en bosques de zonas montañosas.
 - Oportunista; ocupa todo tipo de ambientes agás as zonas humanizadas (zonas labradas, vertedoiros,...)
 - Xeneralista; pode atoparse en ambientes tanto montañosos como moi humanizados.
- ***Sobre a distribución do lobo na península Ibérica pódese afirmar que é unha especie en expansión:***
 - Que ocupa a metade norte da península Ibérica e extinguiuse por completo en Andalucía.
 - Da que queda un único núcleo de poboación que de distribúe pola Cordilleira Cantábrica.
 - Que ocupa o cuadrante noroccidental da península Ibérica; o norte de Andalucía e os Pirineos orientais.
- ***Os caninos ou cairos do xabaril constitúen o seu trofeo:***
 - Os inferiores de denominan “amoladera”.
 - Os superiores denomínanse “amoladera”.
 - Os superiores denomínanse “coitelos” ou “navallas”.

- ***As crías do xabariñal coñécense como raioñs:***

- Por presentar a pelaxe raiaa.
- Pola forma de andar detrás da nai; van en liña ou raia.
- Por presentar feridas nos flancos producidas no parto, que teñen forma de raia.

- ***Sobre a dieta do xabariñal, pódese afirmar que é un animal:***

- Herbívoro; só come landras.
- Carnívoro; só come materia animal, aínda que tamén prea.
- Omnívoro; come tanto vexetais como animais, lixo e prea.

- ***As femias de xabariñal teñen:***

- Unha camada ao ano.
- Dúas camadas ao ano.
- Tres camadas ao ano.

- ***A camada do xabariñal está composta por:***

- De 1 a 6 crías.
- De 8 a 10 crías.
- 12 crías ao ano; ten habitualmente dúas camadas de 6.

- ***O xabariñal é un animal de hábitos nocturnos ou crepusculares ao que lle gustan as zonas con boa espesura vexetal:***

- É un animal forestal dificilmente visible porque nunca sae do monte.
- É eminentemente forestal pero realiza incursións a zonas abertas para alimentarse en prados e cultivos.
- É eminentemente forestal que visita prados, pero nunca come neles; crúzalos para achegarse aos cultivos de millo.

- ***Que é un venado?***

- Un Cervo.
- Denomínase así ás crías do Cervo.
- Unha especie de cérvido distinta ao Cervo ibérico.

- ***Sobre a corna no cervo:***

- Só os machos teñen corna.
- Teñen corna os machos e as femias adultas.
- Está presente tanto en machos coma en femias; estas téñena menos ramificada.

- ***A corna do cervo renóvase todos os anos; a caída ou esmouca ten lugar en:***

- Setembro-outubro.
- Xullo-agosto.
- Marzo-abril.



- ***O celo ou berrea do cervo ten lugar en:***
 - Marzo-abril.
 - Xullo-agosto.
 - Setembro-outubro.
- ***Que é un gabato?***
 - Unha cría de Xabaril.
 - Unha cría de Lebre.
 - Unha cría de Cervo.
- ***As femias de cervo paren normalmente:***
 - Unha soa cría
 - De 1 a 3 crías.
 - De 2 a 4 crías.
- ***O cervo na península Ibérica:***
 - Atópase presente soamente no sur.
 - Presenta unha distribución ampla pero en núcleos fragmentados.
 - Presenta unha ampla distribución no sur; no norte só hai cervos nos Pirineos e no macizo do Gorbeia.
- ***Observamos un cérvido cunha corna en forma de “pa” e unha pelaxe pardo-arribiada apincurada de branco; ten que ser:***
 - Un Gamo macho.
 - Un Cervo macho.
 - Unha cría de Cervo.
- ***Tras unha xestión de oito meses, as femias de gamo paren xeralmente:***
 - Unha cría.
 - Dúas crías.
 - 2 ou 3 crías.
- ***Sobre a presenza actual do gamo, cal das afirmacións seguintes é correcta?***
 - Os núcleos actuais da poboación ibérica de gamos, teñen a súa orixe en soltas.
 - No norte peninsular o Gamo presenta unha distribución moi puntual, faltando no País Vasco e Navarra.
 - A presenza de gamos en Galicia explícase por un fenómeno expansivo natural dende Castela e León.

- ***É posible distinguir o sexo dun corzo polo característico escudo anal branco:***

- Só os machos teñen o escudo anal de cor branca.
- Ten forma de “ril” no macho e de “corazón” na femia.
- Ten forma de “ril” na femia e de “corazón” no macho.

- ***Sobre a corna no corzo:***

- Só os machos teñen corna.
- Só os machos de máis de dous anos teñen corna.
- A corna da femia é máis pequena e menos ramificada que a do macho.

- ***O corzo posúe unha corna caediza, a cal se desprende:***

- En febreiro-marzo.
- En xullo-agosto.
- En outubro-novembro.

- ***O celo do corzo ten lugar:***

- En marzo-abril.
- En xullo-agosto.
- En setembro-outubro.

- ***Os corzos teñen unha camada ao ano composta xeralmente por:***

- Un único corcino.
- Dous corcinos.
- Tres corcinos.

- ***O corzo é un animal territorial durante o celo e os partos; os machos son:***

- Monógamos; só se aparean cunha femia cada ano.
- Monógamos; aparéanse tódolos anos coa mesma femia.
- Polígamos; pódense aparear con varias femias.

- ***Sobre a distribución do corzo na península Ibérica:***

- Está presente só na metade norte; dende Galicia a Cataluña.
- Ocupa de modo xeneralizado a metade norte; e é menos frecuente na metade sur.
- Só hai corzos na cordilleira Cantábrica, nos montes Vascos e Os Pirineos.

- ***Sobre os cornos do rebezo:***

- Ámbolos dous sexos presentan cornos.
- Só os machos presentan cornos.
- Só os machos de máis de 2 anos presentan cornos.

- ***O rebezo presenta:***
 - Cornos curtos e ganchudos non caedizos.
 - Longos cornos non caedizos en forma de “pa”.
 - Cornas ramificadas que se desprenden e renovan cada ano.
- ***O celo do rebezo ten lugar:***
 - En verán.
 - Ao final do outono.
 - Ao final da primavera.
- ***O rebezo é un animal propio de:***
 - Rochedos e pasteiros de alta montaña.
 - Os páramos da meseta de Castela e León.
 - Ambientes forestais como os aciñeirais e eucaliptais cantábricos e pirenaicos.
- ***Sobre a distribución do rebezo e o sarrío na península Ibérica:***
 - O Rebezo ocupa a cordilleira Cantábrica e o Sarrío habita Os Pirineos.
 - Ocupan tódolos ambientes montañosos do norte peninsular; dende Galicia a Cataluña.
 - Existen dous núcleos; o cantábrico e o pirenaico, separados polo País Vasco e Navarra, onde non hai nin rebezos nin sarríos.
- ***A cabra montesa é un bóvido robusto con características cornos abertos e algo curvados:***
 - Que só presentan os machos.
 - Que son máis longos e grosos nos machos.
 - Que só presentan os machos de máis de 2 anos.
- ***A caída ou “esmouca” dos cornos da cabra montesa ten lugar:***
 - Ao final do inverno, como no Cervo.
 - Ao principio do outono, como no Corzo.
 - Nunca, a Cabra Montés ten cornos non caedizos.
- ***O celo da cabra montesa ten lugar en:***
 - Xullo-agosto.
 - Setembro-outubro.
 - Novembro-décembro.
- ***En que especie de ruminante presentan cornamenta só as femias?***
 - No Rebezo.
 - No Muflón.
 - En ningunha.

- **Que é un bucardo?**

- É o nome que reciben os grandes trofeos de Cabra Montés da serra de Gredos.
- É o nome que recibía a Cabra Montés dos Pireneos, que se extinguiu no ano 2000.
- É o nome que reciben os grandes trofeos de Cabra Montés que se capturan nos Pireneos.

- **Nun paseo polo bosque, acertamos a ver de esguello un pequeno cérvido co escudete anal totalmente de cor branca; pódese tratar de:**

- Un Gamo.
- Un Corzo.
- Unha femia de Cervo.

- **En que se diferencia un cervo dun corzo?**

- É imposible confundilos, porque non coinciden as súas áreas de distribución e nunca aparecen na mesma zona.
- O Corzo é máis pequeno, ten o escudete anal de cor branca, e os machos unha corna curta de tres candís.
- O Corzo é máis pequeno, ten a pel moteada de branco e exhiben cornos rectos e ganchudos ambos os dous sexos.

- **En épocas pasadas, a cabra montesa ocupaba todas as serras e montañas ibéricas e existían catro subespecies; na actualidade:**

- Existe unha única subespecie que habita a cordilleira Cantábrica e Os Pireneos.
- Existen 2 subespecies: a Cabra do sistema Central e a das serras andaluzas e levantinas.
- Existen 3 subespecies: a Cabra do sistema Central, a das serras andaluzas e levantinas e a de Los Pireneos, denominada "Bucardo".

- **O paspallás:**

- É de menor tamaño que a Perdiz.
- É de similar tamaño á Perdiz.
- É de maior tamaño que a Perdiz.

- **A lebre diferénciase do coello no maior tamaño, a cola negra e branca, as patas traseiras máis longas e en que:**

- O Coello ten as orellas máis curtas; cunha punta negra que non ten a Lebre.
- O Coello ten as orellas máis longas; rematadas en punta negra.
- A Lebre ten as orellas máis longas; rematadas en punta negra.



- A pneumonía vírica hemorráxica afecta exemplares de coello cunha idade:**
- Superior aos 2 anos unicamente.
 - Inferior a 9 meses unicamente.
 - Superior aos 2 meses.
- A carne dunha lebre con tularemia, se a conxelamos, pode consumirse sen risco de contraer a enfermidade?**
- Non.
 - Sí, dado que as baixas temperaturas eliminan a bacteria causante da enfermidade.
 - Sí, sempre que o tempo de conxelación supere unha semana.
- A carne dunha lebre con tularemia pode consumirse sen contraer a enfermidade?**
- Nunca.
 - Sí, sempre que a carne se cociña pouco.
 - Sí, sempre que a carne estea ben cociñada, nunca crúa ou pouco feita.
- Cal é o principal mecanismo polo que a lebre lle transmite a tularemia ao home?**
- A través dos seus excrementos.
 - Mediante a súa manipulación.
 - A través dos cans de caza.
- A mixomatose e a pneumonía hemorráxica vírica son dúas enfermidades que decimaron as poboacións de:**
- Coello.
 - Perdiz Pardilla.
 - Lebre Europea.



SECCIÓN 7.

Danos ocasionados pola fauna cinexética

O incremento que experimentaron as poboacións cinexéticas de caza maior en Galicia tradúcese na existencia dunha problemática causada polas especies cinexéticas nos cultivos, na gandería e na circulación viaria. A responsabilidade dos danos ocasionados pola fauna cinexética, atendendo á lexislación vixente, dependerá en función do tipo de dano ocasionado, así como das circunstancias nas que se produciu este.

En accidentes de tráfico ocasionados por atropelo de especies cinexéticas nas vías públicas será responsable dos danos a persoas ou bens o condutor do vehículo, sen que poida reclamarse polo valor dos animais que irrompan nelas.

Será responsable dos danos a persoas ou bens o titular do aproveitamento cinexético ou, no seu defecto, o propietario do terreo, cando o accidente de tráfico sexa consecuencia directa dunha acción de caza colectiva dunha especie de caza maior realizada o mesmo día ou que concluíra doce horas antes daquel.

Tamén poderá ser responsable o titular da vía pública en que se produza o accidente como consecuencia de non ter reparado o cerramento en prazo, se for o caso, ou por non dispor da sinalización específica de animais soltos en tramos con alta accidentalidade por colisión de vehículos con eles.

Nos demais casos, quen sexa titular dos aproveitamentos cinexéticos en terreos suxeitos a réxime cinexético especial responderá polos danos que causen as especies cinexéticas que procedan dos devanditos terreos, non sendo que o dano fose debido a culpa ou negligencia de quen sufrise o prexuízo ou dun terceiro alleo a quen é titular da explotación ou por causa de forza maior.

Nos casos nos que non resulte posible precisar a procedencia da caza respecto a un determinado dos varios titulares de aproveitamentos cinexéticos que extremen co predio danado, a responsabilidade polos danos orixinados nel polas pezas de caza será esixible solidariamente a tódolos titulares de aproveitamentos cinexéticos que foran estremeiros.

A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda responderá polos danos causados polas especies cinexéticas procedentes dos terreos sometidos a réxime común, tecores autonómicos da súa administración, reservas de caza, refuxios de fauna e calquera outro terreo cuxa administración e xestión correspondan á devandita consellería.

Para facer fronte aos danos ocasionados polas especies cinexéticas nas explotacións agrarias, a Xunta de Galicia, constituirá un Fondo de Corresponsabilidade para



contribuír á súa prevención e compensación. O devandito fondo nutrirase coas achegas económicas da Administración autonómica.

Cando se produza a exacción de responsabilidade patrimonial polos danos causados por especies cinexéticas, quen sufrise o prexuízo, nun prazo que permita a quen ten a titularidade cinexética a valoración dos danos, deberá poñer no seu coñecemento tal cir-cunstancia, a fin de que poida efectuar a súa valoración.

Corresponde aos servizos provinciais de Patrimonio Natural aprobar medidas de control das poboacións das especies cinexéticas polos danos que estas ocasionen.

Na resolución que anualmente publica a dirección xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada de caza na que está en vigor, establécese que as medidas de control por danos en terreos cinexéticos de réxime especial deben solicitarse polo/a titular do dereito de aproveitamento. En terreos de aproveitamento cinexético común as solicitudes serán formuladas pola persoa ou persoas prexudicadas polos danos detectados, e cando os danos sexan xeneralizados, as persoas titulares do órgano territorial de dirección competente en materia de conservación da natureza, por petición motivada dos concellos afectados e logo do informe técnico do servizo provincial de Patrimonio Natural, poderán autorizar a caza mediante as modalidades e medios que consideren máis adecuados, establecendo as condicións particulares para levar a cabo a cazaría. As persoas participantes nestas cazarías serán determinadas polos concellos mediante un sorteo público entre os/as cazadores/as que o soliciten, e darase prioridade ás persoas propietarias dos bens afectados.

CUESTIONARIO

- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dunha explotación cinexética provoca danos nunha finca particular, quen deberá indemnizar os danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular do aproveitamento cinexético.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Quen pode conceder o permiso para a celebración de batidas cando a caza dunha zona sometida a réxime cinexético común produza danos?***
 - O servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - A xefatura provincial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
- ***A Administración autonómica responderá dos danos que ocasionen as especies cinexéticas?***
 - Nunca.
 - Unicamente no caso de que as entidades titulares dos Tecor non se fagan responsables da indemnización de ditos danos.
 - Unicamente no caso de que as especies cinexéticas que ocasionen os danos, procedan de terreos nos que a administración e xestión lle corresponda á Administración autonómica.
- ***Cando non é posible precisar a procedencia das pezas de caza que ocasionan danos nun lugar determinado, a responsabilidade de cara ás posibles indemnizacións correspóndelle a:***
 - Ao titular do aproveitamento cinexético do espazo con maior superficie.
 - Ao titular do aproveitamento cinexético do espazo que teña aprobado unha menor cota de capturas da especie que ocasionou o dano.
 - A tódolos titulares dos aproveitamentos cinexéticos que foran estremeiros, que responderan solidariamente.
- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun terreo cinexético de aproveitamento común provoca danos nos cultivos dun terreo particular, quen deberá indemnizar estes danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular dos dereitos cinexéticos.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun Tecor autonómico provoca danos nos cultivos dun terreo particular, quen deberá indemnizar estes danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular dos dereitos cinexéticos.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun refuxio de fauna provoca danos nos cultivos dun terreo particular, quen deberá indemnizar estes danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular dos dereitos cinexéticos.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Quen responderá dos danos que ocasione un can de caza ás pezas, ás crías ou aos seus ovos durante o acto de cazar?***
 - O dono.
 - O posuidor.
 - O posuidor, sen prexuízo da responsabilidade subsidiaria do dono.
- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dunha reserva de caza provoca danos nos cultivos dun terreo particular, quen deberá indemnizar estes danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular dos dereitos cinexéticos.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Un exemplar dunha especie cinexética procedente dun Tecor local provoca danos nos cultivos dun terreo particular, quen deberá indemnizar estes danos?***
 - Non hai dereito a indemnización.
 - O titular dos dereitos cinexéticos.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Xestión cinexética

A planificación do aproveitamento cinexético, ademais de constituír unha esixencia imposta pola lexislación autonómica en materia de caza, debe supoñer unha necesidade para o cazador actual, de xeito que a actividade cinexética nunca pode significar un embargo da riqueza natural, senón un aproveitamento ordenado dun dos seus recursos naturais.

O tamaño dunha poboación animal na natureza non é constante ao longo do seu ciclo anual, xa que existen factores que contribúen ao incremento dos seus efectivos (recrutamento e inmigración) e factores que ocasionan a súa redución (mortalidade e emigración). Os ditos factores están ligados ás características reprodutivas propias da especie e á interacción dun conxunto de factores ecolóxicos que as condicionan, considerándose a caza como un elemento de mortalidade e unha ferramenta fundamental dentro do contexto da xestión.

A xestión cinexética dunha especie consiste na execución ou posta en práctica da ordenación cinexética, reflectida esta última nun documento denominado Plan de ordenación cinexética (no sucesivo POC), a súa redacción e presentación é obrigatoria para os titulares do aproveitamento cinexético dos terreos sometidos a réxime cinexético especial, como son as reservas de caza, os Tecor, as explotacións cinexéticas comerciais en que se cacen especies silvestres. O POC pode definirse como instrumento de xestión que persegue determinar cantos exemplares e, se é o caso, con que características de sexo e idade poden cazarse e mediante que modalidades de caza, de xeito que se manteña ou tenda a acadarse un equilibrio natural mediante o aproveitamento cinexético.

Na elaboración dun POC, pódense diferenciar as seguintes fases ou etapas:

1.ª Inventario. Fase de recollida de información, fundamentalmente referida ao tamaño e situación das poboacións animais que se pretenden aproveitar e sobre a calidade do medio no que habitan, permitindo coñecer e valorar a situación actual ou de partida, así como a fixación dos obxectivos da ordenación, obxectivos que se acadarán co desenvolvemento do plan durante a vixencia deste (5 anos).

2.ª Planificación. Fase de programación das actuacións necesarias para facer posible que se acaden os resultados pretendidos, o traballo elaborado consiste basicamente na fixación dun plan de capturas que permita compatibilizar a conservación co aproveitamento e as melloras que é necesario realizar para lograr os obxectivos fixados.

3.ª Seguimento e control. Fase que consiste na definición do sistema que debe empregarse para comprobar o grao de consecución da planificación realizada, posibilitando adoitar novas medidas de xestión se os resultados non son os esperados.



8.01 Papel do cazador na xestión cinexética

A ordenación do aproveitamento da caza é complexa, baseándose en contidos técnicos e, en moitas ocasións, puramente científicos, polo que é necesaria na súa planificación a intervención dun técnico cualificado. Aínda que nunha primeira aproximación poidamos pensar que o cazador realiza exclusivamente un labor de aproveitamento, calquera planificación será inútil cando non se teña en conta a súa participación e implicación nesta.

O cazador pode colaborar na xestión da caza actuando nos seguintes niveis:

- I. Recollida de información das cazarías e das pezas capturadas (fichas de caza). Cada animal cazado é unha fonte única e irrepitible de datos sobre a poboación á que pertence, a ficha de caza constitúe unha ferramenta da que non pode prescindir o programa de seguimento, na que, por separado ou conxuntamente, se recolle información sobre o control das cazarías (data, lugar, esforzo de captura, modalidades, animais vistos, feridos e non cobrados, cobrados etc.) ou da observación dos exemplares cazados (sexo, idade, medicións, estado sanitario etc.). O conxunto de fichas de caza pódelle permitir ao técnico determinar índices de abundancia, coñecer a estrutura das poboacións e avaliar o grao de consecución da planificación realizada, corrixindo as medidas adoitadas no caso de ser necesario.
- II. Coñecemento e evolución do cazadeiro. A información que posúe o cazador sobre o territorio no que desenvolve a actividade cinexética e a súa recente evolución (querenzas das especies, evolución recente da abundancia etc.) supón un valioso complemento das valoracións técnicas.
- III. Control e seguimento do cazadeiro. Aquel cazador para o cal a caza non comprende unicamente a tempada hábil, que se preocupa da efectividade e do seguimento da planificación realizada, así como de proporcionar a información sobre os resultados das súas xornadas de caza, constitúe un factor básico no proceso de avaliación da planificación.

Outro elemento clave e fundamental, tanto na planificación como na execución e seguimento da xestión cinexética, é a figura representada polo servizo de gardería. Persoal cunha formación específica en canto a lexislación, técnicas e procedementos de xestión, que desempeña unha función que non debería axustarse unicamente ao labor de vixilancia, senón que debe supor o instrumento de execución práctica da xestión, colaborando na implantación das actuacións de mellora proxectadas, na realización dos censos de poboacións, no seguimento da súa evolución etc.

As diversas normativas autonómicas recollen de xeito diverso a regulación da ordenación cinexética e o procedemento para levala a cabo. No caso Galicia, e como se expoñía con anterioridade, o titular do aproveitamento cinexético dos terreos sometidos a réxime cinexético especial (reservas de caza, Tecor, explotacións cinexéticas comerciais en que se cacen especies silvestres debe presentar un POC quinquenal que terá que ser aprobado pola consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e anualmente, antes das datas fixadas para tal fin, na resolución anual de vedas, presentarase un Plan anual de aproveitamento cinexético.

O POC constitúe o instrumento xeral de planificación do aproveitamento cinexético para 5 anos, mentres que o Plan de aproveitamento anual deixa de ser un instrumento planificador e se converte nun instrumento executor, debido a que nel se concreta todo o planificado para ese ano no POC.

Se no POC se contempla a realización dalgunha actuación de carácter anual que precise unha revisión ou autorización específica, presentarase a súa solicitude xunto co Plan de aproveitamento anual.

Atendendo ao establecido na normativa de caza en Galicia, no relacionado coa aprobación do POC e do Plan anual de aproveitamento, cómpre recordar:

- Que a aprobación do primeiro POC lle corresponde á persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural, que deberá resolver cun prazo máximo de catro meses dende a aprobación provisional no caso dun Tecor.
- Que a renovación do POC será presentado no prazo que se determine na resolución que regula a tempada anual de caza, correspondéndolle a súa aprobación á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza.
- Que a aprobación do Plan anual de aproveitamento deberase presentar cunha anticipación mínima de dous meses ao comezo de cada tempada de caza e correspóndelle a súa aprobación á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza correspondente, que deberá resolver cun prazo máximo dun mes.
- Que, unha vez aprobados tanto o POC como o Plan anual de aproveitamento, constitúen unha norma de obrigación cumprimento.

8.02 As repoboacións cinexéticas como actuación de xestión

Na actualidade constitúen unha práctica moi común, de xeito que sempre que se realice unha liberación de animais haberá que analizar o seu interese e oportunidade. Se o obxectivo da repoboación é recuperar poboacións desaparecidas ou ben que se atopan en baixas densidades, antes de abordar a súa execución, debe investigarse cal ou cales foron as causas ou motivos polos que a poboación desapareceu ou presenta unha densidade tan baixa, dado que, se non se eliminan estas causas, será complicado recuperar ou establecer novamente a poboación (obxectivo básico dunha auténtica repoboación).

Tecnicamente, atendendo á finalidade coa que se realiza a liberación de exemplares no medio natural, podemos diferenciar:

A introdución: liberación de exemplares nunha zona nunca habitada pola especie.

A reintrodución: liberación de exemplares dunha especie en lugares nos que esta estivo presente en tempos históricos e que por determinadas causas agora non está.

O reforzo poboacional: liberación de exemplares en zonas nas que existe presenza da especie, coa finalidade de incrementar a súa poboación.

Os conflitos potenciais das repoboacións poden resumirse en:

• **Sanitarios**

Cando os exemplares empregados proceden da cría en cativeiro, este procedemento leva aparelhada a presenza de patoloxías pouco frecuentes no medio natural, o que pode representar unha ameaza para as poboacións silvestres, así como un fracaso da repoboación cando se liberan exemplares enfermos ou cun estado deficiente.

• **Xenéticos**

Como consecuencia da hibridación practicada polos produtores dos exemplares empregados na repoboación, coa finalidade dun mellor manexo e produción, provocando perda de diversidade xenética.

• **Demográficos**

A convivencia de exemplares silvestres con exemplares de orixe industrial supón un factor de risco para os exemplares silvestres, dado que, cando se pretende diminuir a presión sobre o grupo salvaxe mediante a liberación de exemplares de orixe industrial, sucede que a supervivencia dos exemplares liberados é menor ca a dos salvaxes, polo que a presión sobre estes últimos non chega a reducirse.

• **De xestión**

Cando as repoboacións se realizan de xeito rutineiro e frecuente como única acción de xestión cinexética, a acumulación de resultados negativos ou non tan satisfactorios como se pensaba supón unha hipoteca adicional para o conxunto da xestión. As repoboacións ou as soltas de exemplares son un instrumento máis dos dispoñibles na xestión cinexética, cuxo emprego debe limitarse ao estritamente necesario.

O éxito dunha repoboación cinexética pasa, en primeiro lugar, por responder á pregunta ¿por que debemos repoboar?. Debemos ter suficientes argumentos obxectivos sobre o estado das poboacións, a calidade do hábitat e o sistema de explotación cinexética, para ser capaces de coñecer cales son os factores que fan necesaria a execución dunha repoboación, e que factores debemos eliminar ou modificar antes da súa execución.

Para realizar unha repoboación con espécimes de especies cinexéticas debe considerarse:

1. Que se esixe autorización previa da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que lle corresponde a esta consellería realizar as repoboacións nos terreos de aproveitamento cinexético común, nas reservas de caza e nos terreos non cinexéticos.
2. Que os exemplares liberados deben proceder dunha granxa cinexética ou dunha explotación cinexética autorizada, e cando proveñan de capturas en terreos abertos deben acreditar a súa procedencia e a legalidade da súa captura e, en calquera caso, o seu correcto estado sanitario.

CUESTIONARIO

- ***O Plan de ordenación cinexética ten unha vixencia:***
 - Quinquenal.
 - Anual.
 - Bianual

- ***O Plan de aproveitamento cinexético ten unha vixencia:***
 - Quinquenal.
 - Anual.
 - Bianual.

- ***Que teñen en común os plans de ordenación e os de aproveitamento cinexético?***
 - Son aprobados pola mesma autoridade administrativa.
 - Son de obrigado cumprimento.
 - Deben ser redactados polo mesmo técnico.

- ***Quen está obrigado a presentar un plan de ordenación cinexética para poder exercer a caza nos seus terreos?***
 - Os titulares de aproveitamentos cinexéticos suxeitos a réxime especial.
 - Os titulares de aproveitamentos cinexéticos suxeitos a réxime común.
 - Todos os titulares de aproveitamentos cinexéticos independentemente do seu réxime.

- ***Quen aproba os plans de aproveitamento cinexético?***
 - A persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza.
 - A persoa titular da dirección xeral de Montes e Industrias Forestais.
 - A persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.

- ***Que autoridade aproba o primeiro Plan de ordenación cinexética dun Tecor?***
 - A persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza.
 - A persoa titular da dirección xeral de Montes e Industrias Forestais.
 - A persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.

- ***Que prazo máximo poderá transcorrer entre a aprobación provisional e a presentación do Plan de ordenación ata a aprobación definitiva do Tecor?***
 - 6 meses.
 - 4 meses.
 - 2 meses.

- ***Poden realizarse repoboacións cinxéticas con exemplares procedentes de capturas en terreos abertos?***
 - Non, polos riscos sanitarios para o resto de poboacións.
 - Sí, cando quede acreditada a súa procedencia, legalidade da súa captura e correcto estado sanitario.
 - Sí, pero soamente cando procedan dunha explotación cinxética autorizada, con garantías sanitarias.

- ***Que prazo se establece para aprobar os plans de aproveitamento cinxético dende a súa presentación?***
 - 4 meses.
 - 2 meses.
 - 1 meses.

Ética e comportamento do cazador

Segundo a Recomendación 17 do Comité de Ministros da Unión Europea aos estados membros, do 23 de setembro de 1985, relativa á formación dos cazadores e criterios de comportamento e ética no exercicio da caza, o cazador debe ter presentes as seguintes normas e actitudes, independentemente de que poidan ou non ser motivo de sanción.

I. Respecto ás limitacións ao exercicio do seu dereito de caza

- Disparar unicamente sobre as especies autorizadas a cazar. Non é digno dun cazador disparar sobre especies non cinexéticas.
- Non relacionar a satisfacción que proporciona o exercicio da caza con aspectos cuantitativos. O mellor cazador non é aquel que máis mata.
- Respetar os períodos e métodos de caza autorizados, así como os límites territoriais autorizados.

II. Respecto ás especies cinexéticas

- Rexeitar participar en calquera acto contrario ao espírito e á ética da caza.
- Non empregar métodos de captura masivos e non selectivos.
- Debe renunciarse a cazar cando as condicións naturais lles diminúan ou limiten ás especies cinexéticas as súas posibilidades de supervivencia ou as obrigan á súa concentración, facilitando unhas capturas excesivas, de xeito que a deportividade da caza non sexa substituída por unha matanza de animais.
- Axudar a fauna a sobrevivir en situacións excepcionais (nevadas, temporais, incendios etc.).
- O cazador debe absterse de disparar a un animal se a munición empregada é insuficiente ou ben a distancia é excesiva para ocasionar a súa morte efectiva.
- Evitar o sufrimento inútil dos animais, non abandonar as pezas feridas ou mortas, tratando por todos os medios posibles de cobralas.
- Facer o mellor emprego das pezas de caza cobradas.
- Non cazar con ánimo lucrativo.

III. Ser un cazador competente e responsable

- Ter o mellor coñecemento posible sobre os aspectos ecolóxicos das especies cinexéticas.
- Informarse sobre a lexislación que é de aplicación no exercicio da caza e na conservación da vida silvestre.
- Participar en accións asociativas que non defendan unicamente os intereses dos cazadores, senón tamén a promoción da vida silvestre.

- Manter relación con autoridades e asociacións responsables da caza e da protección da natureza.
- Evitar discusións sobre a posesión das pezas de caza naquelas situacións nas que non está suficientemente claro a quen lle pertencen, tratando deportivamente de coñecer mediante o diálogo a que cazador lle corresponden.
- Colaborar cos técnicos na recollida de información, contribuíndo na xestión cinexética.
- Colaborar nos plans e proxectos de conservación da natureza, dado que soamente nun espazo ben conservado poderá promoverse a existencia de variedade e calidade en especies cinexéticas.
- Facilitar consello e exemplo, educación e adecuado comportamento aos novos cazadores.
- Cando se atope ou capture algunha peza portadora de aneis ou marcas utilizadas para a identificación de animais, deberá comunicárselle á consellería.
- Cumprir as regras de seguridade.
- Respetar as propiedades alleas e reparar os posibles danos que se poden ocasionar co exercicio da caza.
- Coidar os bens públicos, non danando a sinalización existente.
- O cazador non é o único usuario da natureza, non lle corresponde en exclusiva o seu beneficio.
- Non contaminar, recollendo as vaíñas dos cartuchos empregados.
- Manter unhas densidades adecuadas das diferentes poboacións cinexéticas, que aseguren unhas existencias suficientes e permitan a súa conservación e aproveitamento sostido.
- Respetar os depredadores, xa que asumen un papel importante no funcionamento do ecosistema.
- No caso de xurdir algún problema sanitario nas pezas de caza, informar as autoridades ou os seus axentes.
- O cazador debe velar pola pureza xenética das especies de caza, non permitindo a liberación de exemplares que impliquen riscos sanitarios e xenéticos.
- Favorecer e colaborar na loita contra as actividades de furtivismo.
- Manter os animais empregados como auxiliares no exercicio da caza nunhas adecuadas condicións, tanto físicas como de habitabilidade.
- Non empregar o campo para o tiro ao branco ou proba de armas.
- Amosar unha actitude de colaboración cos axentes da autoridade, acatando os seus requirimentos e atendendo en todo momento as súas indicacións.

CUESTIONARIO

- ***Se un cazador que está adestrando os seus cans, observa un comportamento anormal, por exemplo, dos coellos, que o fai sospeitar da existencia dunha enfermidade, debe:***
 - Recoller os cans e non volver a adestralos, dado que se corre o risco de transmisión da posible enfermidade.
 - Seguir adestrando os cans, non comunicando nada, dado que é algo que sucede con frecuencia.
 - Comunicarllelo de inmediato ás autoridades ou aos seus axentes.

- ***Cando no exercicio da caza se cobre un exemplar dunha especie cinxética que porte algún tipo de anel ou marca identificadora, o cazador debe:***
 - Amputar a parte do animal na que figura a marca ou anel e remitila ao Concello na que foi cobrada a peza.
 - Comunicarllo á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, facéndolle chegar aqueles sinais e os datos sobre o lugar e tempo de aprehensión.
 - Ao tratarse dunha especie cinxética, non hai a obriga de comunicar nada.

Normas de seguridade no exercicio da caza

A utilización das armas de fogo deulle unha nova dimensión ao concepto de cazar, formando parte do equipo básico da meirande parte dos cazadores. Con elas acadouse unha maior eficacia e un maior alcance que revolucionaron a concepción da caza.

O exercicio da caza, tanto individual como colectiva, impón o coñecemento dunha serie de regras que deben terse sempre presentes cando se quere cazar coa prudencia que esixe o manexo dunha arma.

A continuación e exclusivamente dende o punto de vista da seguridade na caza, coa finalidade de reducir os riscos de accidente do propio cazador ou de terceiras persoas, expóñense unha serie de recomendacións que deben terse sempre presentes no exercicio da caza.

10.01 Normas básicas xerais de seguridade na caza

- O tempo dedicado á limpeza das armas redonda nunha maior duración destas, na maior eficacia do disparo e en máis seguridade no seu uso. Durante a cazaría hai que ter precaución de manter limpos os canóns da arma (sen terra, follas etc.) para evitar a súa posible explosión.
- Unha arma oxidada, ademais de dar mala imaxe, acabará provocando un accidente con consecuencias imprevisibles.
- Comprobe que as pezas da arma non teñen folgura. Atención aos desgastes, roturas e desaxustes perigosos. As armas vellas requiren máis atención e é bo que as revise un armeiro.
- Cando se merca munición, convén asegurarse de que é a adecuada para o tipo de caza que se vai practicar e para o tipo de armas que se usarán.
- Cando se adquire unha arma ou se cambia de tipo de munición, é adecuado facer algún tipo de proba de tiro nun lugar apropiado.
- As armas son para disparar, non para mover pólas nin para empregalas como bastón.
- A inxestión de substancias que diminúan a nosa capacidade, ademais de estar prohibida, aumenta o risco de accidente.
- Non empregue as árbores como diña nin as empregue como postes na sinalización do terreo cinexético.



- Os días de meteoroloxía adversa esixen un esforzo especial de precaución, xa que diminúen a visibilidade e se perde a referencia do horizonte.
- Durante a caza, a arma debe portarse sempre cos canóns dirixidos cara o chan ou cara a arriba, non en horizontal nin cos canóns lateralmente, de xeito que apunten a algún dos membros do grupo. Este costume ten vital importancia á hora de cargar ou descargar a arma, e incluso cando se cace en solitario.
- Cando se caza en man, é imprescindible coñecer a situación dos demais compañeiros, evitando disparar sempre na súa dirección.
- Naqueles casos nos que vaíamos cruzarnos con alguén, sexa ou non cazador, débense descargar e manter descargadas as armas cando nos atopemos a menos de cincuenta metros uns doutros.
- Debemos ser transixentes e respectuosos con outras persoas que utilizan tamén o monte; pensemos que poden estar entre nós durante a cazaría. A nosa ordenación legal permítenos ter postos durante as cazarías nalgunhas vías. Teñamos especial precaución con outras persoas que poden transitar por esas vías.
- Hai que saber que a distancia que alcanza unha bala dun rifle son varios quilómetros, mentres que os perdigóns lanzados por un cartucho de escopeta non superan unhas decenas de metros. Debe actuarse en consecuencia.
- Ao disparar, debemos evitar facelo en dirección a un terreo duro, como pedras, rochas ou masas de auga, para evitar os posibles rebotes.
- Convén manter a arma co seguro posto ata que se vaia disparar. Non obstante, a pesar disto, hai que manter as precaucións, xa que o seguro pode non ser efectivo en determinadas circunstancias.
- Empregue sempre o cartucho e o perdigón axeitados para as diferentes modalidades de caza e escopetas. É preciso coñecer a presión que soporta a arma e a que desenvolve o cartucho. Teña isto moi en conta nos cartuchos de bala, comprobando a lonxitude de vaíña e asegúrese do estado da escopeta e das presións que poida soportar. No caso dos rifles, empregue balas e calibres adecuados e non introduza nunca unha bala dun calibre na recámara dunha arma doutro calibre.
- Hai que evitar deixar munición exposta ao sol ou a calquera axente que poida producir un quentamento excesivo, xa que este quentamento pode ocasionar unha presión excesiva que pode resultar perigosa.
- Non teña o dedo preto do gatillo; é preferible ir sempre co seguro posto e desmontalo unicamente á hora de disparar.
- Descargue a arma antes de franquear calquera obstáculo (regatos, cercas, arados ou barreiras de pedra).



- Se a arma conta con *chokes* cambiáveis, comprobe durante a xornada de caza que non afrouxaron. Os internos, se están frouxos, deixan un espazo suficiente para reter os perdigóns.
- Non faga nunca probas cos mecanismos de seguridade das armas (e máis concretamente co seguro) en posicións comprometidas.
- Se bebe ou toma substancias que poidan provocar euforia ou perda das condicións normais, non practique a caza, déixeo para outro día, non se poña en perigo nin poñas os demais.
- Non permaneza en lugares públicos con armas desenfundadas e montadas, aínda que estean descargadas.
- Non deixe as armas no interior de vehículos non controlados, aínda que estean pechados.
- Dedíquelle uns minutos á limpeza da arma despois de cada xornada de caza. É recomendable pasar a baqueta co arame en espiral polo menos dúas veces durante a tempada.
- Teña gardadas as armas sempre sen cargar, en lugar seco e seguro e engraxadas cando non se empreguen.
- Lembre que é obrigatorio ter as armas raizadas nun armiro homologado.



10.02 Normas de seguridade en batidas e montarías

• Antes da cazaría

O responsable da cazaría colocará os postos de forma que o seu campo de tiro non poña en perigo os seus compañeiros de armada.

O responsable da cazaría indicarlle a cada cazador cal é o seu posto, procurando colocar os postos de modo que queden protexidos dos disparos dos demais cazadores para o que aproveitará os accidentes do terreo.

Todos os cazadores están obrigados a obedecer as ordes do responsable da cazaría. Este debe recordarlles sempre aos seus compañeiros as medidas de seguridade.

As emisoras de radiofrecuencia son tamén de grande axuda para coñecer e informar da posición dos cazadores, sobre todo en zonas de matogueiras, constitúen



unha ferramenta moi útil para o xefe da cazaría, xa que lle permiten dar instrucións ao resto dos cazadores.

Os chalecos reflectores melloran a seguridade nas cazarías. Os animais non teñen unha visión tan nítida das cores como os humanos, presentan unha grande agudeza visual fronte aos movementos e un finísimo oído e olfacto, polo tanto é tan importante non moverse como camuflarse. Os chalecos de cores vivas (vermella ou amarela) melloran a visión da situación dos compañeiros de cazaría. É preferible perder un pouco de eficacia para aumentar a seguridade. Cómpre recordar que a lei de caza obriga a levar pezas de roupa de alta visibilidade nas batidas, montarías e zapeos de raposo.



Cada cazador debe marcar unha zona de tiro, e debe reducilas se hai posibilidade de rebotes. A posibilidade de rebotes é algo que sempre temos que ter en conta. Se tiramos cara ao chan, en zonas de pedras ou sobre auga, os proxectís poden rebotar de forma insospeitada e alcanzar a algunha persoa.



Se o terreo é chan, os postos deben estar todos aliñados, e cada cazador está obrigado a establecer acordos visuais cos máis próximos para sinalar as súas posicións.

• Durante a cazaría

O responsable da cazaría poderá expulsar desta a quen non obedeza as súas instrucións.

Nas batidas, para que un cazador poida moverse dun posto, deberá contar co coñecemento e autorización do xefe de cuadrilla, que actuará en consecuencia por ese movemento.

As armas na batida e na montaría só se cargarán á chegada ao posto e, polo tanto, deberanse descargar antes de abandonalo.

O cazador, unha vez colocado no posto, debe establecer contacto visual e verbal cos postos máis próximos para delimitar e coñecer o campo de tiro que lle corresponde a cada un deles.

Cando se vai disparar, hai que estar seguros de que a traxectoria do proxectil terminará no chan. Hai que ter especial precaución cos disparos sucesivos, pode que se empecen correctamente e logo correr riscos innecesarios. As zonas chas requiren unha atención especial porque a rasante do proxectil pode ser moito maior.

Non dispare nunca cara ao mato nin en dirección a outra persoa, aínda cando pareza que está fóra de alcance; pense sempre no destino final do proxectil.

O disparo farase cando se vexa a peza completa, nunca cara a unha sombra, un movemento ou un ruído no monte.

Nunca se debe disparar ao vulto que se move sen telo identificado antes. Pódese tratar dun can, un batedor, un garda, camiñantes ou incluso dun cazador que, desatendendo as normas de seguridade, abandona o seu posto para rastrexar unha res ou, simplemente, para comprobar que a matou. Ante a dúbida, non dispare. Sempre é mellor previr.



Tamén se recomenda non disparar ao viso, é dicir, ao lugar onde o horizonte non garanta que a bala quedará aterrada. Non se debe esquecer que hai unha gran diferenza entre o alcance dunha escopeta con cartucho de perdigóns ou de bala e o dun rifle.

• **Ao finalizar a cazaría**

Asegúrese de que descargou a arma ao saír do posto. É un bo costume revisala de novo cando se chega ao coche ou á casa.

Ao rematar a cazaría ou a xornada de caza, comprobe que non queden cartuchos ou balas na arma.



10.03 Normas de seguridade nas modalidades de caza menor

- **Na caza en man**, coñeza a situación dos seus compañeiros. Teña coidado con outras cuadrillas que se poidan cruzar. Extreme a precaución nas zonas de monte ou vexetación espesa. Á hora de disparar, preste atención á posible localización dos cans, realizando os disparos seguro de que non os acadarán.
- **Nos postos fixos**, chegue a eles coas armas enfundadas e saia igual. Non se mova coa arma cargada entre os postos nin saia cobrar a peza coa escopeta na man.
- **Nos axotamentos**, non esqueza colocar as pantallas laterais. Non dispare en dirección aos outros postos ou cara aos batedores cando xa estean a unha distancia que poidan ser alcanzados. Non saia coas escopetas cargadas nin dispare unha vez dado o sinal de fin de axotamento. Acuda e abandone o posto coas armas enfundadas.



- **Non se fie das distancias**, xa que os perdigóns dos cartuchos, e sobre todo as balas, poden chegar a distancias que non pensamos. Un rifle ten un alcance moi grande, podendo chegar as balas a varios quilómetros.
- **Ao igual ca na caza maior**, NON dispare xamais cara aos visos, os cambios de rasantes e por enriba doutros cazadores.
- **Lembre**, unha vez máis, que, cando dispare sobre unha peza de caza menor ou maior, sempre deberemos tela á vista, coa suficiente visibilidade para que no traxecto non atopemos persoas, animais ou obstáculos nos que poidamos impactar. Teña especial coitado nos días de néboa.



10.04 Colocación dunha armada de caza

- **Se os cazadores teñen contacto visual entre si**

Deben apostarse de xeito que teñan control visual dos que teñen próximos. Cada cazador debe marcar a súa posición con respecto aos outros compañeiros, situándose na liña imaxinaria da armada, non disparando en dirección aos outros postos.

Os postores deberanlle explicar a cada un dos cazadores o campo de tiro permitido. Deste modo, se a armada —é dicir, se a liña formada por varios postos consecutivos que cercan unha parte do monte que se vai bater— está nun cortadeiro, os postos deben colocarse aliñados no bordo da mancha, de costas á saída das reses.

Debe asignárselles cadanseu ángulo para o disparo aos cazadores, de maneira que en ningún caso poidan coincidir os campos de tiro de ningún deles.

Está terminantemente prohibido cambiar ou abandonar o posto durante a cazaría, agás por causa de forza maior e sempre logo de aviso aos postos estremeiros, se están a vista.



- **Se os cazadores non teñen contacto visual entre si**

O xefe de cuadrilla ou a persoa na que delegue colocará a cada cazador fóra do alcance de tiro dos demais participantes na cazaría, aproveitando para isto os accidentes do terreo ou ben asignándolle un campo de tiro a cada cazador, de xeito que os disparos que se produzan non poidan alcanzar os demais compañeiros. En todo caso, convén recordar que está prohibido cazar en liña de retranca.

10.05 Normativa vixente

A actual normativa sinala as medidas precautorias e de seguridade e establece a responsabilidade derivada so seu incumprimento, ademais de recoller as normas que deben considerarse ao cazar mediante as modalidades máis importantes de caza maior.

* Artigo 39 do Decreto 284/2001. Medidas precautorias de seguridade

1. *Con independencia do que dispoñan outras leis, durante o exercicio da caza deberá observarse o seguinte:*

- a) En todos os casos en que se avisten grupos de cazadores que marchen en sentido contrario, ou que se vaian cruzar ou adiantar, será obrigatorio para todos eles descargar as súas armas cando tales grupos se encontren a menos de cincuenta metros uns doutros e mentres se manteñan de fronte, respecto do outro grupo.*
- b) Nas cazarías que se organicen en forma de montarías, axexos ou tiradas colectivas, prohibese ter cargadas as armas antes do momento de chegar á postura ou despois de abandonala. Así mesmo, prohibese o cambio ou abandono dos postos polos cazadores, acompañantes e os seus auxiliares durante a cazaría, salvo por razóns de forza maior e logo de aviso aos postos estremeiros, sempre que estes estean á vista.*
- c) Nas montarías colocaranse os postos de modo que queden protexidos dos disparos dos demais cazadores, procurando aproveitar para tal efecto os accidentes do terreo.*
- d) Nos axotamentos deberán colocarse os postos distanciados, polo menos, trinta metros uns doutros, salvo que non teñan vista directa. Así mesmo, colocaranse pantallas de protección, que deberán ter dimensións e colocación en altura convenientes, sen que a súa superficie sexa inferior a quince decímetros cadrados.*
- e) Salvo que se indiquen distancias superiores, na modalidade de axotamento, os axotadores non deberán achegarse a menos de cincuenta metros das posicións de tiro dos cazadores e estes non dispararán cara á liña de axotadores cando esta se encontre a menos de cen metros ao alcance da escopeta.*
- f) Cada postor deberalles explicar antes de empezar a cazaría a todos os cazadores que coloque o campo de tiro permitido, e estes absteranse de*

disparar fóra del e especialmente en dirección aos demais postos que teña á vista. Para estes efectos, cada cazador está obrigado a establecer acordo visual e/ou verbal cos máis próximos para sinalar a súa posición.

*** Artigo 40 do Decreto 284/2001. Responsabilidade nas cazarías**

1. *Os titulares dos Tecor e os organizadores das cazarías, se é o caso, serán responsables das infraccións que se deriven de cazar ou permitir cazar nas modalidades non incluídas no plan de ordenación aprobado para o Tecor, ou con incumprimento das condicións do antedito plan.*

Cando os titulares actúen como organizadores asumirán, ademais, as responsabilidades destes.

Os organizadores de cazarías serán responsables, en xeral, do cumprimento dos requisitos e medidas concernentes á preparación e desenvolvemento daquelas, especialmente ás medidas de seguridade, colocación e condicións que deben reunir os postos; impedirán tanto cazar en liña de retranca como na faixa que corresponda arredor da superficie obxecto da cazaría.

Responsabilizaranse, así mesmo, de lles dar as debidas instrucións a cantas persoas vaian participar na cazaría, sexan cazadores ou auxiliares.

2. *Os cazadores serán responsables dos seus actos individuais, incluído o incumprimento das instrucións que para o bo desenvolvemento da cazaría lles dera o organizador cando participen en modalidades colectivas.*

Así mesmo, todo cazador estará obrigado a indemnizar polos danos e perdas que ocasione con motivo do exercicio da caza, excepto cando o feito fose debido a culpa ou negligencia do prexudicado ou por causas de forza maior.

ANEXO II

Decreto 284/2001

Normas para a caza na modalidade de axexo

1. *Durante a cazaría, cada cazador irá acompañado dun garda ou guía que terá a representación do titular dos dereitos cinexéticos e cuxas decisións serán seguidas estritamente no transcurso desta.*
2. *O garda ou guía será o que lle indique ao cazador as pezas sobre as que pode disparar, e poderá suspender a cazaría cando, ao seu xuízo, existan razóns que o fagan aconsellable. Durante o desenvolvemento das cazarías, as decisións dos gardas ou guías acompañantes serán inapelables. Os cazadores poderán recorrer contra as decisións do citado persoal ou formular reclamacións con respecto ao seu comportamento mediante escrito dirixido ao organismo competente.*
3. *Situados no cazadoiro, se as condicións para a caza se tornasen adversas para o seu desenvolvemento, o garda comunicaralle ao cazador a suspensión temporal desta.*

4. *O titular do permiso é a única persoa autorizada para disparar, non podendo levar máis ca unha arma de fogo á cazaría.*
5. *Ferida a peza, o garda ou guía adoptará as previsións precisas para proceder á súa persecución, remate e cobro. Unha vez cobrada a peza, tomaranse as correspondentes mostras e medidas.*
6. *O guía, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.*

ANEXO III

Decreto 284/2001

Normas de seguridade en batidas e montaría

Antes do inicio da cazaría nomearase un responsable desta. Esta persoa queda obrigada a organizar os cazadores durante o seu desenvolvemento. O seu nome e DNI figurarán na relación de cazadores que efectivamente van cazar. Todos os cazadores participantes están obrigados a obedecer as ordes do responsable da cazaría, quen poderá ordenar a expulsión dos cazadores que non cumplan as súas instrucións.

O responsable da cazaría escollerá as manchas que se vaian bater e comunicaralles a súa localización aos representantes do servizo de Patrimonio Natural e da Garda Civil. Igualmente, deixarao indicado no punto de reunión.

O responsable da cazaría indicarlles aos cazadores participantes os postos que deberán ocupar durante o desenvolvemento da montaría.

Os cazadores participantes non se moverán dos seus postos durante a montaría.

Mentres o responsable da cazaría coloca os cazadores participantes nos seus postos, estes deberán levar as escopetas abertas e os rifles descargados.

Unha vez colocados os cazadores nos seus postos, o responsable da cazaría indicará o comezo, momento no que os batedores e os cans entrarán na mancha que se vaia bater.

Cando o responsable da cazaría dea o sinal de comezo, os cazadores cargarán as armas.

Se algún dos cazadores participantes se movese do seu posto, o responsable da montaría suspenderá a cazaría de forma inmediata, e expulsará da cuadrilla aqueles cazadores que non respectasen as súas ordes.

Os cazadores participantes apuntarán as súas armas unicamente cara á mancha que se vai bater. Queda prohibido apuntar ou disparar cara á liña de retranca.

O responsable dará por finalizada a cazaría cando o considere oportuno. Os cazadores de forma inmediata descargarán as súas armas.

Durante os traxectos nos que se utilice calquera tipo de vehículo, as armas irán descargadas e nas súas fundas.

O responsable da cazaría, antes do seu inicio, debe darlles a coñecer a todos os participantes estas normas de seguridade.

Non poderá realizarse ningunha cazaría sen antes notificarllo ao posto da Garda Civil nin poderán baterse manchas distintas das solicitadas.

O responsable da cazaría, baixo a súa responsabilidade, expedirá unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. Será necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, será necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados.

10.06 Lesións do cazador e primeiros auxilios

• Torceduras

Se é posible, aplicarase frío con toallas ou panos ou, se houbese, con xeo. Deseguido, inmovilizarase a articulación afectada e trasladarase o lesionado ao servizo de urxencias máis próximo.

Se a caída foi de costas, non se moverá o ferido, xa que se podería agravar a súa lesión, e chamarase unha unidade especializada neste tipo de accidentes.



• Luxación


É a saída do óso da súa posición normal, que se detecta pola anormal morfoloxía da articulación, e por presentar o enfermo unha intensa dor e un bloqueo da articulación afectada.

Débase inmovilizar o ferido e despois trasladarase a un servizo de urxencias.

• Fracturas óseas

Hai unha serie de signos que, de xeito fácil, fan posible o diagnóstico dunha fractura. Entre os máis salientables figuran os seguintes:

1. Imposibilidade de mover o membro lesionado.
2. Dor á altura da lesión.
3. Deformación do membro facilmente perceptible se se compara co membro san.



4. A rexión fracturada colle unha cor denegrida.
5. Crepitación ou sensación de rozamento entre os dous fragmentos do óso fracturado.
6. Shock.

Nos casos de fracturas, como son as de tibia, peroné, cúbito etc., inmobilizaranse con algún elemento ríxido, e despois farase o debido traslado ao centro de urxencias máis próximo.

Nunha fractura de costelas, colócase unha venda sobre a rexión fracturada ou que se supón fracturada, e anúdase sobre o lado san. Para levar isto a cabo, recoméndaselle ao ferido que aspire a fondo ao tempo que se tira dun modo continuo e suave dos extremos da venda, co fin de poder apertar ben o nó. Deseguido, repítese esta mesma manobra con outras dúas vendas, que se colocan por enriba e por debaixo da anterior. Convén colocar un rolo de vendas ou de panos entre o nó e a pel para non beliscala.

De todos os xeitos, hoxe en día, ata que non sexa confirmado o diagnóstico cunha radiografía, non se debe facer ningún tipo de vendaxe, e menos aínda se o mancado é un ancián.

Cando se trate dunha fractura da pelve ou da cadeira, procédese a colocar, pola súa parte extrema, unha longa férula que se estenda dende a axila ata o pé, e pola súa parte interna, unha que vaia dende a íngoa ata o pé.

• Feridas abertas

Ante a presenza dunha ferida, ás veces producida polo impacto dun perdigón, a primeira medida é a súa limpeza profunda, someténdoa ao chorro de auga dunha fonte, dunha billa ou dunha cantimplora, co fin de arrastrar a sucidade desta e incluso desprender os corpos estraños retidos, tales como pedras, cristais etc.

Se a profundidade ou a extensión da ferida é importante, procederáse de igual xeito, e trasladarase posteriormente ao ferido a un centro de urxencias.

A maioría das feridas sangran pouco e a hemorraxia para dun xeito espontáneo antes dos cinco minutos. Cando, debido á perda abundante de sangue, se dificulta a localización da ferida, aplicarase un lavado intenso con auga e, unha vez localizada a orixe da hemorraxia, actuarase para detela, situando a parte sangrante en situación máis elevada ca o resto do corpo, deste xeito, e por mor da gravidade, moitas feridas deixarán de sangrar ou sangrarán menos.

Como segundo paso que se debe seguir, colocarase un garrote ou torniquete, tendo en conta sempre os sentidos de ida e volta ao corazón. Se se trata dunha articulación, deberemos colocalo por enriba da ferida, pero se é dunha vea, colocarémolo por debaixo dela, porque, de non facelo así, equivalería a non poñelo.



Se a saída de sangue é moi aparatosa, convén atallala canto antes, así que, se non se ve moi claro, convén aplicar dous torniquetes, un a cada lado da ferida. De todos os xeitos, o torniquete é unicamente unha solución momentánea, mentres se traslada ao ferido a un centro de urxencias.

● Lesións musculares

A pesar de que os músculos se atopan menos superficiais ca os vasos capilares e recubertos de diferentes capas ata a pel, poden ser alcanzados por axentes traumáticos exteriores de diferentes maneiras:

- Esgazadura muscular; aplicarase frío (compresas de auga fría, xeo etc.) e/ou analxésico a base de clorotilo comercializado en farmacias.
- Contusión ou golpe, aplicarase o mesmo sistema ca no punto anterior.
- Escordaduras; aplicarase frío na zona durante trinta minutos, despois procederse a unha vendaxe compresora. É aconsellable acudir a un centro sanitario para proceder a un estudo radiolóxico.
- Cambras; ante a sobrecarga dos músculos, realizárase un estiramento apoiando o calcañar e pisando cara a abaixo a planta do pé.

Remedios preventivos para evitar lesións musculares

➤ **Membros superiores**

1. Quecemento con movementos rotativos de brazos, cúbados, pulsos e fortalecemento dos dedos.
2. Ao longo da xornada de caza, aconséllase non sobrecargar constantemente unha das metades do corpo, sen mediar a dita sobrecarga.
3. Ante fatiga e/ou dor, recoméndase descansar uns minutos e practicar as estiradas antes citadas.



➤ **Membros inferiores (cadeira, coxa, xeonllo, perna e pé)**

1. Cadeira: fanse rotacións e xiros co fin de descargar a tensión sacrolumbar para darlles elasticidade ás articulacións e ao nervio ciático.
2. Coxa: no caso de recarga muscular, collerase coa man da mesma perna o pé, e estirárase ata chegar co calcañar á zona glútea, para estirar todos os músculos.
3. Xeonllo: realizárase flexións para desentumecer rótulas, meniscos, ligamentos e tendóns.
4. Perna: os xemelgos e sóleo son os músculos que primeiro se lesionan no campo, xa que se recargan e endurecen con moita facilidade, o que provoca

lesións que poden chegar a unha tendinite no talón de Aquiles, e para evitar as ditas lesións, recoméndase un adestramento previo ou, á metade da xornada, cun pé adiantado e flexionado o xeonllo (cos calcañares ben apoiados no chan e a outra perna ben ríxida), inclinarase o corpo cara a diante e coa perna ríxida estírase cara a atrás.

5. Pé: para evitar as lesións do nocello, procederase a uns movementos básicos, que consisten en estiradas cara á fronte, atrás e con rotacións en ambos os dous lados.

• Sistema respiratorio

No caso de dificultades respiratorias, recoméndase que paremos para efectuar os seguintes exercicios respiratorios:

- Inspirar aire polo nariz, manténdoo uns segundos no peito, e deseguido expulsalo pola boca, repetindo este exercicio varias veces ata que a respiración sexa pausada e tranquila.
- No caso de que a fatiga sexa abdominal e/ou do diafragma, inspirárase arqueando o corpo cara a diante, actuando coma no caso anterior para provocar a abertura do diafragma e da zona hepática.

• Lesións oculares

No caso de que algún axente quede dentro do ollo, recoméndase a urxente visita a un especialista.

Para rematar, queremos facer chegar unha importante recomendación ao cazador, que consiste en que leve unha pequena caixa de urxencias durante a actividade cinexética, que terá: mercromina, apósitos, gasas, auga osixenada, alcohol, clorotilo (analxésico local para mazaduras, contusións etc., non se debe aplicar sobre as feridas abertas), tesoiras, vendas, calmantes e esparadrapo.



CUESTIONARIO

- ***O cazador que ocupa un posto nunha montaría debe:***
 - Escondese tratando de mimetizarse o máximo posible co entorno, para que así as especies cinexéticas non o descubran e se coloquen no seu campo de tiro.
 - Antes de comezar a cazaría, establecer contacto visual e/ou verbal cos postos máis próximos para sinalizar a súa posición.
 - Colocar unhas pantallas de protección.
- ***No exercicio da caza, cando nos vaíamos cruzar con outros cazadores:***
 - Podemos manter a arma cargada, manténdoa en posición vertical e extremando as medidas de seguridade.
 - Debemos descargar a arma cando nos atopemos a unha distancia menor de cincuenta metros mentres nos manteñamos de fronte.
 - Podemos manter a arma cargada, podendo disparar a aquelas pezas de caza que saian, sempre que consideremos que esta acción non xera unha situación de perigo para outras persoas.
- ***Cando se está a franquear un obstáculo, como pode ser saltar un valo ou superar un peche de arame, cal das seguintes accións considera a máis adecuada?***
 - Abrir ou descargar a arma.
 - Colocar o seguro sen necesidade de descargar ou abrir a arma.
 - Prestar especial atención, dado que nese intre soe ser cando as pezas de caza aproveitan para fuxir sen que o cazador poida realizar o disparo.
- ***Na organización dunha batida, cando o responsable da cazaría ou a persoa na que este delega distribúa os cazadores nos postos asignados:***
 - Os cazadores poden levar cargadas as súas armas, dado que pode saír unha peza de caza e ao tratarse da modalidade de gancho poderían dispararlle.
 - Os cazadores poden levar cargadas as súas armas unicamente con cartuchos que conteñan munición empregada para a caza menor.
 - Os cazadores non poden ter cargadas as súas armas antes do momento de chegar ao posto nin despois de abandonalo.

- *Cando o responsable dunha cazaría ou a persoa na que este delega está a colocar os cazadores nos postos dunha montaría, debe:*

- Explicar a cada cazador que coloque, o tipo de munición que pode empregar e as especies ás que pode disparar.
- Revisar a documentación de cada cazador, comprobando que pode participar na cazaría.
- Explicar o campo de tiro permitido para ese posto.

- *Un cazador que está participando nunha montaría:*

- Pode disparar a todas as pezas de caza para as que está autorizada a montería, e que poida divisar dende o seu posto.
- Unicamente pode disparar as pezas de caza para as que está autorizada a montería, sempre dentro do campo de tiro asignado.
- Pode disparar a todas as pezas de caza para as que está autorizada a montería, e que poida divisar dende o seu posto, excepto ás femias seguidas de crías.

- *Cando se realiza unha batida polas persoas que forman parte da sociedade titular dun Tecor societario, onde se coloca cada cazador?*

- Por acordo entre eles, repártense os postos ao seu criterio, dado que coñecen a mancha que se vai a cazar.
- Cada cazador buscará un sitio ao redor da mancha a cazar, no que localizará o seu posto, dende o que tentará controlar o maior espazo posible.
- Será o responsable da cazaría o que lles indicará aos cazadores os postos que deben ocupar.

- *Se no transcurso dunha montaría que realizan os membros da sociedade titular dun Tecor algún participante incumpre as ordes establecidas polo responsable da cazaría:*

- Remataría a cazaría, procedendo a anularse todas aquelas que a sociedade de cazadores tivera concedidas.
- Non teñen porque acatar as ordes deste, dado que todos os membros da sociedade posúen os mesmos dereitos.
- Serán expulsados da cazaría, por non cumprir as instrucións dadas.

- ***De cara á seguridade dos cazadores, así como daquelas outras persoas que poden estar en terreos cinéticos, á hora de deseñar a colocación dos postos nunha montaría, cal das seguintes opcións considera a máis adecuada?***
 - Que o campo de tiro sexa tal, que os disparos se realicen seguindo a horizontal ou ben pendente abaixo.
 - Que os disparos se realicen de xeito que toquen o terreo brando na menor distancia posible.
 - No emprazamento dos postos, non ten porque atenderse á localización do posible campo de tiro.

- ***Se no transcurso da cazaría se sofre unha caída que motiva o apoio dos canóns da escopeta no chan, deberíase:***
 - Abrir a escopeta, retirar os cartuchos e comprobar si os canóns están obstruídos.
 - Disparar a escopeta para retirar os posibles obxectos que puideron introducirse nos canóns.
 - Comprobar si se raiaron os canóns da escopeta.

- ***Un cazador vai adquirir cartuchos con perdigón de 7.^a para ser disparados coa súa escopeta do calibre 12, que está probada a 900 Kp, cal das seguintes opcións é a máis correcta?***
 - Adquirir calquera cartucho que se venda nunha armería autorizada.
 - Adquirir cartuchos para ser disparados con escopetas que posúan recámara magnum.
 - Adquirir cartuchos reforzados.

Limitacións, prohibicións, delitos e infraccións en materia cinexética

11.01 Limitacións en beneficio da caza

A lexislación cinexética galega establece as seguintes limitacións ao exercicio da caza en terreos agrícolas, terreos queimados e montes reforestados:

- Nos terreos dedicados a cultivos agrícolas e nos montes recentemente reforestados, a consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, oído o Comité Galego de Caza, poderá condicionar ou prohibir o exercicio da caza durante determinadas épocas. Para estes efectos, os referidos terreos non requirirán sinalización. Deste acordo darase publicidade no Diario Oficial de Galicia.
- De acordo co establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada polo punto 35 da disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, prohíbese o aproveitamento e repoboación cinexética durante tres anos nos terreos queimados.

11.02 Prohibicións en relación coas armas, municións e dispositivos auxiliares

Armas prohibidas para o exercicio da caza

Prohíbense os seguintes tipos de armas para o exercicio da caza:

- Armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.
- Armas de fogo automáticas ou armas semiautomáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos.
- Armas de inxección anestésica.
- Armas de fogo curtas e armas de guerra.
- Armas de fogo longas riscadas de calibre 5,6 milímetros, de percusión anular.
- Aquelas cuxo uso estea prohibido conforme a normativa de armas vixente.
- Armas que dispoñan de mira telescópica, agás para as modalidades de caza maior.

Prohibicións en relación coas municións

- Prohíbese a tenza e o uso de cartuchos con munición de postas, entendéndose por postas os proxectís introducidos nos cartuchos cuxo peso unitario sexa igual ou superior a 2,5 gramos ou cuxo diámetro sexa igual ou superior a 4,5 milímetros.
- No exercicio da caza menor está prohibido o emprego e tenza de munición de bala, agás autorización expresa.

- No exercicio da caza maior está prohibido o emprego e tenza de cartuchos con munición de perdigón, entendéndose por perdigóns os proxectís introducidos nos cartuchos cuxo peso unitario sexa inferior a 2,5 gramos e cuxo diámetro sexa inferior a 4,5 milímetros.
- Prohíbese o abandono dos cartuchos baleiros, vaíñas ou calquera outro resto ou material utilizado durante a práctica da actividade cinexética, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.
- Está prohibido o uso e tenza de balas explosivas.
- Está prohibido o uso e tenza de calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado con posterioridade á súa fabricación.
- Nas modalidades de caza maior colectivas, as autorizacións poderán impoñer medidas de seguridade máis restritivas no que respecta á munición e ás armas de fogo.

Dispositivos auxiliares prohibidos

Prohíbense os seguintes dispositivos auxiliares no exercicio da caza:

- Silenciadores.
- Dispositivos de mira dos cales forme parte un convertedor ou un amplificador electrónico de luz para tiro nocturno.
- O láser ou calquera outro dispositivo que sinale o albo.
- Calquera outro que se declare contrario ao exercicio ético da caza.

Outros instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos

Prohíbese con carácter xeral a tenza, utilización e comercialización de todos os procedementos masivos ou non selectivos para a captura ou morte de exemplares de especies cinexéticas, así como daqueles que poidan causar localmente a desaparición ou turbar gravemente a tranquilidade das poboacións dunha especie cinexética. Para estes efectos, enténdese que un procedemento de caza é non selectivo cando o seu emprego é susceptible de causar a captura ou morte indiscriminada de exemplares de diversas especies

e particularmente:

- Animais vivos, mortos ou naturalizados, cegos ou mutilados utilizados como chamarices.
- Gravadores e magnetófonos, aparellos electrocutantes e dispositivos eléctricos e electrónicos que poidan matar ou atordar.
- Fontes luminosas artificiais, espellos e dispositivos para iluminar os albos. Exceptúanse desta prohibición as esperas nocturnas, nas cales poderán utilizarse os devanditos elementos co fin de potenciar a seguridade da actividade cinexética.
- Trampas non selectivas no seu principio ou nas condicións de emprego.
- Redes, lazos, cepos, trampas-cepos, velenos, cebos envelenados ou tranquilizantes.
- Visgos, explosivos, aparellos que produzan asfixia con gas ou fume, béstas e anzois.

Está prohibido o emprego de aeronaves de calquera tipo, de vehículos terrestres motorizados e de embarcacións en movemento como medio de transporte de armas desfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en calquera época do ano, así como lugares desde onde realizar os disparos, agás autorización expresa.

Prohíbense os cercados con mallas que non permitan o libre tránsito das especies silvestres na totalidade do seu perímetro, coa excepción das especies cinxéticas de caza maior, agás cando a súa utilización se realice en zonas de aclimatación e en biótopos artificiais. Igualmente, prohíbense os cercados electrificados e abrir portelos en cercas ou valados ou construír artificios, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza allea.

11.03 Delitos, faltas e infraccións administrativas

En determinadas circunstancias unha infracción pode ter carácter de delito ou falta segundo a lexislación penal. Neste caso, trasládase o expediente ou a denuncia á autoridade xudicial. Se esta autoridade non estima a existencia de falta ou delito, continúase o expediente administrativo ata a súa resolución definitiva.

• Delitos de caza

Segundo o Código penal considérase delito:

A introdución ou liberación de especies da flora ou fauna non autóctona, de xeito que prexudique o equilibrio biolóxico, en contra do establecido nas leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies da flora ou fauna.

A caza de especies ameazadas ou a realización de actividades que impidan ou dificulten a súa reprodución ou migración, en contra do establecido nas leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de fauna silvestre, así como o comercio ou tráfico con elas ou cos seus restos.

A caza de especies que, aínda que non estean ameazadas, estean expresamente prohibidas polas normas específicas sobre a súa caza.

A utilización para a caza, sen estar legalmente autorizado, de veneno, medios explosivos ou outros instrumentos ou artes de similar eficacia destrutiva para a fauna.

O maltrato con asañamento e inxustificadamente de animais domésticos, ocasionándolles a morte ou provocándolles lesións que produzan un grave menoscabo físico.

O castigo pola comisión destes delitos, segundo o caso, é de pena de prisión de catro meses a dous anos ou multas entre 8 e 24 meses. Nalgunhas ocasións leva aparelhada a inhabilitación especial para o exercicio do dereito a cazar por tempo de dous ata un máximo de cinco anos. Así mesmo, as penas pódense agravar cando afecta a especies ou subespecies catalogadas en perigo de extinción ou cando o delito se comete en espazos naturais protexidos.

• Faltas

Contra os animais domésticos

Deixalos ceibos ou en condicións que poidan ocasionar algún mal.

Abandonar un animal doméstico en condicións nas que poida perigar a súa vida ou a súa integridade.

Maltratar cruelmente os animais domésticos ou calquera outro en espectáculos non autorizados legalmente.

Contra a flora ameazada

Cortar, queimar, arrincar ou recoller algunha especie ou subespecie de flora ameazada (incluídas as súas sementes, bulbos, brotes etc.), sen que ocasione unha grave afección para o medio.

Contra as persoas, o patrimonio, os intereses xerais e a orde pública

Existen faltas que, aínda non afectando o medio, poden ser aplicables á actividade cinexética. As ditas faltas son, polo tanto, aplicables a calquera persoa, sexa ou non cazador.

As penas pola comisión destas faltas son, por suposto, menores ca cando se trata de delitos e consisten en multas entre un mínimo de 10 e un máximo de 60 días e, nalgúns casos, pódense impoñer arrestos de fin de semana e períodos de traballo ao servizo da comunidade ou de localización permanente.

• **Infraccións administrativas**

Considéranse infraccións administrativas en materia de caza as accións ou omisións que infrinxan o establecido na Lei de caza de Galicia, clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Infraccións leves

1. Cazar sendo menor de 16 anos.
2. Cazar con armas de fogo sen alcanzar a maioría de idade, cando se faga a máis de 50 metros da persoa maior de idade encargada da vixilancia.
3. Non levar consigo durante o exercicio da caza a documentación preceptiva, aínda sendo titular desta.
4. Cazar sen renovar a licenza.
5. Abater ou intentar abater unha peza que fose levantada e sexa perseguida por outro ou outros cazadores con axuda ou non dos seus cans ou aves de cetraría, en canto dure a persecución.
6. Non abrir ou descargar a arma cando se aproximen ao cazador persoas ou grupos de persoas alleas á cazaría, así como nos momentos de descanso ou reunión entre os cazadores.
7. Practicar a caza a cabalo, agás no exercicio da cetraría ou no caso de discapacidade física.
8. Cazar pombas nos seus bebedoiros habituais ou a menos de 1.000 metros dun pombal debidamente sinalizado.
9. Non impedir que os cans propios vaguen sen control, evitando que danen as especies silvestres, as súas crías e os niños en calquera época do ano.
10. Incumprir o establecido no artigo 5 da Lei de caza de Galicia, sobre a entrada e o cobramento de pezas en terreos de titularidade allea.

11. Incumprir as normas que regulen o adestramento de cans e aves de cetraría nas zonas que se establezan para o efecto recollidas nos plans de ordenación cinexética, facelo na época de maior sensibilidade na cría das especies silvestres ou facelo fóra destas.
12. Non cumprir o establecido no artigo 42.3 da Lei de caza, sobre caza en camiños e augas públicas que atravesen ou linden con terreos cinexéticos.
13. Incumprir o establecido no artigo 63.8 da Lei de caza, no referente ás pezas de roupa de alta visibilidade que permitan ou favorezan a mellor visualización do cazador.
14. Calquera práctica que tenda a atraer ou espantar a caza en terreos alleos ou zonas protexidas.
15. Infrinxir o disposto no artigo 5.3 da Lei de caza respecto da entrega de pezas de caza feridas ou mortas que entren en terreos cinexéticos doutra titularidade, cando quen solicitase o acceso acredite que a peza foi ferida en terreo onde lle estaba permitido cazar.
16. Infrinxir o cazador as limitacións ou prohibicións que regulen o exercicio da caza nas resolucións anuais que establecen os períodos hábiles en terreos sometidos a réxime cinexético especial, cando a persoa infractora estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza neles.
17. Incumprir, os acompañantes, axotadores, batedores ou auxiliares de caza, o establecido no artigo 65.2 da Lei de caza de Galicia, agás os secretarios, que deberán transportalas enfundadas, e os batedores nas montaría, a quen se autoriza o uso de armas brancas para o remate das pezas de caza.
18. Estar en posesión de armas ou municións legais non permitidas para a modalidade de caza que se estea a practicar.
19. Non precintar as pezas de caza maior ao final da cazaría.
20. Incumprir o establecido no artigo 67.4 da Lei de caza, respecto do abandono dos cartuchos baleiros e vaíñas, así como calquera outro residuo usado nas prácticas cinexéticas.
21. Incumprir as responsabilidades que atribúe o artigo 63 da Lei de caza a quen sexa responsable das cazarías e a quen sexa titular dos terreos sometidos a réxime especial, agás que estea tipificado como infracción grave ou moi grave.
22. Incumprir, por parte dos cazadores, as indicacións de quen sexa responsable da cazaría naqueles aspectos que non afecten directamente a seguridade das persoas.
23. Non presentar a memoria descritiva do desenvolvemento da actividade, coa expresión dos días e horas en que se desenvolveu, medios de captura utilizados, número de exemplares capturados por especies e conclusións da actividade que se establece no artigo 74.3 da Lei de caza.
24. Incumprir, por parte dos cazadores, as limitacións contidas no plan anual de aproveitamento cinexético oficialmente aprobado ou no plan de ordenación cinexética, agás que estea tipificado como infracción específica de maior gravidade na Lei de caza.

25. Incumprir o establecido no artigo 69.3 da Lei de caza cos cercados.
26. Empregar aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados e embarcacións en movemento, como medio de transporte de armas desenfundadas, ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso en día hábil de caza.
27. Cazar nos chamados días de fortuna, segundo a definición que fai o artigo 70.1.b) da Lei de caza, sen autorización.
28. O adestramento de cans ou aves de cetraría en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando a persoa infractora non estea en posesión do correspondente permiso de quen sexa titular dos dereitos cinexéticos.
29. A vulneración das prohibicións ou o incumprimento de obrigas previstas na Lei de caza de Galicia cando non sexa constitutivo de infracción grave ou moi grave.
30. Incumprir o disposto no artigo 46.1 da Lei de caza sobre sinalización por parte de quen sexa titular dos dereitos cinexéticos ou cando unha resolución administrativa impoña a súa obrigatoriedade.

Infraccións graves

1. Cazar crías ou as femias seguidas de crías, así como os machos sen corna, agás autorización expresa.
2. Circular con armas de caza cargadas, usalas ou disparar en dirección ás zonas de seguridade, agás que se dispoña de autorización para iso.
3. Usar postas, segundo a definición que fai o artigo 67.1 da Lei de caza de Galicia.
4. Portar chamarices, produtos e aparellos dos descritos no artigo 69.1 da Lei de caza, en calquera tipo de terreo sen autorización.
5. No exercicio da caza menor, usar munición de bala, agás autorización expresa.
6. No exercicio da caza maior, usar cartuchos con munición de perdigón.
7. Usar munición que conteña chumbo contravindo a Lei 42/2007, do 13 de decembro.
8. Incumprir as condicións que se fixen nas autorizacións para realizar batidas ou incumprir as indicacións de quen sexa responsable da cazaría naqueles aspectos que afecten directamente a seguridade das persoas. Enténdese, en calquera caso, que a contravención do disposto no artigo 63 da Lei de caza afecta directamente a seguridade das persoas.
9. Empregar aeronaves de calquera tipo, vehículos terrestres motorizados e embarcacións en movemento como medio de transporte de armas desenfundadas ou calquera outro medio de caza listo para o seu uso, en día inhábil de caza.
10. Cazar ou portar medios dispostos para a caza sen autorización de quen sexa titular do dereito cinexético ou sen cumprir a normativa legal por veda, épocas, horas, lugares ou circunstancias prohibidas.
11. Usar en terreos cinexéticos armas accionadas por aire e outros gases comprimidos.

12. Portar en terreos cinexéticos sen autorización instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos polo artigo 66 e seguintes da Lei de caza de Galicia.
13. Cazar sen obter a licenza anteriormente, sen tela renovada durante máis dun ano ou estando inhabilitado para obtela.
14. A caza polos axentes da autoridade e os gardas de caza durante o exercicio das súas funcións.
15. Impedir aos axentes da autoridade, facultativos medioambientais e axentes forestais dependentes da consellaría competente en materia de caza, e demais corpos e institucións da Administración pública que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos naturais, realizaren as actuacións previstas no artigo 75.3 da Lei de caza.
16. Negarse a exhibir a documentación establecida no artigo 58.1 da Lei de caza aos axentes da autoridade cando esta sexa solicitada.
17. O incumprimento por parte de quen teña a titularidade cinexética das condicións establecidas nas resolucións de declaración de tecor, terreo cinexético-deportivo ou explotación cinexética comercial.
18. Incumprir por parte de quen teña a titularidade cinexética o establecido nos plans de ordenación cinexética e anuais de aproveitamento cinexético, unha vez aprobados estes polos órganos competentes.
19. Incumprir por parte de quen teña a titularidade cinexética as obrigas de comunicación establecidas no artigo 52 da Lei de caza de Galicia.
20. Explotar comercialmente a caza sen autorización ou incumprir as condicións fixadas nesta.
21. Cazar con furóns sen autorización, así como vulnerar as condicións de autorización outorgada para a utilización destes animais.
22. Estar en posesión de pezas de caza vivas ou mortas cuxa procedencia non poida xustificarse nos períodos de vedas que se establezan na correspondente disposición xeral de períodos hábiles.
23. O exercicio da caza en terreos sometidos a un réxime cinexético especial cando a persoa infractora non estea en posesión do correspondente permiso para exercitar a caza neles.
24. Pechar ou cercar terreos con fins cinexéticos sen autorización ou sen cumprir os requisitos establecidos nela, así como danar ou alterar os que estean autorizados.
25. Cazar con armas de fogo sen cumprir as medidas de seguridade que regulamentariamente se especifiquen.
26. Cazar en liña de retranca en caza maior facendo uso de armas de fogo.
27. Abrir portelos en cercas ou valados ou construír artificios, trampas, barreiras ou calquera outro dispositivo que sirva ou poida servir para beneficiarse da caza allea.
28. Destruír ou danar as instalacións destinadas á protección e fomento da caza.
29. Cazar con armas de fogo automáticas ou semiautomáticas cuxo cargador poida conter máis de dous cartuchos ou rifle anestésico sen autorización.

30. Cazar con armas ou medios que precisen de autorización especial sen estar en posesión do correspondente permiso.
31. Cazar sen ter concertado un contrato de seguro de responsabilidade civil do cazador na contía mínima que se determine regulamentariamente que cubra os danos e perdas dimanantes do uso da arma ou de calquera outro medio e do exercicio da caza en xeral.
32. Destruír, alterar ou cambiar os sinais indicadores da condición cinexética dun terreo.
33. Alterar os precintos e marcas regulamentarios utilizados para as pezas cobradas ou para instrumentos de caza autorizados.
34. Atribuírse indebidamente a titularidade de terreos sometidos a réxime cinexético especial.
35. Incumprir as condicións dunha autorización especial das previstas no artigo 71 da Lei de caza de Galicia.
36. Non se someter durante o exercicio da caza ás probas para a comprobación da influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga, cando estas sexan requiridas polos membros dos corpos de seguridade.
37. Cazar aproveitando de maquinaria agrícola ou forestal.
38. Negarse á entrega da arma ou doutros medios de caza cando a persoa presuntamente infractora sexa requirida para iso por un ou unha axente da autoridade.
39. Realizar repoboacións cinexéticas sen autorización administrativa ou incumprindo as condicións establecidas nela.
40. Cazar en vedados de caza, onde o exercicio da caza estea expresamente prohibido e sinalizado, sen estar en posesión dunha especial autorización, aínda que non se cobrase ningunha peza.

Infraccións moi graves

1. Usar en terreos cinexéticos sen autorización instrumentos, medios e procedementos de caza prohibidos polo artigo 69.1 da Lei de caza de Galicia.
2. Usar ou portar en terreos cinexéticos sen autorización calquera tipo de bala, cartucho ou proxectil que fose manipulado con posterioridade á súa fabricación, ou balas explosivas.
3. Usar con fins de cazar en terreos cinexéticos gases, substancias velenosas, tranquilizantes, atraentes ou repelentes, ou produtos para crear cheiro e os explosivos.
4. Utilizar calquera medio de transporte para disparar con armas en día, período, lugar ou circunstancias prohibidas.
5. Cazar animais domésticos.
6. Impedir aos axentes da autoridade realizaren as actuacións de investigación do paradiro de pezas de caza ilegalmente cobradas.
7. Cazar especies con aparellos electrocutantes ou paralizantes capaces de matar ou atordar.

8. Cazar con armas ou outras artes autorizadas en terreos con prohibición permanente de cazar, cando existan nos seus accesos sinais ou carteis indicativos de tal condición.
9. Cazar en refuxios de fauna ou naquelas zonas dos espazos naturais protexidos onde o exercicio da caza estea expresamente prohibido e sinalizado sen estar en posesión dunha especial autorización, aínda que non se cobrase ningunha peza.
10. A introdución de especies alóctonas e a manipulación xenética de especies cinexéticas destinadas á súa liberación no medio natural, agás autorización expresa da persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza.
11. Cazar servíndose do lume.
12. Agredir ou ameazar os axentes da autoridade cando se encontren no exercicio das súas funcións.
13. Instalar cercados electricificados con fins cinexéticos.
14. Cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, agás nas esperas nocturnas autorizadas.
15. Incumprir quen sexa titular das explotacións cinexéticas comerciais o establecido no artigo 28 da Lei de caza, no referente ao seguro de responsabilidade civil.
16. Usar ou portar con fins de caza por terreos cinexéticos armas de fogo das prohibidas polo artigo 66 da Lei de caza ou armas con munición non autorizada ou prohibida cuxo uso non estea establecido como infracción específica na Lei de caza de Galicia.
17. Usar os dispositivos auxiliares que se relacionan no artigo 68 da Lei 13/2013, de caza de Galicia.
18. Cazar con armas baixo a influencia de estupefacientes, alcohol, substancias psicotrópicas ou calquera outra droga que poida alterar ou altere sensiblemente as facultades normais do cazador ou a súa capacidade de reacción.

• Sancións

As infraccións administrativas tipificadas nas epígrafes anteriores serán sancionadas:

- a) As infraccións leves, con multa de 60 a 600 euros.
- b) As infraccións graves, con multa de 601 a 6.000 euros.
- c) As infraccións moi graves, con multa de 6.001 a 30.000 euros.

En función da gravidade da infracción, a sanción tamén poderá levar aparellada a suspensión da actividade cinexética ou a inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos.

No caso de infraccións graves, as sancións correspondentes poderán levar aparellada a retirada da licenza de caza e a inhabilitación para obtela durante un prazo dun ano e un día ata cinco anos nos supostos determinados nos números 3, 4, 9, 14, 15, 21, 23, 30, 31, 33, 37 e 38 do artigo 85 da Lei de caza e en todo caso acordarase a retirada da licenza e a inhabilitación para obtela naqueles supostos en que se impoña

a sanción de multa no seu grao máximo. No caso de infraccións moi graves, o prazo poderá ser de cinco anos e un día ata dez anos e neste caso para obter novamente a licenza, a persoa infractora deberá someterse ás mesmas probas de aptitude que resulten necesarias para obtela por primeira vez.

Nos supostos de comisión de infraccións moi graves das establecidas no artigo 86 da Lei de caza, números 7, 11, 12, 13, 14 e 17, por parte de quen teña a titularidade cinexética, a sanción levará unida a suspensión ou anulación da actividade cinexética por un período dun a cinco anos ou a inhabilitación para ser titular de terreos sometidos a réxime cinexético especial dun a cinco anos.

A suspensión poderá consistir na declaración de vedado temporal ou na prohibición temporal para comercializar pezas de caza; a anulación do réxime especial poderá dar lugar a un vedado ou á declaración dun tecor autonómico ou doutra figura que impida a caza indiscriminada das especies cinexéticas existentes.

Serán elementos que se terán en conta para a graduación das sancións:

- a. A intencionalidade.
- b. A transcendencia social, o prexuízo causado aos recursos cinexéticos ou aos hábitats, o prazo de recuperación ou a irreversibilidade dos prexuízos causados aos recursos cinexéticos ou aos hábitats.
- c. A situación de risco creada para as persoas ou os bens.
- d. O ánimo de lucro e o beneficio obtido.
- e. A natureza e volume dos medios ilícitos empregados.
- f. A reincidencia por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme. Se se apreciar esta circunstancia, o importe da multa que corresponda imponse incrementarase nun 50 %.
- g. A agrupación ou organización de persoas para cometer a infracción.

Atendendo as circunstancias específicas do caso, cando a persoa infractora proceda a corrixir a situación creada pola comisión da infracción ou restaure o dano causado durante a tramitación do procedemento sancionador, de forma motivada, poderase determinar a imposición da sanción no seu grao mínimo.

11.04 Comisos de armas, artes e pezas de caza

Antes da iniciación do procedemento sancionador, os axentes da autoridade, ou, se é o caso, o órgano competente para inicialo, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que xulguen necesarias para asegurar a eficacia da resolución que no seu día se dite e que poden consistir en comisos da caza, viva ou morta, incautacións das armas, útiles, instrumentos ou substancias e precintaxe dos vehículos ou embarcacións empregados para a comisión dalgún dos feitos tipificados como infraccións graves no artigo 85 da Lei de caza, puntos 10, 11, 13, 22, 23 e 30, ou moi graves no artigo 86, puntos 1, 2, 3, 7, 8, 9, 11, 14, 16 e 17.

Na resolución do procedemento sancionador, o órgano competente determinará o destino definitivo das armas, útiles, instrumentos, substancias ou outros elementos comisados, que deberá axustarse ás seguintes prescricións:

- a. Cando o seu uso fose declarado como ilícito, serán destruídos e levantarase a correspondente acta.
- b. Cando o seu uso fose declarado lícito, depositaranse na consellaría competente en materia de caza, agás as armas, para dirixilo a algún dos destinos que se fixen na resolución do procedemento: devolución, rescate ou venda en poxa pública.

Ao comisado daráselle algún dos seguintes destinos:

1. As pezas capturadas que se encontren vivas e con posibilidade de seguir vivindo serán postas en liberdade e devoltas ao seu medio natural unha vez adoptadas as medidas necesarias para a súa correcta identificación, se iso for preciso. Ás pezas que estean feridas proporcionaráselles os cuidados necesarios para a súa recuperación.
2. A caza morta útil para o consumo será entregada nun centro benéfico.
3. Os trofeos serán postos á disposición do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza.
4. En todos os casos o axente da autoridade denunciante expedirá recibo do comisado á persoa denunciada, no cal constará o seu destino e posta á disposición da autoridade correspondente.

Retirada e devolución de armas de caza

1. O axente denunciante procederá á retirada das armas e da súa correspondente guía só naqueles casos nos que fosen utilizadas para cometer a presunta infracción, por disparo directo, despois de producir a ferida ou morte de animais non cazables ou disposición de uso en lugar ou tempo non autorizados. En todo caso, darase recibo no que conste a clase, a marca, o número e o posto da Garda Civil onde quedará depositada.
2. O uso ou a tenza durante o exercicio da caza de armas ou medios non autorizados dará lugar á súa retirada polo axente da autoridade denunciante. As armas serán depositadas no posto da Garda Civil máis próximo a onde se producisen os feitos denunciados.
3. A negativa á entrega da arma ou dos medios cando o presunto infractor sexa requirido para iso poderá dar lugar a denuncia ante o xulgado competente para os efectos previstos na lexislación penal.
4. As armas ou os medios retirados, se son de lícita tenza e utilización de acordo con esta lei, serán devoltos por algún dos seguintes procedementos:
 - a. De forma gratuíta, cando o procedemento sancionador incoado non conclúa coa imposición de sanción ningunha.
 - b. Gratuitamente, ou mediante rescate por disposición expresa de quen instrúa o expediente, logo do levantamento das medidas provisionais consonte o establecido no artigo 80.3 da Lei de caza de Galicia e sempre que este non teña pendente de pagamento sancións por infraccións desta lei.
 - c. Cando se fagan efectivas as sancións e indemnizacións impostas nos supostos de infracción grave ou moi grave.

5. Ás armas comisadas non rescatadas daráselles o destino establecido na lexislación do Estado na materia. Os demais medios materiais non rescatados serán alleados ou destruídos.

11.05 O Rexistro Galego de Infractores de Caza

No **Rexistro Galego de Infractores de Caza** inscríbense de oficio, mediante soporte informático, todos os que fosen sancionados por resolución firme en expediente incoado como consecuencia do exercicio da actividade cinexética.

As inscricións e variacións que se produzan nos asentos do rexistro seranlle remitidas ó Rexistro Nacional de Infractores de Caza e Pesca.

11.06 A policía da caza: o coidado e vixilancia da caza

• Os axentes forestais e axentes facultativos medioambientais

Os axentes forestais e os axentes facultativos medioambientais actúan como órganos da Administración autonómica galega no exercicio das funcións de vixilancia e coidado da caza nos montes de Galicia. Deben levar o uniforme e insignia regulamentarios, así como documento acreditativo da súa personalidade e carácter, teñen carácter de axentes da autoridade sempre que se encontren de servizo.

Os axentes forestais e axentes medioambientais da Xunta de Galicia, así como os membros doutros corpos ou institucións da Administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de mantemento da orde pública, son competentes para vixiar o cumprimento da normativa vixente en materia de caza, para denunciar as infraccións do establecido na dita normativa, así como para reter ou ocupar, cando proceda, os medios de caza e as pezas capturadas.

Os axentes da autoridade poden solicitar a exhibición da documentación obrigatoria para o exercicio da caza, así como proceder a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que consideren necesaria para comprobar que as disposicións legais en materia de caza se observan correctamente.

No exercicio das súas funcións teñen prohibido o exercicio da caza.

Calquera cidadán pode solicitar a intervención dos axentes da autoridade cando detecte actuacións prohibidas ou advirta circunstancias perigosas para a fauna silvestre.

Nos procedementos sancionadores que se instrúan como consecuencia de infraccións tipificadas na Lei de caza, as denuncias formuladas polos axentes da autoridade, no exercicio das súas funcións, que presenciasen os feitos gozarán da presunción de veracidade.

• Os gardas de caza

Os terreos cinexéticos sometidos a réxime especial poden dotarse de vixilancia privada para o coidado e control da actividade cinexética. A función de vixilancia pode ser individual ou compartirse entre varios tecores. O dito servizo pode ser propio ou prestado por particulares ou empresas, de acordo co previsto nas normas específicas.

Para acceder á condición de garda de caza débemse cumprir os seguintes requisitos:

- a. Ser maior de idade.
- b. Non ter sufrido sanción por resolución administrativa firme por infracción administrativa grave ou moi grave ou por condena penal por infracción da normativa relacionada coa caza, a pesca fluvial, o patrimonio natural ou a biodiversidade, nos últimos cinco anos.
- c. Superar as probas de aptitude establecidas para o efecto.

Os gardas de caza son nomeados pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza. A condición de garda de caza habilita para realizar nos terreos cinexéticos as seguintes funcións:

- a. Vixilancia da caza e dos seus hábitats.
- b. Colaboración na execución e seguimento dos plans de ordenación e de aproveitamento cinexéticos e, en particular, na práctica da caza selectiva e no control de poboacións.
- c. Cantos outros labores a favor da caza poidan encomendárselle.

O exercicio da súa actividade está restrinxido ao ámbito territorial dos terreos cinexéticos para os que fosen contratados e é incompatible co exercicio da actividade cinexética neles.

Os gardas de caza deben colaborar coas forzas e corpos de seguridade do Estado e cos axentes facultativos medioambientais e axentes forestais de Galicia para o efectivo cumprimento da normativa cinexética dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para exercer as súas funcións deberán estar contratados por quen teña a titularidade cinexética dos terreos citados ou polas súas asociacións ou federacións, sendo necesario poñer en coñecemento da consellaría competente en materia de caza a formalización dos contratos.

O incumprimento das súas funcións producirá a revogación do seu nomeamento, que será acordada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza, en resolución motivada e logo da audiencia da persoa interesada.

Os gardas de caza, no exercicio das súas funcións, deben portar a documentación que os acredite como tales e facer uso do uniforme e distintivos previstos que se determinen regulamentariamente para todo o territorio de Galicia.

De toda incidencia de que teñan coñecemento, relacionada coas súas funcións, que poida resultar de interese para o mellor coñecemento e conservación da natureza, os gardas de caza elevarán un parte a quen sexa titular cinexético do terreo, quen, se é o caso, o poñerá á disposición da Administración competente.

CUESTIONARIO

- **A xornada de caza comeza:**
 - Ás 8.00 horas.
 - Cando hai suficiente visibilidade.
 - Unha hora antes da saída do sol.
- **A xornada de caza remata:**
 - Ás 19:00 horas.
 - Cando non hai visibilidade suficiente.
 - Unha hora despois do ocaso, excepto no caso de modalidades de caza nocturna expresamente autorizadas.
- **Na práctica da caza do raposo na modalidade de batida, cal das municións seguintes non se debe utilizar?**
 - Munición con peso unitario inferior a 2,5 gramos.
 - Munición con peso unitario superior a 2,5 gramos.
 - Perdigón de 2ª.
- **A caza dende embarcacións e vehículos automóbiles en movemento está:**
 - Autorizada nas reservas nacionais de caza.
 - Prohibida.
 - Autorizada en todo tipo de terreos cinexéticos.
- **Levar armas os batedores que actúan como tales nunha montaría é una infracción:**
 - Leve.
 - Menos grave.
 - Moi grave.
- **Cazar sen renovar a licenza é unha infracción:**
 - Leve.
 - Menos grave.
 - Grave.
- **Cazar en liña de retranca é unha infracción:**
 - Menos grave.
 - Grave.
 - Moi grave.
- **Durante canto tempo non se pode cazar nos terreos queimados?**
 - 1 ano.
 - 3 anos.
 - 5 anos.
- **Cal destas armas está prohibida para a práctica da caza?**
 - Automáticas ou semiautomáticas con dous cartuchos no cargador.
 - Rifles do calibre 22.
 - Rifles de ferrollo con mira telescópica.

- ***Cal destes métodos está prohibido? A caza de:***
 - Perdiz con reclamo.
 - Lebres con galgo.
 - Raposo en zapeo.
- ***Cal destas armas é ilegal para a práctica da caza?***
 - Escopeta superposta do calibre 12.
 - Escopeta con cargador para tres cartuchos.
 - Escopeta paralela do calibre 16.
- ***Un cazador pode dispararlle a unha peza de caza cando esta foi levantada ou está sendo perseguida por outro cazador?***
 - Si, dado que as pezas de caza non son de ninguén mentres non se capturen ou abatan mediante o exercicio da caza.
 - Non, dado que a peza de caza é propiedade dos cazadores que a levantaron.
 - Non, mentres dure a persecución da mesma por parte dos cazadores que a levantaron.
- ***Na celebración dunha batida ao xabril, un cazador colocado nun posto ao que chegou no seu vehículo pode empregar o seu vehículo como lugar dende o que pode disparar?***
 - Si sempre que o vehículo non estea en movemento.
 - Non.
 - Depende das condicións meteorolóxicas.
- ***De acordo co establecido no artigo 70 da Lei de caza, está prohibido o exercicio da caza:***
 - En días de escasa visibilidade.
 - En días de choiva intensa.
 - En días de forte vento racheado.
- ***Como clasifica a Lei de caza de Galicia as infraccións?***
 - Leves, graves e moi graves.
 - Leves, menos graves e graves.
 - Leves, menos graves, graves e moi graves.
- ***Cal é a contía das sancións graves?***
 - De 60 a 600 €
 - De 601 a 6.000 €
 - De 6.001 a 30.000 €
- ***Cal é o prazo de prescrición das infraccións graves?***
 - 6 meses.
 - 3 anos.
 - 24 meses.
- ***Cando prescriben as sancións moi graves?***
 - 1 ano.
 - 2 anos.
 - 5 anos.

- **Que sanción correspondería por deixar os cans, en época hábil, vagar sen control por un Tecor?**
 - 30 €
 - 60 €
 - 900 €
- **Que sanción correspondería por cazar empregando fontes luminosas artificiais?**
 - 300 €
 - 900 €
 - 9.000 €
- **Que sanción correspondería por negarse a entregar unha peza de caza que entrou nun Tecor e que foi ferida noutro Tecor?**
 - 490 €
 - 950 €
 - 19.000 €
- **Que sanción correspondería por cazar aproveitándose da existencia dun incendio forestal?**
 - 300 €
 - 2.900 €
 - 29.500 €
- **Que sanción correspondería por cazar sen ter contratado un seguro ou estando este caducado?**
 - 60 €
 - 9.000 €
 - 900 €
- **Que sanción correspondería por cazar en liña de retranca?**
 - 390 €
 - 2.900 €
 - 19.600 €
- **Que sanción correspondería por cazar dende un caballo sen autorización?**
 - 50 €
 - 590 €
 - 5.900 €
- **De acordo co artigo 84 da Lei de caza, constitúe infracción leve cazar:**
 - Co seguro obrigatorio do cazador caducado.
 - Non levando consigo a documentación preceptiva, aínda sendo titular dela.
 - En zonas prohibidas sen autorización.
- **Cal é a distancia máxima que se pode separar o cazador menor de idade maior de dezaseis anos que leva unha arma de fogo do cazador maior de idade encargado da vixilancia do menor?**
 - Os cazadores menores de idade non poden levar armas de fogo.
 - 25 metros.
 - 50 metros.

- ***Ao cabo de canto tempo prescriben as infraccións á Lei de caza cando son leves?***
 - Tres meses.
 - Nove meses.
 - Un ano.
- ***As infraccións graves, ademais de ser sancionadas con multa, poden levar unida a retirada da licenza de caza e a inhabilitación para obtela por un período de :***
 - Seis meses a un ano.
 - Un ano e un día a tres anos.
 - Un ano e un día a cinco anos.
- ***As infraccións moi graves ademais de ser sancionadas con multa e retirada da licenza de caza, sancionaranse con inhabilitación para obter a devandita licenza de:***
 - Un ano e un día a tres anos.
 - Un ano e un día a cinco anos.
 - Cinco anos e un día a dez anos.
- ***Se se aprecia nunha infracción reincidencia ou reiteración nun período dun ano, en que porcentaxe poderá incrementarse o importe da multa?***
 - 25 %.
 - 50 %.
 - 100 %.
- ***Que destino debe dársele á caza morta que é apta para o consumo que foi comisada a raíz dunha infracción á Lei de caza?***
 - A caza morta non pode ser comisada.
 - Entregarase no posto da Garda Civil máis próximo.
 - Será entregada nun centro benéfico.
- ***Quen ten a competencia para impoñer sancións leves segundo a Lei de caza de Galicia?***
 - Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza, nas infraccións cualificadas como graves.
 - Á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza por razón de territorio.
 - Á persoa titular da consellaría competente en materia de caza.
- ***Quen ten a competencia para impoñer sancións graves segundo a Lei de caza de Galicia?***
 - Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza, nas infraccións cualificadas como graves.
 - Á persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza por razón de territorio.
 - Á persoa titular da consellaría competente en materia de caza.

- ***Quen ten a competencia para impoñer sancións moi graves segundo a Lei de caza de Galicia?***
 - O consello da Xunta.
 - Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza, nas infraccións cualificadas como graves.
 - Á persoa titular da consellaría competente en materia de caza.
- ***As sancións previstas na Lei de caza tipificadas como graves prescriben ao cabo de:***
 - Seis meses.
 - Un ano.
 - Tres anos.
- ***Segundo a Lei de caza, non está permitido:***
 - Transportar en vehículos motorizados armas desenfundadas, listas para o seu uso e cargadas.
 - Transportar en vehículos motorizados armas desenfundadas, listas para o seu uso, aínda que non estivesen cargadas.
 - Transportar en vehículos motorizados armas desenfundadas
- ***Respecto a un pombal autorizado cuxa localización estea debidamente sinalizada, queda prohibido dispararlles ás pombas a unha distancia deste inferior a:***
 - 100 metros.
 - 500 metros.
 - 1.000 metros.
- ***Poden utilizarse animais vivos, mortos ou naturalizados como reclamo para a caza?***
 - En ningún caso.
 - Si, pero con autorización expresa.
 - Si, non sendo necesaria ningunha autorización especial.
- ***Segundo a Lei de caza, enténdese por postas aqueles proxectís múltiples cuxo peso sexa igual ou superior a:***
 - 1 gramo.
 - 2,5 gramos.
 - 3 gramos.
- ***Que organismo é o que nomea os gardas de caza?***
 - A persoa titular da dirección xeral competente en materia de caza.
 - A persoa titular do órgano territorial da dirección competente en materia de conservación da natureza por razón de territorio.
 - A persoa titular da consellaría competente en materia de caza.
- ***As armas ou medios non autorizados pola lei de caza que sexan retirados polos axentes denunciante serán depositadas:***
 - Na Subdelegación do Goberno.
 - No posto da Garda Civil máis próximo.
 - Na xefatura territorial da consellaría con competencias en materia de caza.

Transporte, comercialización e consumo das pezas de caza

En Galicia, as especies cinexéticas cazables e que poden comercializarse son:

Pato real	Lebre
Perdiz rubia	Coello
Faisán común	Raposo
Pombo torcaz	Xabaril
Pomba zura ¹	Cervo
Paspallás ¹	Corzo
	Gamo
	Muflón

(1) Só os exemplares procedentes de explotacións industriais

A comercialización, transporte ou posesión de pezas de caza vivas ou mortas debe cumprir as normas sanitarias correspondentes. En particular, as pezas cobradas nas modalidades de caza maior, para poder librar as súas carnes ao comercio, deben someterse aos recoñecementos sanitarios previstos na lexislación específica. En relación co anteriormente exposto, soamente pode ser comercializada a carne de caza que proceda de establecementos expresamente autorizados e controlados sanitariamente (deberán cumprir as condicións sanitarias e de sanidade animal que establece o Real decreto 640/2006, do 26 de maio) e deberase expoñer á venda debidamente marcada e identificada.

No tocante ao transporte e posesión de pezas de caza, podemos diferenciar os seguintes supostos:

Pezas de caza viva

No seu transporte debe acompañarse dunha guía de transporte que será expedida polo veterinario oficial responsable da zona de orixe, e na que se certificará o estado sanitario dos animais.

Pezas de caza morta

Para as especies de caza maior, establécese a obrigatoriedade da marcaxe da peza no momento da súa captura mediante un precinto deseñado para o efecto, que deberá levar durante o transporte, tanto dentro como fóra do monte.



Imaxe de precinto empregado para a marcaxe de pezas de caza maior

Anualmente proporciópanse ao titular do aproveitamento cinexético tantos precintos como número de pezas se autoricen para esa tempada.

Estes precintos están numerados, son de materia plástica e dispoñen dun sistema que non permite a súa apertura una vez pechados (tipo “brida”). Están provistos dun sistema que permite identificar días, meses e anos, así como as características do animal capturado.

Os precintos colocaranse no corpo da peza, de xeito que non poida desprenderse antes do seu despezamento e que poida valer para a súa identificación.

Cando se realiza o despezamento da caza capturada, para realizar o seu transporte é necesario que o guía (nos axesos), o responsable da cazaría (en batidas ou montañas) ou o propio cazador (nas esperas), baixo a súa responsabilidade, expedita unha guía, asinada e datada, para o transporte dos restos das pezas abatidas. É necesario facer unha relación das bolsas ou dos receptáculos de todo tipo nos que se transportan, con expresión aproximada do peso dos restos que se depositan en cada un deles. No caso de que se repartan entre varias persoas, é necesaria unha guía para cada unha delas, cos mesmos requisitos antes sinalados, facendo referencia ao número de precinto asignado á peza de caza capturada.

Consumo de carne de caza

A responsabilidade de garantir que a carne de caza é apta para o seu consumo recae en todos os que interveñen no seu proceso de comercialización.

Debe prestarse especial atención ás condicións sanitarias e de sanidade animal que establece o Real decreto 640/2006, do 26 de maio. Aínda que este texto non se lles aplica ás carnes procedentes da caza e destinadas ao autoconsumo polo cazador, para reducir os posibles riscos, a Administración aconsella sobre o procedemento adecuado para manipular as pezas cobradas e informa sobre a conveniencia de que as súas carnes sexan sometidas a unha inspección veterinaria post mortem, especialmente no referente á triquinose (xabaril).

Se vostede, cazador, decide consumir as pezas cazadas, deberá ser prudente e ter en conta as seguintes normas mínimas de actuación:

1. Un profesional veterinario especializado é quen mellor o poderá aconsellar sobre as recomendacións hixiénico–sanitarias que hai que ter en conta.
2. Ao abater unha peza de caza maior, é importante que o sangrado se efectúe rapidamente.
3. O animal cazado deberá permanecer o menor tempo posible no chan e deberase trasladar nun medio de transporte limpo a un lugar onde poida ser esfolado e eviscerado dun xeito hixiénico.
4. O esfolado e eviscerado realizarase preferiblemente co animal colgado polas patas traseiras, evitando o contacto da carne con superficies sucias e o acceso de insectos e roedores. Utilizaranse utensilios e vestimenta axeitados, lavados e desinfectados convenientemente.

5. É aconsellable non consumir a carne sempre que se observen síntomas ou exista sospeita dalgunha enfermidade.
6. A carne de xabariil deberase someter sempre a unha análise de triquina, levada a cabo por un veterinario.
7. Retíranse do consumo humano e do consumo animal as rachadelas producidas por mordedura de cans e polo uso de munición, así como as zonas adxacentes. Tamén as canais ou partes destas que presenten anomalías na súa consistencia, olor ou cor, así como as partes afectadas por lesións, abscesos e tumores.
8. As pezas de caza non se amontoarán, arrefriaranse o antes posible por debaixo de 7º C, e manteranse a esta temperatura para evitar o crecemento microbiano.
9. As vísceras e os refugallos non comestibles non se deixarán abandonados no campo. Enterraranse de xeito que non poidan acceder a eles outros animais ou levaranse en contedores estancos a lugares onde se poidan tratar convenientemente.
10. Non lles dea nunca as vísceras crúas aos cans, xa que isto contribúe a manter ciclos parasitarios no ámbito familiar e no ambiente en xeral.
11. Cando detecte algunha enfermidade no animal, comuníquello ao servizo provincial de Patrimonio Natural ou á dirección Xeral de Patrimonio Natural.

CUESTIONARIO

- ***Nunha batida realizada nun Tecor cobráronse un total de catro xabaris, a carne destes exemplares vai ser distribuída entre os cazadores que participaron na cazaría, os ditos cazadores para realizar o transporte destes restos deben:***
 - Colocar un precinto a cada bolsa de transporte.
 - Levar unha guía expedida polo responsable da cazaría.
 - Coa autorización para realizar a batida é suficiente.
- ***Cal das seguintes afirmacións é falsa?***
 - En ningún caso as pezas cazadas nun terreo cinxético-deportivo poderán comercializarse.
 - En ningún caso as pezas cazadas nunha explotación cinxética poderán comercializarse.
 - Nas explotacións cinxéticas está permitida a produción de pezas de caza.

Propiedade das pezas de caza

Cando a caza se practica de acordo co establecido na Lei de caza de Galicia, o cazador adquire a propiedade das pezas de caza mediante a ocupación, entendéndose ocupadas as pezas de caza desde o momento da súa morte ou captura.

O cazador que fira unha peza de caza dentro dun terreo onde lle estea permitido cazar ten dereito a cobrala aínda que entre en terreos de titularidade allea, sempre que sexa visible desde o linde, e debe entrar a cobrala coa arma descargada.

Cando o cazador entre en tecores alleos, tratándose de pezas de caza maior, non será necesario o consentimento de quen sexa titular do dereito cinexético do terreo, sempre que aquela dea rastro de sangue e o cazador entre a cobrar a peza coa arma descargada. Cando o terreo alleo estiver cercado ou no caso de que a peza non sexa visible desde o linde, o cazador necesitará autorización de quen sexa titular do dereito cinexético do terreo para entrar a cobrala. Quen se negue a conceder o seu consentimento para o acceso terá a obriga de entregar a peza ferida ou morta, sempre que sexa achada e poida ser aprehendida.

Cando un ou varios cazadores levanten e persigan unha peza de caza, calquera outro cazador deberá absterse, en canto dure a persecución, de abater ou intentar abater a devandita peza. Enténdese que unha peza de caza é perseguida cando o cazador que a levantou, con ou sen axuda de can ou doutros medios, vaia no seu seguimento e teña unha razoable posibilidade de cobrala.

Cando haxa dúbidas respecto da propiedade das pezas de caza, aplicaranse os usos e costumes do lugar. Na falta destes, o dereito de propiedade sobre a peza cobrada corresponderá ao cazador que lle dese morte, se se trata de pezas de caza menor, e ao autor do primeiro sangue, cando se trate de pezas de caza maior.

CUESTIONARIO

- ***Cando un cazador fere unha peza de caza en terreo no que está autorizado para cazar e coa finalidade de cobrala, pode entrar en terreo distinto no que non está autorizado para practicar a caza?***
 - En ningún caso.
 - En todos os casos, sempre que entre só, sen armas nin can.
 - Sempre que a peza sexa visible desde o linde, e debe entrar a cobrala coa arma descargada.
- ***No transcurso dun gancho, se un corzo sae a varios postos e é ferido nun deles e resulta morto e cobrado noutro distinto, a que cazador lle corresponde a peza de caza?***
 - Ao que matou e cobrou o corzo.
 - Ao xefe de cuadrilla.
 - Ao cazador que lle ocasionou o primeiro sangue.
- ***Un cazador dispara sobre unha peza de caza menor e férea dentro dos terreos dun Tecor, pero a peza chega ata un terreo excluído do citado Tecor, onde morre. Se o devandito terreo está cercado, como deberá obrar o cazador para recuperar a peza?***
 - O cazador poderá entrar a pola peza sen necesidade de permiso, sempre que o faga só, sen armas nin can.
 - O cazador poderá entrar a pola peza sen necesidade de permiso, sempre que o faga sen armas nin can, pero non fai falta que o faga só.
 - Necesitará permiso do titular do terreo ou do seu representante para entrar a pola peza, e se se lle nega o permiso pedirá que lla/llela entreguen se fose achada e puidese ser aprehendida.
- ***Durante unha cazaría xorde a dúbida de a quen lle pertence unha peza. O cazador 1 é quen lle deu morte, pero o cazador 2 foi o autor do primeiro sangue. Se se trata dun raposo e non existen usos e costumes no lugar ao respecto, a quen lle pertence a peza?***
 - Ao cazador 1, porque lle deu morte.
 - Ao cazador 2, porque foi o autor do primeiro sangue.
 - Deberana repartir a partes iguais, por tratarse dunha peza de caza maior.
- ***Un cazador dispara sobre unha peza de caza maior e férea dentro dos terreos dun Tecor, pero a peza chega ata un terreo excluído do citado Tecor, onde morre. Se o devandito terreo non está cercado, como deberá obrar o cazador para recuperar a peza?***
 - O cazador poderá entrar a pola peza sen necesidade de permiso.
 - O cazador poderá entrar a pola peza sen necesidade de permiso, sempre que a peza dea rastro de sangue e o cazador entre a cobrar a peza coa arma descargada.
 - Necesitará permiso do titular do terreo ou do seu representante para entrar a pola peza, e se se lle nega o permiso pedirá que lla/llela entreguen se fose achada e puidese ser aprehendida.



Armas e cans de caza

14.01 Armas

Dende o ano 1999, para a obtención do permiso ou licenza de armas de fogo é necesario superar o Exame de armas, de xeito que non se incidirá neste manual sobre aspectos que xa deben ser superados polos novos cazadores no devandito exame.

As armas ou medios para a caza divídense en artes (cepos, lazos, trampas, liga etc.) e armas (escopetas, rifles, arcos, béstas e coitelos). A maior parte da caza deportiva practícase con armas de fogo. As únicas armas de fogo permitidas para a caza son as armas longas de ánima lisa (escopetas) e as longas de ánima raiada fabricadas para a caza maior (rifles), con exclusión das armas de guerra e do calibre 22 americano. As armas de fogo empregadas no exercicio da caza –rifles e escopetas– basean o seu funcionamento na ignición dunha carga de pólvora cuxa enerxía desprendida permite trasladar un ou varios proxectís metálicos a longas distancias e gran velocidade. A carga de pólvora, que vén incorporada xunto cos proxectís en cada un dos cartuchos, explota ao actuar unha peza percutora sobre o fulminante do cartucho cando se tira do gatillo. A explosión prodúcese no interior dun compartimento preparado para aguantar grandes presións denominado recámara, de forma que toda a enerxía se emprega en enviar o/os proxectís a gran velocidade a través dun longo tubo denominado canón. Este tubo ten como función principal estabilizar a traxectoria dos proxectís, o que permite acadar con precisión obxectivos distantes. A carga das armas actuais realízase basculando os canos ou mediante mecanismos que permitan introducir o cartucho na recámara pola parte traseira. Ademais, estas armas adoitan dispoñer de cargadores nos que se poden introducir varios cartuchos, que pasarán directamente á recámara sen necesidade de bascular novamente os canóns. As armas de caza incorporan elementos de puntería no canón destinados a dirixir a arma para o branco que se desexa alcanzar. As armas automáticas son as armas de fogo que se recargan automaticamente e coas que é posible efectuar disparos sucesivos mentres se mantén accionado o disparador. Estas armas están prohibidas para a caza. Dentro das armas de fogo destinadas á caza, realizarase unha primeira división entre armas de ánima lisa e armas de ánima raiada.

• ESCOPETAS

De acordo co Regulamento de armas, son de categoría 3ª.2. e son armas de fogo longas de ánima lisa, é dicir, que o canón é completamente liso no seu interior.

- Tipos de escopetas

- Monotiro: un só canón, sen depósito de municións.
- Paralelas: dous canóns dispostos un ao lado do outro, sen depósito de municións.
- Superpostas: dous canóns dispostos un enriba do outro, sen depósito de municións.

- Semiautomáticas: teñen un só canón e despois de cada disparo recárganse automaticamente. Só é posible efectuar un disparo ao accionar o disparador cada vez, pasando un cartucho do depósito de munición á recámara. Vulgarmente denominábanse “repetidoras”, aínda que non deben confundirse coas que actualmente clasifica o Regulamento de armas como “de repetición”.
- De repetición: recárganse despois de cada disparo, mediante un mecanismo accionado polo tirador que introduce na recámara un cartucho colocado previamente no depósito de munições. Denomínanse vulgarmente “de trombón”.

Actualmente as escopetas semiautomáticas e de repetición soamente poden ter unha capacidade máxima de tres cartuchos, un na recámara e dous no depósito de munições ou cargador.

- Partes dunha escopeta

As partes principais dunha escopeta son:

Culata: parte posterior da escopeta. Nela distínguese a garganta (por onde se empuña), o lombo (onde se apoia o pómulo) e a cantoneira ou talón (onde se apoia o ombreiro). A culata debe estar adaptada ás medidas dos brazos do cazador para un bo encaramento.

Báuscula: é o bloque central, onde se sitúan os mecanismos de disparo e peche. Na parte inferior atópanse os gatillos (ou gatillo) e na superior, o sistema de apertura ou o ferrollo no caso de semiautomáticas, encargado de introducir o cartucho na recámara e de expulsalo unha vez disparado.

Gardamáns: é a parte de madeira situada baixo os canóns que completa o mecanismo de peche e serve para suxeitar a escopeta pola parte dianteira.

Canóns: tubos metálicos por cuxo interior é expulsada a munición no disparo. O interior dos canóns das escopetas é liso. A lonxitude dos canóns varía de 65 a 74 cm, sendo os máis frecuentes de 70 centímetros. Nos canóns atópanse os expulsores ou extractores (agás nas semiautomáticas), que expulsan o cartucho unha vez disparado sen necesidade de accionar ningún mecanismo; a recámara, onde se sitúa o cartucho para ser disparado, con lonxitude suficiente para admitir cartuchos de 65 e 70 milímetros de lonxitude; e o punto de mira, na parte superior ao final do canón. É evidente que as escopetas están fabricadas para que a recámara aguante unha determinada presión de gases, esta presión non debe superarse baixo ningún concepto, xa que pode producirse a explosión da escopeta. Neste sentido hai que ter especial coidado en:

- Non utilizar un cartucho dunha determinada lonxitude nunha recámara de menor lonxitude posto que, en xeral, un cartucho de maior lonxitude ca outro para un mesmo calibre leva unha carga de pólvora maior (máis potencia), o que orixina unha excesiva presión na recámara.
- Non utilizar un cartucho de inferior calibre ao da escopeta.

Os canóns das escopetas adoitan estreitarse cara a boca de saída (choke). O estreitamento serve para concentrar os perdigóns. O maior ou menor estreitamento recoñécese polo número de estrelas que leva a arma marcadas: dende unha estrela, que é o máximo estreitamento –denominado full-choke–, ata 4 estrelas que é o mínimo estreitamento. Ningunha estrela significa que o canón é cilíndrico.

- **Calibre**

O calibre dunha escopeta é o diámetro da ánima do canón, é dicir, o diámetro interior da recámara do canón. Tecnicamente, o calibre nas escopetas refírese ao número de bólas de chumbo dese diámetro que se precisan para completar unha libra de peso. Diferéncianse os seguintes:

Calibre 12: fan falta 12 bólas de chumbo dese diámetro para completar un libra.

Calibre 16: fan falta 16 bólas de chumbo dese diámetro para completar un libra.

Calibre 20: fan falta 20 bólas de chumbo dese diámetro para completar un libra.

Calibre 12 mm: neste caso noméase o calibre polo diámetro interior da recámara.

• **RIFLES**

Segundo o Regulamento de armas pertencen á categoría 2ª.2. as armas de fogo longas raiadas, utilizables para caza maior. Estas responden xeralmente á denominación de rifles, e caracterízanse por ter o interior do canón raiado en espiral, o que lle confire un veloz movemento de xiro ao proxectil e incrementa enormemente a estabilidade da súa traxectoria e alcance.

- **Tipos de rifles**

Os rifles poden ser:

- Rifles de acción normal ou de repetición: teñen un só canón e permiten repetir o tiro mediante un mecanismo que permite o paso dun cartucho do depósito de munições á recámara expulsando o anterior. Poden ser de ferrollo –con movemento xiratorio ou linear– ou de panca.
- Rifles semiautomáticos: teñen un só canón e efectúan un disparo a cada movemento do gatillo e de forma automática expúlsase a vaíña do cartucho disparado da recámara e introdúcese un novo cartucho do depósito de munições. Os rifles semiautomáticos poden conter como máximo tres cartuchos, un na recámara e dous no depósito de munições ou cargador.
- Rifles de báscula: poden ser dun (rifles monotiro) ou de dous canóns paralelos ou superpostos. Precisan ser abertos manualmente mediante unha panca (o mesmo ca as escopetas) para extraer ou expulsar as vaíñas dos cartuchos disparados e introducir outros novos.

- **Calibre**

O calibre dun rifle é o diámetro interior do seu canón e pódese medir en milímetros (nomenclatura europea) ou en milésimas de polgada (nomenclatura americana). A nomenclatura europea nomea os calibres co diámetro do proxectil e a lonxitude do casco, ambos en milímetros, por exemplo 7 x 64 ou 9,3 x 74. O sistema americano nomea os cartuchos co diámetro do proxectil en milésimas de polgada, como, por exemplo, o 270 Winchester, facendo referencia a última palabra á empresa que os deseñou. Ás veces désígnase polo calibre en sistema métrico decimal seguido da palabra Magnum, que é a palabra que caracteriza a cartuchería moderna norteamericana, así o 7 mm Remington Magnum ou, volvendo ás milésimas de polgada, 300 Winchester Magnum.

• OUTRAS ARMAS

Os arcos e béstas tamén se utilizan para a caza. Segundo o Regulamento de armas, os arcos son armas de categoría 7ª.5. e as béstas de categoría 7ª.2. En batidas e montaría é frecuente o emprego dos coitelos para rematar as pezas.

14.02 O can de caza

Para a posesión de cans, tanto que estes se utilicen ou non para cazar, débense cumprir todas as prescricións establecidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Centrándonos no ámbito cinexético, aquela persoa que sexa posuidor dunha manda de cans, definida esta como toda agrupación composta por entre quince e vinte e cinco cans, tal e como se expoñía na sección referente á licenza de caza, debe estar en posesión da licenza de caza tipo C, e debe o seu titular ocuparse da custodia dos cans en todo momento.

Atendendo ao anteriormente exposto, os cans empregados como auxiliares na práctica cinexética en Galicia deben:

- Estar identificados mediante a implantación subcutánea dunha cápsula lexible por medios físicos (microchip homologado). O microchip asignalle ao animal un código de identificación individual que permite diferenciarlo doutro, relacionando a súa propiedade cunha persoa física ou xurídica. Os datos correspondentes á identificación almacénanse nun sistema informático responsable da emisión e control dos códigos de identificación (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos, REGIAC). A base de datos actúa como rexistro de censo e identificación.
- Ter cartilla sanitaria actualizada (vacinación e desparasitación).

Os cans ceibos en vivendas con acceso á vía pública deben estar cercados, de maneira que non poidan alterar ou asustar os viandantes. Nas vías públicas, os cans deben ir provistos de buceira, cadea ou correa e colar con identificación do propietario.

• Infraccións administrativas

As infraccións relacionadas coa Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (Lei 4/2017, do 3 de outubro) clasifícanse en:

Infraccións leves

- a) A venda, doazón ou cesión de animais a menores de dezaseis anos ou a persoas incapacitadas sen autorización de quen teña a súa patria potestade, tutela ou custodia.
- b) O regalo de animais de compañía como recompensa ou premio en eventos ou atraccións públicas.
- c) A exhibición dos animais de compañía destinados á venda en escaparates ou zonas expostas á vía pública ou a modo de reclamo comercial.
- d) Non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas e/ou non someter os animais aos recoñecementos veterinarios precisos.
- e) Manter os animais en instalacións que non reúnan os requisitos previstos no artigo 9.e).

- f) Non facilitar aos animais a alimentación e bebida abundas e axeitadas ás súas necesidades, agás por prescrición veterinaria, salvo que o prexuízo para o animal sexa grave ou moi grave. De se producir un dano para o animal grave ou moi grave, esta conduta cualificarase como un suposto de maltrato tipificado nos artigos 39.a) ou 40.a), segundo as consecuencias que diso deriven.
- g) Exercer a venda de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados.
- h) Transportar animais en condicións inaxeitadas ou en maleteiros que non estean especialmente adaptados, incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais non sufran danos. De se producir danos no animal, esta infracción cualificarase como infracción grave tipificada no artigo 39.j).
- i) A non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública.
- j) Alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal, agás situacións que poidan comprometer o benestar dos animais.
- k) Non adoptar as medidas necesarias para impedir que o animal poida acceder libremente ás vías ou aos espazos públicos ou privados, así como non impedir o libre acceso do animal a outros animais ou o contacto sen permiso con persoas ou cousas, e así mesmo non impedir a entrada do animal en recintos ou lugares non autorizados.
- l) Manter no mesmo recinto ou en vivenda privada máis de cinco animais, incumprindo os requisitos do artigo 21.2.
- m) Non manter actualizados os datos comunicados aos rexistros obrigatorios previstos nesta lei.
- n) Non contar coa formación necesaria para o manexo e a atención dos animais aloxados nos centros de cría, venda e importación de animais.
- ñ) Calquera outra actuación que supoña un incumprimento das obrigas establecidas nesta lei ou vulneración das prohibicións previstas nela e que non estea tipificada como infracción grave ou moi grave.

Infraccións graves

- a) O maltrato aos animais que lles cause dor, sufrimento, lesións ou danos non invalidantes nin irreversibles.
- b) Non proporcionar aos animais os tratamentos necesarios para evitar o seu sufrimento.
- c) A non identificación dos animais, cando esta sexa obrigatoria conforme o previsto nesta lei.
- d) A utilización de calquera mecanismo ou utensilio que, destinado a limitar ou empecer a mobilidade dos animais, lles produza dor, danos, sufrimento, menoscabo ou estrés innecesario, en especial os que lles impidan manter a cabeza na posición natural, agás prescrición veterinaria, ou manter os animais da especie canina atados de forma permanente ou limitarlles os movementos que son necesarios durante a maior parte do día, e o emprego de instru-

mentos ou métodos danifios de suxeición, retención ou educación, como os colares eléctricos que produzan descargas.

- e) Levar animais atados a vehículos a motor en marcha.
- f) Non adoptar as medidas necesarias para evitar a reprodución incontrolada dos animais, consonte o previsto no artigo 21 desta lei.
- g) O abandono dos animais de compañía, nos termos previstos no artigo 4.7 desta lei.
- h) A venda reiterada de animais domésticos fóra dos establecementos legalmente autorizados. Enténdese por venda reiterada o feito dunha persoa ter sido denunciada pola comisión desta infracción ata en dúas ocasións no prazo dun ano.
- i) A venda de animais silvestres mantidos en cativeiro fóra dos establecementos autorizados.
- j) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 10 para os establecementos e no artigo 14 para os eventos con animais de compañía, excepto o establecido como infracción moi grave no artigo 40.c) seguinte, e o transporte inaxeitado de animais de compañía incumprindo as obrigas previstas no artigo 11 desta lei, sempre que os animais sufran danos.
- k) A utilización dos animais en traballos que os inmovilicen causándolles dor.
- l) A venda de animais enfermos ou con defectos coñecidos pola parte vendedora, agás o disposto no artigo 40.d).
- m) A cría con fins comerciais ou a comercialización de animais sen cumprir os requisitos previstos no artigo 13 desta lei.
- n) A recollida de animais vagabundos ou extraviados sen a correspondente autorización, agás os supostos previstos no artigo 22.6.
- ñ) A cesión en adopción de animais abandonados sen cumprir os requisitos establecidos nesta lei.
- o) Ser titular dun establecemento dos previstos no artigo 10 sen posuír as autorizacións administrativas previstas nel.
- p) Non ter subscrito o seguro de responsabilidade civil no suposto previsto no artigo 17 desta lei.
- q) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polas autoridades competentes, ou os seus axentes, co fin de cumprir as funcións establecidas nesta lei, así como a subministración intencionada de información inexacta ou de documentación falsa.
- r) Empregar animais para desempeñar traballos contravindo o establecido no artigo 9.f), utilízalos como reclamo na mendicidade ou en calquera outra actividade ambulante, ou o seu uso en atraccións feirais e outras asimilables, agás autorización da autoridade competente.
- s) A comisión dunha infracción administrativa leve cando no prazo dun ano o suxeito fose sancionado por unha ou máis infraccións leves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

Infraccións moi graves

- a) O maltrato aos animais que lles cause a morte ou lles provoque lesións ou danos invalidantes ou irreversibles.

- b) A manipulación da identificación dos animais de compañía en todos os supostos.
- c) A organización e realización de pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento.
- d) A venda de animais con doenza infecto-contaxiosa coñecida pola parte vendedora.
- e) A mutilación dos animais sen prescrición e control veterinario e mais a esterilización e intervención cirúrxica de animais non efectuadas por unha ou un profesional veterinario.
- f) A subministración de estimulantes non autorizados ou de substancias que poidan atentar contra a saúde dos animais de compañía, agás prescrición veterinaria.
- g) A contravención da orde de inmovilización dos animais acordada polas autoridades competentes.
- h) A obstaculización do cumprimento das medidas provisionais.
- i) Educar os animais de forma agresiva, estresante ou violenta, así como instigalos ou prepararlos para pelexas ou ataques nos termos sinalados no artigo 9.p) desta lei.
- j) Non tomar as medidas necesarias para evitar que os animais causen danos á saúde pública ou animal ou á seguridade pública.
- k) Disparar intencionadamente contra os animais, agás nos supostos establecidos no artigo 15.
- l) A práctica da eutanasia dos animais vulnerando o disposto no artigo 15 desta lei.
- m) O emprego e a tenza de animais de especies silvestres nos circos.
- n) A comisión dunha infracción administrativa grave cando no prazo dun ano o mesmo suxeito fose sancionado pola comisión dunha ou varias infraccións graves e a resolución ou as resolucións sancionadoras resultasen firmes na vía administrativa.

• Sancións

As infraccións administrativas tipificadas nas epígrafes anteriores serán sancionadas:

- a. As infraccións leves, con multa de 100 a 500 euros.
- b. As infraccións graves, con multa de 501 a 5.000 euros.
- c. As infraccións moi graves, con multa de 5.001 a 30.000 euros.

• POSESIÓN DE CANS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

De acordo co establecido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, considéranse cans potencialmente perigosos aqueles nos que concorran calquera das seguintes condicións:

- a) Cans que polas súas características raciais poidan ser aptos para o adestramento para a garda e defensa, e en concreto os cans pertencentes ás seguintes razas: american stafforshire terrier, pit bull terrier, bullmastif, dobermann, dogo arxentino, dogo de Bordeos, dogo do Tíbet, fila brasileiro, mastín napolitano, presa canario, presa mallorquín (ca de bou), rottweiler, bull terrier,

staffordshire bull terrier, tosa inu e akita inu, e mais as restantes razas que poidan determinarse na normativa estatal sobre animais potencialmente perigosos de obrigado cumprimento.

Tamén serán considerados potencialmente perigosos os cruzamentos en primeira xeración destas razas ou os cruzamentos destas razas con outras.

- b) Cans que foron adestrados para a garda e defensa.
- c) Cans que tiveron algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas, ou aqueles que manifesten un carácter marcadamente agresivo. Nestes casos, a potencial perigosidade deberá ser apreciada pola autoridade competente municipal, de oficio ou despois de notificación ou denuncia, atendendo criterios obxectivos e logo do informe dunha ou dun profesional veterinario designado para o efecto.

Se os cans empregados no exercicio da caza teñen a consideración de “potencialmente perigosos”, o seu dono:

1. Debe obter unha licenza administrativa outorgada polo concello correspondente, que debe ser renovada cada cinco anos.
2. Debe inscribirse no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos correspondente.
3. Debe subscribir un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 120.000 €.
4. Debe considerar que si o can agride a persoas ou outros animais causándolles feridas de mordedura será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dunha veterinaria ou dun veterinario en exercicio libre da profesión en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario ou a veterinaria responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de doenza infecto-contaxiosa, que comunicará ás autoridades competentes en sanidade animal no caso de sospeita.

Para obter a licenza administrativa á que se fai referencia no punto 1 anterior, o posuidor debe reunir os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e non estar incapacitado para proporcionarlle os coidados necesarios ao animal.
- Non ser condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de posesión de animais potencialmente perigosos.
- Certificado de aptitude psicolóxica.
- Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, pola contía mínima anteriormente expresada (120.000 €).
- Presentar unha memoria descritiva das instalacións e das medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais.

O posuidor dun can ou doutro animal utilizado na caza está suxeito ás normas sobre medidas hixienico-sanitarias xerais e ás ordenanzas municipais ditadas ao respecto,

así como ao previsto na normativa para a protección dos animais domésticos. O dono dun can é responsable das molestias, danos e prexuízos que o animal poida producirilles ás persoas, animais, cousas, espazos públicos e ao medio natural en xeral.

• **Infraccións administrativas**

As infraccións relacionadas coa posesión de animais potencialmente perigosos (Lei 50/1999, do 23 de decembro) clasifícanse en:

Infraccións leves

Considéranse como infraccións leves as non tipificadas como graves ou moi graves.

Infraccións graves

1. Deixar solto un animal potencialmente perigoso ou non adoptar as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou perda.
2. Incumprir a obriga de identificar o animal.
3. Omitir a inscrición no rexistro.
4. Estar o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen bozo ou non suxeito con cadea.
5. O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 da lei.
6. A negativa ou resistencia a subministrar datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, de acordo co cumprimento de funcións establecidas na lei, así como a subministración de información inexacta ou de documentación falsa.

Infraccións moi graves

1. Abandonar un animal potencialmente perigoso, de calquera especie e calquera can, entendéndose por animal abandonado tanto aquel que vaia preceptivamente identificado como os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de persoa ningunha.
2. Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.
3. Venderlle ou transmitirle por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.
4. Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.
5. Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.
6. A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.

• **Sancións**

As infraccións administrativas tipificadas nas epígrafes anteriores serán sancionadas:

- a. As infraccións leves, con multa de 150,25 a 300,51 euros.
- b. As infraccións graves, con multa de 300,52 a 2.404,05 euros.
- c. As infraccións moi graves, con multa de 2.404,06 a 15.025,30 euros.

CUESTIONARIO

- ***Cantos cartuchos pode conter no seu cargador, como máximo, unha escopeta de caza?***
 - Un.
 - Dous.
 - Tres.
- ***As mandas de cans deben:***
 - Constituírse como núcleos zoolóxicos.
 - Precisan licencia especial para o seu emprego no exercicio da caza.
 - Non precisan ningún tipo de autorización.
- ***Os cans empregados no exercicio da caza deben estar identificados?***
 - Non.
 - Si.
 - Unicamente aqueles que pertencen ás razas consideradas como potencialmente perigosas.
- ***De cantos cans consta unha manda de cans?***
 - 10 a 20.
 - 15 a 25.
 - 25 a 35.
- ***Segundo a Lei de caza de Galicia, cal das seguintes armas se pode utilizar para a práctica da caza?***
 - Pistolas de aire ou outros gases comprimidos.
 - Armas semiautomáticas dotadas de silenciador.
 - Armas longas raiadas.
- ***A identificación dos cans empregados no exercicio da caza debe facerse mediante:***
 - Implantación subcutánea dunha cápsula lexible por medios físicos.
 - Tatuaxe do código de identificación na orella do animal.
 - Chapa metálica no colar do can, na que figure o código de identificación.
- ***Que tempo debe estar en observación un can que agrediu a alguén?***
 - 7 días.
 - 15 días.
 - 30 días.
- ***Cal destas características non faría que un can fose clasificado como potencialmente perigoso?***
 - Cans que foron adestrados para a garda e defensa .
 - A súa capacidade para arrastrar á persoa que o conduce.
 - O seu carácter agresivo.

- ***Que organismo é o responsable de outorgar a licenza para ter un animal potencialmente perigoso?***
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - O concello onde reside o solicitante.
- ***Con que nome se coñece o rexistro central de animais potencialmente perigosos de Galicia?***
 - Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e de Animais Potencialmente Perigosos.
 - Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.
 - Rexistro Galego de Animais de Compañía Potencialmente Perigosos.
- ***En que organismo se debe inscribir a transmisión dun animal potencialmente perigoso?***
 - Na consellería de Medio Rural.
 - Na consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - No concello.
- ***Considéranse mandas de cans:***
 - Agrupación composta de entre dez e quince cans.
 - Agrupación composta de entre quince e vintecinco cans.
 - Agrupación de mais de 15 cans.
- ***Cal destas circunstancias está prohibida en relación cos cans?***
 - Estar soltos en fincas sen cercar.
 - Camiñar polas rúas sen bozo.
 - Todas.
- ***Cal das seguintes razas de cans non está considerada potencialmente perigosa en Galicia?***
 - Presa Canario.
 - Presa Manchego.
 - Mastín Napolitano.
- ***Que infracción comete quen abandona un can potencialmente perigoso?***
 - Leve.
 - Grave.
 - Moi grave.
- ***Que infracción comete quen non vacina o seu can cando é obrigatorio?***
 - Leve.
 - Grave.
 - Moi grave.

- **Que infracción comete o que transporta os cans de caza nun remolque de aluminio?**
 - Leve.
 - Grave.
 - Ningunha.
- **Que infracción constitúe ter un can sen censar no concello?**
 - Leve.
 - Grave.
 - Moi grave.
- **Que infracción comete o que adestra animais potencialmente perigosos sen certificado de capacitación?**
 - Leve.
 - Grave.
 - Moi grave.
- **Que infracción comete o que lle vende un animal potencialmente perigoso a quen non teña licenza?**
 - Menos grave.
 - Grave.
 - Moi grave.
- **Que infracción comete o que non rexistra un can potencialmente perigoso?**
 - Leve.
 - Menos grave.
 - Grave.
- **Que infracción comete o que ten un can potencialmente perigoso nun lugar público sen bozo?**
 - Leve.
 - Grave.
 - Moi grave.
- **Que sanción se lle pode impoñer a quen non lle poña o microchip a un can potencialmente perigoso?**
 - 400 €
 - 2.500 €
 - 5.000 €
- **Que sanción se lles pode impoñer aos que participan en pelexas de cans potencialmente perigosos?**
 - 1.500 €
 - 2.000 €
 - 5.000 €

Outros aspectos de interese

15.01 Autorizacións especiais

Para practicar a caza mediante procedementos especiais, para realizar determinadas actuacións relacionadas co aproveitamento ou manexo das poboacións cinexéticas, débese posuír a correspondente autorización. A continuación en función do organismo ao que lle corresponde a súa expedición, reflíctense os diferentes tipos de actuacións que requiren de autorización.

- **Correspóndelle á consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**
 - Establecer as medidas que se deben adoitar para o control das posibles enfermidades das especies cinexéticas que se poidan presentar.
 - Nomear os membros da Xunta de Homologación de Trofeos de Caza.
 - Autorizar o emprego de medios prohibidos.
 - Declaración de zona de seguridade.
- **Correspóndelle á dirección xeral de Patrimonio Natural**
 - Expedir autorización para cazar en zonas de exclusión.
 - Expedir autorización para cazar aves prexudiciais para a agricultura e a caza.
 - Expedir autorizacións especiais, permitindo deixar sen efecto as prohibicións establecidas no artigo 70 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
 - Nomear as entidades colaboradoras.
 - Nomear aos gardas de caza.
 - Autorizar competicións de caza, cando o ámbito sexa superior á provincia.
- **Correspóndelles ás xefaturas territoriais da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**
 - Expedir autorización para realizar o control da caza existente en vedados ou terreos cercados en caso de necesidade.
 - Autorizar a xestión de vedados de caza.
 - Autorizar controis de poboación o caza en terreos non cinexéticos.
 - Declarar unha comarca como de urxencia cinexética temporal.
 - Autorizar soltas de especies cinexéticas.
 - Autorizar a caza en zonas de seguridade.
 - Autorizar competicións de caza, cando o ámbito é a provincia.
 - Autorizar a caza con outros fins.
 - Autorizar o adestramento de cans atrelados en terreos de réxime cinexético común.

- Condicionar ou prohibir a caza en terreos agrícolas e montes reforestados.
 - Autorizar o adestramento de cans e aves de cetraría con fins de competición.
 - Autorización de medios e métodos prohibidos.
 - Expedir autorización para realizar o control da caza que ocasiona danos en vedados, terreos cercados e en terreos de réxime cinexético común cando os danos sexan xeneralizados.
- **Correspóndelles aos servizos provincias de Patrimonio Natural**
 - Expedir autorización para realizar montarías, batidas, axesos e tiradas de acuáticas.
 - Autorizar medidas de control por danos.
 - **Correspóndelles aos concellos**
 - Determinar, mediante sorteo público entre os cazadores que o soliciten, aqueles que participarán nas cazarías autorizadas para o control da caza existente nos terreos sometidos a réxime cinexético común, dándolles prioridade aos propietarios dos bens afectados.

15.02 Procedemento administrativo sancionador

Para que se lle poida esixir responsabilidade a un administrado, é preciso que exista, antes de que se cometesen os feitos que son perseguidos, unha disposición, con rango de lei, que os declarase contrarios a dereito e, polo tanto, perseguibles, e de ningún modo se pode perseguir unha mesma conduta ilícita por vía penal e por vía administrativa.

O presunto responsable ten os dereitos recollidos no artigo 53 da Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, (Lei 39/2015, do 1 de outubro).

O procedemento sancionador consta de tres fases:

- **Fase preliminar de actuacións previas.** Comeza coa noticia de que se produciu unha infracción administrativa e termina coa resolución administrativa de iniciación do procedemento.
- **Fase de instrución.** Comprende esta fase actuacións tanto de instrución (investigación dos feitos) como de alegacións e de proba. Comeza coa notificación ao inculpado do acordo de inicio do procedemento e termina cando se lle remite ao órgano de decisión a proposta do órgano instructor.
- **Fase de decisión.** Nela resólvese a contenda xurídica entre a Administración e o administrado.

INICIACIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

O procedemento sancionador iníciase sempre de oficio, por acordo do órgano competente, que pode vir motivado por propia iniciativa, por orde dun superior, por moción razoada doutro órgano administrativo ou por denuncia. Non se admiten, polo tanto, as denuncias anónimas.

O acordo de iniciación ten que conter:

- A identificación da persoa ou das persoas que poidan resultar responsables.
- Os feitos que motivan a incoación do expediente sancionador.
- Cualificación xurídica da infracción posta.
- As sancións que poidan corresponderlle ao imputado.
- Determinación dos órganos instructor e o que decide.
- Indicación da admisibilidade e efectos do recoñecemento voluntario de responsabilidade por parte do suxeito pasivo.
- Medidas voluntarias que poidan adoptarse.
- Indicación do dereito a formular alegacións e de audiencia.

No acordo debe facerse figurar o dereito dos interesados a formular alegacións, á audiencia e aos prazos en que deben exercer ese dereito.

INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Unha vez recibida a notificación do acordo de iniciación, o inculpado dispón de 15 días para efectuar as primeiras alegacións, antes de que o instructor inicie as súas actuacións. Esta fase termina unha vez que o instructor remita a súa proposta de resolución, xunto con todo o actuado, ao órgano que decide.

RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

A resolución do procedemento sancionador haberá de ditarse, agás que se acorden actuacións complementarias, no prazo de 10 días dende que se recibe o expediente do órgano instructor.

CUESTIONARIO

- ***Quen autoriza o control da caza existente en vedados ou terreos cercados en caso de necesidade?***
 - O servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - A xefatura territorial consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
- ***Quen autoriza o control da caza existente nos terreos sometidos a réxime cinexético común?***
 - O servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Para a realización de montarías, batidas, axotamentos e tiradas de acuáticas, é necesario:***
 - Contar coa autorización do servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - Que a zona a cazar teña máis de 500 has.
 - Que non interveñan máis de dúas mandas de cans.
- ***Que organismo nomea as entidades colaboradoras?***
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- ***Quen determinará os cazadores que participarán nas cazarías autorizadas para o control da caza existente nos terreos sometidos a réxime cinexético común?***
 - O servizo provincial de Patrimonio Natural.
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - O concello onde se atopen os terreos.
- ***Quen pode declarar unha comarca como de urxencia cinexética temporal?***
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A dirección xeral de Patrimonio Natural.
 - A consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

- ***Quen nomea os membros da Comisión de Homologación de Trofeos de Caza?***
 - O Consello da Xunta.
 - A persoa titular da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.
- ***Se xorde unha enfermidade nova nun Tecor, quen poderá establecer as medidas que cómpre adoitar para o seu control?***
 - A xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A persoa titular da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
 - A persoa titular da dirección xeral de Patrimonio Natural.
- ***Cal destas disposicións é a que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora?***
 - Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.
 - Decreto 1398/1993, de 4 de agosto.
 - Decreto 1397/1993, de 4 de agosto.
- ***Cal destes requisitos ten que cumprirse para poder sancionar?***
 - Infracción consumada.
 - Infracción recollida nunha lei.
 - Todas.
- ***Cal dos datos seguintes non é necesario indicar na iniciación do procedemento sancionador?***
 - A identificación do Axente que formulou a denuncia.
 - A identificación do denunciado ou presunto infractor.
 - O órgano competente para a resolución do expediente.
- ***A quen dos seguintes non é necesario comunicarlle o inicio do procedemento sancionador?***
 - Ao Instrutor.
 - Ao órgano competente para a resolución.
 - Ao presunto infractor.
- ***Que dato non é imprescindible indicarlle ao presunto infractor na iniciación do procedemento sancionador?***
 - O recurso ou recursos que pode empregar.
 - O feito que se lle imputa.
 - O prazo para presentar alegacións.
- ***Quen formula a proposta de resolución?***
 - O órgano que ordenou a iniciación do procedemento sancionador.
 - O Instrutor.
 - O órgano responsable de resolver.

- ***Cal é o prazo para presentar alegacións contra a proposta de resolución dun expediente sancionador?***
 - 15 días.
 - 20 días.
 - 1 mes.
- ***Cal é o prazo máximo que ten o órgano competente para resolver dende que recibe a proposta de resolución?***
 - 10 días.
 - 15 días.
 - 1 mes.
- ***De cantas fases consta o procedemento sancionador?***
 - Dunha única fase na que se resolve o procedemento.
 - De tres fases, unha de iniciación, outra de instrución e outra de resolución.
 - De dúas fase unha de instrución e outra de resolución.
- ***Unha vez comunicado ao inculpado o acordo de inicio do procedemento sancionador, este ten dereito:***
 - A coñecer o estado de tramitación do seu expediente sancionador.
 - Dereito a obter copias dos documentos contidos no expediente.
 - As dúas respostas anteriores son válidas.
- ***Unha mesma conduta infractora pode:***
 - Ser perseguida en vía penal e administrativa simultaneamente.
 - Non pode ser sancionada en vía penal e administrativa.
 - Unicamente pode ser sancionada en vía administrativa.
- ***Nun procedemento sancionador, pode a mesma unidade administrativa asumir a competencia instrutora e resolutoria:***
 - Nunca.
 - Sempre.
 - Depende do grado da infracción administrativa cometida.
- ***Pode iniciarse un procedemento sancionador mediante unha denuncia anónima?***
 - Si.
 - Non.
 - Soamente cando se trate dunha falta grave.



Anátidas: familia de aves que comprende os cisnes, ánsares e ánades.

Apeonar: correr polo chan; aplicado a aves e especialmente á perdiz.

Berrea: período de celo do cervo, caracterizado polos potentes bramidos dos machos.

Borra: capa de pelos, densa e rizada, que cobre a pel dos mamíferos en xeral, actuando de illante térmico por debaixo do pelo longo.

Bóvidos: familia de mamíferos que inclúe o rebezo, cabra, muflón e arruí.

Capirote: porción superior da cabeza dun animal. En aves coñécese tamén como píleo.

Carúncula: excrecencia carnosa ou córnea que presentan algunhas aves en diversas partes da cabeza: órbitas, peteiro ou fronte.

Cecotrofia: proceso polo cal determinados animais consomen os seus excrementos. Desta forma, coellos e lebres conseguen dixerir a celulosa dos vexetais, ao pasar dúas veces o mesmo alimento polo tubo dixestivo.

Cérvidos: familia de mamíferos que inclúe o cervo, corzo e gamo.

Correal: pel ou “veludo” que se desprende das cornas dos cérvidos cando se fregan contra a vexetación.

Crina: liña dorsal de pelos erguidos presente nalgúns ungulados e carnívoros, normalmente visible en machos adultos en celo.

Corna: hasta caediza dos machos dos cérvidos. Renóvase anualmente.

Corno: hasta permanente que presentan os bóvidos. Medra ao longo de toda a vida do animal.

Chamanise: ave ou figura dela que se emprega como reclamo ou atraente para cazar a outras.

Esmouca: corna desprendida da cabeza dun cérvido.

Espelette: rectángulo colorido que exhiben as ás das anátidas, correspondente ao deseño das plumas secundarias.

Hábitat: lugar de condicións apropiadas para que viva un organismo, especie ou conxunto de animais ou plantas.

Invernada: refírese ás poboacións de aves procedentes doutras latitudes (do norte) que pasan o inverno en zonas máis cálidas. Os cuarteis de invernada son as zonas onde as poboacións dunha especie se localizan no inverno.

Invernante: especies ou poboacións presentes nunha zona só durante a época de inverno.

Librea: sinónimo de plumaxe ou pelaxe.

Mancada: muda particular das anátidas nas que renovan completamente e de maneira simultánea a súa plumaxe. Durante este tempo, os individuos perden temporalmente a capacidade de voar. Acontece ao final de verán, logo da cría.

Medróns: cada un dos segmentos nos que se divide o corno dunha cabra montesa, rebezo ou muflón, correspondente a un anel de crecemento anual.

Migración: proceso polo cal determinadas especies ou poboacións cambian estacionalmente de residencia.

Monogamia: proceso de apareamento polo cal un macho non se aparea máis ca cunha soa femia.

Nidícola: tipo de polos de determinadas especies de aves que permanecen no niño durante un período de tempo máis ou menos dilatado antes de abandonalo.

Nidífugo: tipo de polos de determinadas especies de aves que abandonan o niño nada máis producirse o nacemento ou eclosión.

Nomádico: comportamento caracterizado pola irregularidade do movemento do animal, que alterna curtos períodos de querenza a unha zona con desprazamentos de entidade variable.

Palustres: especies ligadas a zonas húmidas.

Pato mergullador: ánade que se alimenta mergullado baixo a auga.

Pato de superficie: ánade que se alimenta na auga mergullando só cabeza e pescozo, en típica posición vertical.

Pincel peneano: guedella de pelos que exhiben os machos dalgúns mamíferos á altura do órgano copulador.

Pivote: apófise do óso frontal dos cérvidos sobre a que se desenvolven as cornas.

Popa: denomínase así a porción traseira (caudal) dun pato.

Poligamia: proceso polo cal un macho se aparea con varias femias ou unha femia con varios machos.

Primarias: conxunto de plumas remeiras máis longas situadas no terzo exterior da á.

Rémixes: plumas longas da á. Termo colectivo para as primarias e secundarias. Son o principal plano de sustentación da ave en voo. Denomínanse tamén remeiras.

Rémixes primarias: ocupan o terzo externo da á.

Rémixes secundarias: ocupan a zona media da á.

Rémixes terciarias: ocupan a zona máis interna e próxima ao corpo da á.

Sedas: pelos longos e fortes que posúe o xabaril.



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



XUNTA
DE GALICIA